Escola Superior Gallaecia

Mestrado Integrado en Arquitectura e Urbanismo

# A transformación da arquitectura doméstica en Vilar de Donas



**Divina Pérez Viña**

Marzo-2013

Escola Superior Gallaecia

Mestrado Integrado en Arquitectura e Urbanismo

# A transformación da arquitectura doméstica

# en Vilar de Donas

Divina Pérez Viña

Orientadora: Profesora Doutora Ligia Nunes

Marzo-2013

**Agradecementos**

Quixera agradecer a todas as persoas que participaron o longo desta investigación, sexa compartindo os seus coñecementos, recomendando lecturas, emprestando libros, indicando fontes de información, termando do metro, lendo e opinando sobre este traballo ou simplemente dando o seu apoio moral. A todas esas persoas as que chamei a súa porta e me dispensaron o que puideron.

Agradezo a miña orientadora a Dra. Ligia Nunes que me encamiñara o longo deste traballo, dando ánimo, compartindo o seu saber de maneira moi xenerosa e incentivándome neste proceso.

De maneira moi especial, agradezo a todos os veciños de Vilar de Donas por abrirme literalmente as portas das súas casas e compartir comigo os seus recordos, as súas experiencias que de modo moi xeneroso me recibiron nas súas casas todas as veces que precisei. Sen a súa colaboración este traballo non sería posible.

Tamén quero agradecer os meus pais o seu apoio e paciencia non so neste traballo, senón en todo o proceso dende que comezou a miña aventura no mundo da arquitectura.

A todos eles, simplemente:

¡ GRACIAS!

**Resumo**

A arquitectura rural galega desde os anos 60 sufriu grandes transformacións debido a implantación de novos modelos con influencias doutros lugares traídas polos emigrantes. Novos materias, técnicas construtivas industriais e un acelerado proceso de industrialización do campo, afectará a unha transcendental crise dos valores tradicionais o que se plasmara nunha deterioración do patrimonio vernáculo. Estes cambios afectaran o entorno da casa.

Propóñense uns obxectivos coa finalidade de establecer as características da arquitectura doméstica actual e dos elementos disonantes para establecer uns principios que contribúan para a rehabilitación. Procúrase identificar os procesos de transformación que afectan a casa rural da aldea de Vilar de Donas dende os seus inicios ata a actualidade. Paralelamente, analizase a lóxica de formación, evolución histórica e transformación da propia aldea.

O tipo de investigación é un caso de estudio que comprende o conxunto de 14 casas pertencentes a aldea de Vilar de Donas. A metodoloxía realizase en catro fases: a planificación, a recollida e análise de datos, o tratamento dos datos e sistematización.

Esta investigación estruturase en cinco partes: introdución, revisión da literatura, análise de contido, sistematización dos datos obtidos e conclusión.

Este estudo pretende constituír unha aportación o coñecemento dos principais actores causantes da problemática actual e contén os elementos necesarios para identificar os elementos disonantes na arquitectura doméstica, imprescindibles para futuras intervencións que combatan o desequilibrio existente na arquitectura rural e no seu entorno. Especificamente, pretendese que a principal contribución desta investigación sexa a realización duns principios que permitan inverter o proceso de descaracterización da aldea.

**Resumen**

La arquitectura rural gallega ha sufrido grandes transformaciones, a partir de los años 60, producidas por una rápida implantación de nuevos modelos ajenos traídos por los emigrantes de los lugares en los que estuvieron destinados. Nuevos materiales, técnicas constructivas industriales y un acelerado proceso de industrialización del campo afectará a la transcendental crisis de los valores tradicionales plasmándose en la deterioración del patrimonio vernáculo. Estos cambios también damnificaran el entorno de la casa.

Se proponen unos objetivos con la finalidad de identificar las características de la arquitectura doméstica actual y definir los elementos disonantes para establecer unos principios que contribuyan a la rehabilitación. Se procura determinar los procesos de transformación que afecten a la casa rural de la aldea de Vilar de Donas desde sus inicios hasta la actualidad. Paralelamente, se analiza la lógica de formación, la evolución histórica y la transformación de la propia aldea.

El tipo de investigación es un caso de estudio que comprende el conjunto de 14 viviendas pertenecientes a la aldea de Vilar de Donas. La metodología se realiza en cuatro fases: la planificación, la recogida y análisis de los datos, el tratamiento de los datos y la sistematización.

Este trabajo se estructura en cinco partes: la introducción, la revisión de la literatura, el análisis del contenido, la sistematización de los datos y la conclusión.

Este estudio pretende constituir una aportación para el conocimiento de los principales actores causantes de la problemática actual y contiene los elementos necesarios para identificar los elementos disonantes en la arquitectura domestica, imprescindibles para la realización de futuras intervenciones que puedan combatir el desequilibrio existente en la arquitectura rural y su entorno. Específicamente, se pretende que la principal contribución de esta investigación sea la realización de unos principios que permitan invertir el proceso de descaracterización.

**Resumo**

A arquitetura rural galega a partir dendê os anos 60 sofreu grandes transformações causadas pela implementação de novos modelos com influências de outros lugares trazidas pelos imigrantes. Novos materiais, técnicas construtivas industriais e um acelerado processo de industrialização do campo, afetará uma transcendental crise dos valores tradicionais que se traduzir numa deterioração do património vernáculo. Estas mudanças se refletiram no ambiente da casa.

O trabalho tem como objetivo estabelecer as características da arquitetura doméstica atual e respetivos elementos dissonantes para estabelecer princípios que contribuam para a sua reabilitação. Procura-se identificar os processos de transformação que afetam a casa rural da aldeia de Vilar de Donas desde o seu início até os nossos dias. Paralelamente, analisa-se a lógica de formação, evolução histórica e transformação da própria aldeia.

O tipo de pesquisa é um caso de estudo que abarca uma amostra de 14 casas pertencentes a aldeia de Vilar de Donas. A metodologia compreende quatro fases: o planeamento, a recolha e análise de dados, o tratamento dos dados e sua sistematização.

Esta pesquisa estrutura-se em cinco partes: introdução, revisão da literatura, análise de conteúdo, sistematização dos dados obtidos e conclusão.

Este estudo pretende constituir uma contribuição para o conhecimento das principais causas provocadoras da problemática atual e contém os elementos necessários para identificar os elementos dissonantes na arquitetura doméstica, imprescindíveis para futuras intervenções que combatam o desequilíbrio existente na arquitetura rural e na sua envolvente. Especificamente, pretende-se que a principal contribuição desta investigação seja a definição de alguns princípios que permitam inverter o processo de descaracterização da aldeã.

**Astract**

Since the 60s, the Galician rural architecture has suffered major transformations due to the introduction of new models with foreign influences brought by immigrants. New materials, industrial construction techniques and the accelerated process of industrialization of the countryside will later originated a transcendental crisis of traditional values that manifested itself in a deterioration of the vernacular heritage. These changes affected the domestic environment.

The objective is to identify the characteristics of the current domestic architecture and the dissonant elements to establish principles that contribute to the village rehabilitation. One to the goals is to identify the transformation processes that affect rural houses in Vilar de Donas from its beginnings to the nowadays. At the same time, the logic of origin, historical evolution and transformation of the village are analyzed.

This research is a case study that includes a set of 14 houses belonging to the village of Vilar de Donas. The methodology is performed in four phases: planning, data collection and analysis, data processing and systematization.

This study is structured in five parts: introduction, literature review, content analysis, systematization of the data obtained and conclusions.

This research intends to be a contribution to the knowledge of the key causes to the current difficulties and contains the necessary elements to identify the dissonant elements in domestic architecture, trying to tackle the imbalance in rural architecture and its surroundings in future interventions. Fundamental, the main contribution of research is to write in is the definition of some principles to reverse the process of mischaracterization village.

## Índice


| | |
|---|---|
| **Agradecementos** | 5 |
| **Resumo** | 7 |
| **Resumen** | 9 |
| **Resumo** | 11 |
| **Abstract** | 13 |
| **Capitulo 1. Introdución** | 19 |
| 1.1. Obxecto de estudio | 22 |
| 1.2. Estado do arte | 23 |
| 1.3. Obxectivos | 26 |
| 1.4. Metodoloxía | 27 |
| 1.5. Estrutura do traballo | 31 |
| **Capitulo 2. Revisión da literatura** | 33 |
| 2.1. Conceptos e terminoloxía | 35 |
| 2.2. Características da arquitectura popular | 38 |
| 2.3. A arquitectura contemporánea | 40 |
| 2.4. Definición da terminoloxía usada neste traballo | 41 |
| **Capitulo 3. A historia de Vilar de Donas** | 43 |
| 3.1. Os inicios, formación e evolución do mosteiro de Vilar de Donas | 45 |
| 3.2. Vilar de Donas no século XVIII | 55 |
| 3.3. Vilar de Donas no século XIX | 58 |
| 3.4. Vilar de Donas no século XX | 60 |
| **Capitulo 4. O medio físico de Vilar de Donas** | 63 |
| 4.1. Localización e medio natural de Palas de Rei e de Vilar de Donas | 65 |
| 4.2. O relevo de Vilar de Donas | 70 |
| 4.3. As comunicación de Vilar de Donas | 73 |
| 4.4. O medio humano de Vilar de Donas | 74 |
| **Capítulo 5. Morfoloxía do hábitat rural** | 77 |
| 5.1. A morfoloxía da parroquia | 79 |
| 5.3. A morfoloxía da aldea | 83 |
| 5.5 A morfoloxía da parroquia de Vilar de Donas e da aldea de Vilar de Donas | 90 |
| **Capitulo 6. A emigración** | 91 |
| 6.1. A emigración en Galicia (2ª metade do s. XIX – 1930) | 93 |
| 6.2. A emigración en Vilar de Donas (metade do s. XIX – 1930) | 94 |
| 6.3. A emigración en Galicia (1950 – 1973) | 95 |
| 6.4. A emigración en Vilar de Donas (1950 – 1973) | 96 |

**Capitulo 7. Evolución histórica da casa rural galega** 97
7.1. A evolución histórica da casa rural en Galicia 99
7.2. A casa contemporánea 107
7.3. A evolución histórica da casa rural en Vilar de Donas 121
**Capitulo 8 – A evolución do crecemento morfolóxico de Vilar de Donas** 135
8.1. A evolución morfolóxica da parroquia de Vilar de Donas 137
8.2. A evolución do crecemento morfolóxico da aldea de Vilar de Donas 143
8.3. O espazo público en Vilar de Donas 154
8.4. As relación familiares e o crecemento morfolóxico de Vilar de Donas 156
**Capitulo 9 – Análise individual** 159
9.1. Ficha XVII.01. Casa do Cura 169
9.2. Ficha XVIII.02. Casa do Vilar 175
9.3. Ficha XVIII.03. Casa Balbina 181
9.4. Ficha XIX.04. Casa Fernandez - Paredes 187
9.5. Ficha XIX.05. Casa Caseta 193
9.6. Ficha XIX.06. Casa do Sastre 199
9.7. Ficha XIX.07. Casa A Capela 205
9.8. Ficha XX.08. Casa Elvira 211
9.9. Ficha XX.09. Casa de Jesús de Pancho 217
9.10. Ficha XX.10. Casa de Jaime 223
9.11. Ficha XX.11. Casa Pepe de Vilar 229
9.12. Ficha XX.12. Casa Venezuela 235
9.13. Ficha XX.13. Casa de Manolo 241
9.14. Ficha XX.14. Villa Astur 247
**Capitulo 10 – Análise comparativo** 245
10. 1. Análise do numero de pisos 248
10.2. Análise funcional nas casas de Vilar de Donas 251
10.2.1. Espazos privados 255
10.2.2. Espazos comúns 259
10.2.3. Espazos para a circulación 263
10.2.3. Espazos para o almacenaxe 267
10.2.4. Espazos para o aseo 271
10.3. Análise da orientación solar 275
10.4. Análise de ocupación de usos por vivenda 279
10.5. Análise do sistema construtivo 283
10.6. Análise dos elementos construtivos 287
10.6.1. Elementos verticais 289

10.6.2. Coberturas 298

10.6.3. Elementos horizontais 303

10.6.4. Carpinterías exteriores 305

10.6.5. Elementos saíntes das fachadas 307

10.7. Análise dos materiais 311

10.8. Elementos disonantes 323

**Capitulo 11 - Sistematización** 329

**Capitulo 12 – Conclusións** 353

363

**Glosario**

**Bibliografía** 377

**Índice de Imaxes** 387

**Siglas** 399

**Anexos** 403

Ficha de observación

A Igrexa de Vilar de Donas

**Introdución**

A partir dos anos 60, a arquitectura vernácula sufrirá unha serie de transformacións que rematarán por mudar completamente a paisaxe galega. A arquitectura popular mudaba a pasos tan lentos que semellaba estanca no tempo, pero este situación varia co chamado "desarrollismo" que experimenta toda a xeografía galega, desta década. Vanse producir unha serie de transformacións e intromisión de outras arquitecturas cunha velocidade fugaz en todo o territorio. As transformación que sufre a casa afectan o seu contorno. Por unha banda, este proceso puxo en marcha un proceso de deterioración do patrimonio vernáculo, sexa por abandono ou por adulteración destas construccións. Por outra banda, a intromisión de outros modelos alleos de maneira descontrolada e espontánea remata provocando contrastes e tensións nas aldeas e lugares. Este mesmo fenómeno, non é exclusivo do rural senón que tamén se produce nas vilas e nas cidades, namentres o longo de este traballo centrarémonos no caso do espazo rural. Tampouco é exclusivamente rexional, senón que en maior ou menor medida prodúcese de modo global e levou a Unesco a referilo na Carta de Cuba de 1998 *"o impacto da vida moderna destrúe formas vernáculas, rompe todo principio de integración e desarticula os centros urbanos, os barrios, as aldea e os poboados. O perderse as raíces extravíanse para sempre os valores que lle deron orixe, producíndose o cambio a unha arquitectura allea a todo contexto histórico, cultural e natural".*

As aldeas son as "células mínimas" onde se aprecia esta problemática, e así é como trataremos estas transformacións nas casas coa pretensión de que se entendan as razóns polas que se intervén de determinadas formas sobre o patrimonio vernáculo, como estas intervencións van cambiando no tempo, para axudar os profesionais e non profesionais a concienciar da importancia deste patrimonio, das posibilidades que este ten, e das formas de actuar.

Nas aldeas vaise configurando un novo tipo de vernáculo, que nun futuro haberá que adaptalo as necesidades das sociedades actuais, ou porque empezará a deteriorarse. Sendo neste punto onde o labor dos arquitectos pódese ser relevante para integrar este novo vernáculo dentro da paisaxe cunha convivencia mais controlada e mais harmónica con respecto o vernáculo tradicional. Pretendese con este traballo contribuír a crear unha maior conciencia da realidade existente, onde se asuman os desequilibrios existentes entre ambos vernáculos para empezar a propor solucións máis adecuadas coa finalidade de que

as diferenzas actuais se consigan integrar dentro do territorio de unha maneira mais equilibrada e mais respectuosa para co medio.

### 1.1. Obxecto de estudo

O obxecto de estudo de esta disertación é a aldea de Vilar de Donas, localizada na parroquia que leva o mesmo nome, pertencente ao concello lugués de Palas de Rei.

Esta pequena aldea de orixe medieval, moi próximo ao Camiño Francés de Santiago, co que ten unha profunda relación dende os inicios das peregrinacións, sendo aquí o lugar de residencia dos Cabaleiros da Orden de Santiago que protexían os peregrinos (Ferrer citado por Novo Cazón, 2008, p.103).



Fig.1. Fotografía aérea da aldea de Vilar de Donas

Fonte: Ortofotomapas. 2009. SITGA

## 1.2. Estado do arte

*Unha nave de gardar bicicletas é unha construcción; a catedral de Lincoln é unha obra de arquitectura. Case todo o que encerra espazo e unha escala suficiente para permitir que un home se mova nel é unha construcción; o termo arquitectura aplicase exclusivamente a edificios proxectados co propósito de suscitar unha emoción estética.* (Pevsner (1969) citado por Gil Albarracín, 1992, p.23); definicións coma esta excluían a arquitectura popular nesta categoría sendo tratada coma unha construcción. A pesar de que décadas anteriores, nos anos 30 en España, un pequeno grupo de arquitectos interesouse pola arquitectura popular, como: Fernandez-Shaw fundador da revista "Cortijos y Rascacielos"; Torres Balbás (1933), García Mercandal (1930) ou varios números da revista de arquitectura "Actividade Contemporánea" (1931-1937) fundada polo grupo GATEPAC. Rexionalmente, o labor de investigadores e maxistrados dos homes do Seminario de Estudos Galegos, creado en 1923, entre eles Otero Pedrayo, Vicente Risco, Bouza Brey, Xaquín Lorenzo, Taboada Chivite ou Antonio Fraguas sentaron as bases da arquitectura popular galega mediante traballos etnográficos materializados en rigorosas monografías comarcais. Pero o tema paulatinamente quedou durmido o longo de case medio século. (Caamaño Suarez, 2006.b, p.122).

Este espertar produciuse nos anos 60, coa exposición no Museo de Arte Moderna de Nova York sobre a arquitectura popular o redor do mundo por parte de Rudofsky, conxuntamente cos arquitectos Gropius, Belluschi, Sert, Neutra, Ponti e Kenzo Tange, baixo o nome arquitectura sen arquitectos, nesta exposición os hórreos galegos e as arcadas de Caldas de Reis manifestaban a presenza da arquitectura popular galega.

A partir de esta data o interese pola arquitectura popular comeza a ser cada vez maior, con un profundo debate entre os estudosos do tema respecto a terminoloxía. Onde, aparecen referidos a arquitectura non proxectada os seguintes termos: vernácula, popular, arquitectura sen arquitectos, anónima, primitiva, indíxena, autóctona, espontánea, rural, rústica, agraria, tradicional, doméstica ou folclórica. Os matices dentro cada termo, leva a non encontrar un termo global que defina este tipo de arquitectura e cada autor usa un ou outro segundo a óptica abordaba na súa investigación.

Sendo o termo vernácula o mais usado internacionalmente, e popular ou tradicional o mais usado no ámbito nacional.

Paulo Oliver resume as características da arquitectura vernácula (1969, p.29) como: primitivista, historicista, funcionalista, tecnolóxica, formalista, estrutural, organizativa, inspiracional e derivativa. Seguidores de esta corrente de pensamento son autores: Flores López (1979), Del Llano Cabado (1981), Gil (1998), Ponga Mayo & Rodriguez Rodriguez (2000), Benito Martín (2003) e Caamaño Suarez (2006).

As transformación producidas a partir dos anos 50-60 en Galicia levan que o modelo de autarquía, que ata entón sobrevivira, a súa completa desaparición. Estas mudanzas inflúen agudamente nas casas populares, coa introdución de novos materiais industrializados e técnicas construtivas que adulteran estas arquitecturas.

Os inmigrantes retornados traen consigo modelos alleos, Lizancos Mora (2003, p.67) refire "*na nova casa que o retornado levanta na súa aldea natal ten lugar unha reestruturación (…) co obxectivo de modificar unhas condicións que agora se consideran obsoletas*". Este mesmo autor di que a arquitectura vernácula galega revélanos que o momento actual podemos consideralo de inflexión, ruptura e tensión, igualmente a outros anteriores o longo da historia. Sen dúbida, as influencias externas xeran cambios de vida e desexos de aparencia que influíron definitivamente no aspecto formal das construccións populares. (Fulín Moreno, 1990, p.616).

Produto destas alteracións nas vivendas populares e a introdución de novas vivendas con formatos completamente diferentes no territorio, empeza a nacer o concepto de *feísmo* asociado a estas transformacións. O *feísmo*, que aparentemente se identifica coa estética, encerra un significado mais amplo referido a degradación arquitectónica, urbanística, das paisaxes e do territorio. (Caamaño Suarez, 2006.b, p.203).

Independentemente, como asevera Oliver as vivendas sobreviven durante xeracións, cambian de mans, son vendidas, reocupadas, remodeladas e adaptadas, a súa supervivencia ata a actualidade é un rexistro de un estilo de vida e das sociedades en cambio. (1990, p.10).

A transformación da arquitectura popular ata os tempos recentes producíanse dunha maneira tan lenta o longo do tempo que parece inminente atribuírlle un cualificación de inmutable. Cando estes cambios comezan a producirse levan a moitos autores a excluír estas novas arquitecturas como vernácula ou á adxectivalas como feísmos.

Pola contra, outros autores teñen outra visión a cerca da arquitectura popular, como comenta Fulín Moreno "… *a arquitectura popular sigue aí, e prodúcese cada día. Hai iso si, uns importantes cambios de aparencia, porque a Historia deu un salto cuantitativo e cualitativo, apoiado na revolución industrial"* (1990, p.614). Estudos mais recentes, comezan a preocuparse por esta situación onde os atributos da arquitectura vernácula deben ser re-calibrados para reflectir estes cambios, xa que a cultura e a tradición son menos arraigadas o lugar e máis baseadas na información. (AlSayad en Asquith & Vellinga, 2006, p.xvii).

Realmente para comprender estes fenómenos habería que estudar cada caso individualmente a través do tempo, como Fernández Alba (1990, p.25) afirma: "*Inventariar as transicións de estas arquitecturas presentase como un traballo de investigación importante, isto permítenos descubrir os seus orixes e mutacións, sería o punto de partida para entender o proceso evolutivo e comprender cómo a evidencia do tempo e una parámetro esencial para poder entender a forma da arquitectura como resultado de una práctica construtiva."*

Tendo en conta que o estudo da transformación da arquitectura popular é un tema pouco tratado, xorde neste punto a inquietude que nos leva a estudar a transformación da arquitectura vernácula nunha aldea lucense.

## 1.3. Obxectivos

Para conseguir un resultado satisfatorio do estudio da transformación da arquitectura doméstica en Vilar de Donas marcáronse uns obxectivos que  pretenden contribuír para o coñecemento das características da aldea de Vilar de Donas, analizando a lóxica de formación, a evolución histórica e as transformacións habidas ata o momento presente.

Procurase coñecer as características actuais das casas existentes a través da identificación dos procesos de transformación que afectan a casa rural da aldea de Vilar de Donas dende os seus inicios.

Perséguese  a definición dalgúns principios que establezan unhas recomendacións para inverter o proceso de descaracterización da aldea. Ca meta de constituír a uniformización do hábitat construído do espazo rural de forma a mitigar o desequilibrio actual, marcáronse os seguintes obxectivos:

- **Identificar a evolución do crecemento morfolóxico da aldea**.

- **Indicar os procesos da transformación da arquitectura doméstica da aldea de Vilar de Donas**.

- **Identificar as características e os elementos disonantes das casas de Vilar de Donas**

- **Establecer uns principios que contribúan para a rehabilitación de esta aldea**.

### 1.4. Metodoloxía

O tipo de investigación que se realizara neste traballo é un caso de estudio que Yin define coma "*unha investigación empírica que estuda un fenómeno contemporáneo dentro do seu contexto da vida real, especialmente cando os limites entre o fenómeno e o seu contexto non son claramente evidentes. (…) Unha investigación de estudo de caso trata con éxito unha situación teoricamente distintiva na cal hai moitas más variables de interese que datos observables; e, como resultado basease en múltiples fontes de evidencia, con datos que deben converxer nun estilo de triangulación; e, tamén como resultado, beneficiase do desenrolo previo de proposicións teóricas que guían a recolección e o análise de datos*" (1994, p.13).

O obxecto é un conxunto de catorce casas, asentadas na aldea de Vilar de Donas, dito conxunto comprende a totalidade da aldea. O marco temporal de estudo é dende os inicios da aldea no século XII ata a actualidade, centrándonos maiormente nos últimos séculos (XX-XXI). A metodoloxía aplicada vira a responder os obxectivos e guiara o proceso da investigación.

O criterio de selección desta aldea corresponde:

2. En primeiro lugar, era fundamental que a aldea estivera habitada e que nela se mesturasen casas vernáculas tradicionais con casas vernáculas contemporáneas, para entender o funcionamento de cada unha de elas, e para percibir as semellanzas e diferenzas entre elas;
3. En segundo lugar, era preciso que tivese un numero de vivendas considerable para poder extraer datos pero ó mesmo tempo que a mostra, non fose excesivamente extensa que imposibilitara desenrolar este traballo dentro do marco da disertación
4. En terceiro lugar, a localización xeografía da aldea nunha área xeográfica limítrofe entre a tipoloxía vernácula das serras coa tipoloxía vernácula das agras, abre a porta para unha definición da arquitectura vernácula local, dentro do marco da arquitectura vernácula galega;
5. En cuarto lugar, a existencia do mosteiro na aldea permitíanos dar algunhas referencias a cerca das casas vernáculas, en cuestión de datación ou de transformación das vivendas, anterior aos anos 50, pero no inicio do traballo era mais un anhelo que unha realidade;

6. Finalmente, a proximidade ao lugar foi outro factor a ter en conta debido a necesidade de acceso a tódalas vivendas dunha aldea para o desenrolo do traballo.

A investigación realizarase en catro etapas:

1. A planificación.
2. Recollida e análises dos datos.
3. Tratamento dos datos.
4. Sistematización.

**1. A planificación**

En primeiro lugar, realizase unha revisión da literatura da cal extraemos unhas pautas ou categorías que nos guían para o seguimento da información. Tras este proceso defínense as fontes documentais e as técnicas de recollida de información se utilizan o longo de este traballo.

1. Técnicas de recollida de información

1.1. As fontes documentais. Usaranse fontes documentais de natureza escrita e non escrita.

1.1.1. As fontes documentais escritas:

- Documentos oficiais públicos:

  *Cartografía a escala 1/5000 proporcionada polo concello de Palas de Rei;*
  *Catastro urbano e rústico de Vilar de Donas dos anos 70 do Arquivo Histórico Provincial de Lugo;*
  *Catastro del Marqués de Ensenada ano 1753 do Arquivo Histórico Provincial de Lugo;*
  *Libro de visitas de 1753 do Fondo do Real Convento de San Marcos de León, Priorado da Orden de Santiago.*

  *Ortofotomapas do SITGA (Instituto de Estudos do Territorio).*

  *Mapas de pendentes do SITGA*

  *Mapas de Usos do Solo do SITGA.*

- Documentos non oficiais: *libros, revistas e documentos pertencentes aos veciños do lugar de carácter privado, tales como herdanzas, preitos ou renovación de foros.*

- Fontes estatísticas: *datos de poboación e vivenda do Instituto Nacional de Estadistica, nomenclator do INE, datos do catastro do Marqués de Ensenada.*

1.1.2. As fontes non escritas:

- Os obxectos e vestixios materiais: o conxunto das construccións da aldea de Vilar de Donas formado polas casas, as construcións adxectivas, o patrimonio relixioso, os camiños, a estrada e o mobiliario.
- Fontes orais non rexistradas: testemuños dos veciños do lugar.
- Fotografías de carácter privado.
- Deseños, pinturas ou esbozos.

1.2. A observación: Realízase mediante a construcción dunha retícula tipo con categorías pre-definidas, creadas polo autor, coa finalidade de que sirva de soporte para a análise de contido (ver anexo).

1.3. Entrevista: Realízanse entrevistas informais con cuestión non estruturadas coa finalidade de recoller información. A elección deste método é debido o perfil de informadores os que está dirixido, xa que en tódolos casos son as persoas que habitan na aldea. Polo que se opta, por definir unhas cuestións que se van introducindo a modo de dialogo nunha conversa, para evitar que resulte moi pesado para o informante. Podendo aparecer outras cuestións no transcurso da entrevista non previstas, en función das informacións xeradas durante a entrevista. Os indicadores para realizar as cuestións serán dados en función do análise documental, das fotografías e dos datos recollidos na ficha de observación.

1.4. Fotografía das casas do lugar (conxuntos arquitectónicos, perspectivas)

1.5. Notas de campo recollida na aldea de Vilar de Donas, no Arquivo Histórico Provincial de Lugo e no Arquivo Diocesano de León.

**2. Recollida e análises dos datos.**

A maior parte da recollida de información realizase na aldea de Vilar de Donas, empezando por facer un levantamento dos vestixios existentes, facendo as entrevistas, fotografías e consulta dos documentos privados pertinentes. A outra parte corresponde a recollida de datos documentais diferentes arquivos e dos documentos privados pertencentes as familias do lugar.

A partir, do levantamento analízanse os datos obtidos.

**3. Tratamento da información mediante o análise de contido**.

O primeiro proceso de tratamento da información é a datación das casas para establecer o orixe da aldea e de cada unha das casas, noutras palabras unha reconstrución histórica do lugar. Neste proceso utilízanse os datos recollidos e mediante un cruzamento dos datos obtemos os resultados. Seguindo este método obtemos respostas as cales responden o primeiro obxectivo e simultaneamente a parte do segundo.

**4. Interpretación e sistematización dos datos.**

A interpretación farase mediante a creación de unha ficha tipo, onde se incluirán deseños, táboas, descricións, fotografías. Estas fichas seguiran unha orden secuencial segundo a data de construcción das vivendas dende o século XVII ata actualidade. Esta ficha divide en tres partes. A primeira descríbense as características mais xenéricas da casa coma os aspectos de implantación, os aspectos espaciais e o resume histórico. A segunda parte corresponde con os deseños da casa, plantas, cortes, alzados e uns esquemas que representan a evolución da casa. A terceira parte esta formada polos aspectos construtivos, os materiais, os elementos disonantes e fotografías de cada casa. Estas fichas serán a base para a realización do análise comparativo.

Do análise comparativo extraeranse os datos para a interpretación e a triangulación que respondera o segundo obxectivo e será a base para a creación de un documento de contribúa para a rehabilitación da aldea.

**1.5. Estrutura**

A disertación asentou a súa estrutura conceptual en doce capítulos, que conxugados, permitan consolidar o coñecemento a cerca da transformación da arquitectura popular en Vilar de Donas. Esta estrutura permite unha identificación das partes e a su correlación como fío condutor e obxectivos pretendidos con o estudio en cuestión. Cada un dos capítulos ven a responder a un guión referencial preestablecido que podemos agrupar en 5 partes:

Os agradecementos, os resumes e o índice aparecen anteriormente o desenrolo do traballo.

**Primeira parte:** Corresponde coa introdución onde se efectúa unha breve exposición da problemática do traballo, identifícanse os obxectivos propostos, componse o estado de arte, exponse a metodoloxía aplicada e definise a estrutura do traballo.

**Segunda parte:** Esta parte ten importantes aportacións teóricas que contextualizan a proposta. Vanse tratar os principais temas sobre os que se asenta o desenvolvemento do traballo, estes temas  seran divididos en seis capitulos, seguindo en cada un deles o criterio que parte do xeral cara o particular:

Capitulo 2. Revisión da literatura. Defínense os conceptos e terminoloxías da arquitectura vernácula e explícanse como se iran a usar o longo do traballo.

Capitulo 3. A historia de Vilar de Donas. Neste capitulo describirase a historia da aldea dende os seus inicios, centrándose na súa transformación no tempo e nos seus elementos singulares no sentido de coñecer o desenvolvemento da aldea.

Capitulo 4. O medio físico. Este capitulo ven responder a localización da aldea na parroquia e no concello dentro do marco da comunidade galega, ademais explicaranse as características físicas, climatolóxicas, orográficas, as comunicación e o medio humano coa finalidade de coñecer o entorno no que se asenta esta aldea e como interfiran no dos asentamentos.

Capítulo 5. Morfoloxía do hábitat rural. Expoñeranse as transformacións sufridas nos últimos anos da parroquia e a aldea galega e como estes cambios afectan a parroquia de Vilar de Donas e a aldea de Vilar de Donas.

Capitulo 6. A emigración. Descríbese as diferentes etapas emigratorias que se desenrolan en Galicia e como afecta o impacto da emigración en Vilar de Donas.

Capitulo 7. Evolución histórica da casa rural galega. Faise unha descrición da evolución da casa galega o longo do tempo, centrándose especialmente nas transformacións e nos cambios sufridos nos últimos 60 anos. Posteriormente, por analoxía realizase o mesmo procedemento para a aldea de Vilar de Donas.

**Terceira parte –** Nesta parte centrarémonos no caso de estudio, no cal se terán en conta por analoxía a contextualización teórica referente a arquitectura vernácula galega, coa finalidade de extraer datos: sendo o caso de estudo a aldea de Vilar de Donas desglosandose en tres capítulos:

Capitulo 8 – A evolución do crecemento morfolóxico de Vilar de Donas. Especificase a transformación morfolóxica en Vilar de Donas dende o século XVIII.

Capitulo 10 – Análise individual. Realizase unha ficha tipo onde se recolle e sistematiza todo a información correspondente a cada unha das casas.

Capitulo 11 – Análise comparativo realizado a partir do cruzamento dos datos das fichas, que serven de guión para a realización de análises formais, análises de funcionais, análises de implantación, construtivas, tanto de sistemas construtivos coma de elementos construtivos, igualmente que análises dos materiais e dos elementos disonantes.

**Cuarta parte –** Capitulo 12. Responde a triangulación dos datos dos capítulos anteriores, faise unha tipificación das caracteristicas e os elementos disonantes das construccións que sirven de base para a elaboración de uns principios que contribúan a rehabilitación da aldea.

**Quinta parte –** Esta parte corresponde o capitulo 13, onde se trazan as reflexións finais sobre a investigación e se presentan as conclusións.

Finalmente, inclúese un glosario, onde se explican os termos usados o longo da investigación, a bibliografía, as fontes documentais, índice de imaxes e as siglas utilizadas.

# Capitulo 2. Revisión da literatura

## 2.1. Conceptos e terminoloxía.

Existe unha pluralidade terminolóxica e unha gran variedade de conceptos aplicados a este tipo de arquitectura que imos tratar. Debido a que cada termo, en cuestións xerais referise a conceptos equivalentes, en cuestións de matices existen diferenzas considerables de uns con respecto aos outros.

O ICOMOS define na Carta de Cuba de 1998 **a arquitectura vernácula** *"como un produto espontáneo que simboliza e cristaliza a idea que ten do mundo o grupo que a produciu. Os elementos que a definen, son precisamente a súa manufactura (sen intervencións de profesionais) e o que as estruturas, formas e materiais empregados estean determinados polo clima, a xeografía, a xeoloxía, a economía e a cultura local, así como o que presenta gran integración con o contexto e o paisaxe que o rodea, mantendo plenamente a súa identidade. A arquitectura vernácula encontrase illada o ben en forma de conxuntos nos centros históricos en poboados urbanos e rurais".*

O termo vernáculo é aplicado para as linguas, dise daquelas indíxenas ou nativas, procedentes de unha casa ou un país, e que, é usado polo pobo que o habita. Polo que podemos deducir que "vernácula" fai referencia o lugar, con carácter xeral, estando ligado coa identidade, non sendo especificamente arquitectónico. Sen dúbida, garda unha intensa relación co popular, sen embargo formulase o problema da asimilación e integración na mesma arquitectura de elementos procedentes de outras culturas (Gil Albarracín, 1992, p.22) (Benito Martín, 2003, p.19). Paul Oliver fai una reflexión sobre este tema indicando que o discurso permanece aberto, a cerca de si a arquitectura vernácula é aquela que foi introducida ou aprendida de outro país alleo, ou se é aquela indíxena dun país (1969, p.11).

**A arquitectura autóctona** vinculase de modo directo co lugar, co "locus", relacionándose co concepto de identidade e de diversidade. (Benito Martín, 2003, p.19).

O termo **arquitectura tradicional** alude o modo en cómo se xera este tipo de arquitectura, o seu modo de formación, o modo como uns materiais son extraídos, normalmente do entorno natural, e as técnicas construtivas adquiridas por procesos evolutivos endóxenos ou por prestamos culturais, e dicir, mediante a tradición e o coñecemento directo (Benito Martín, 2003, p.19) (Agudo Torrijo & Santiago Gala, 2006, p.22).

A chamada **arquitectura popular** fai referencia o orixe e a base social de este tipo de construción, en oposición a arquitectura culta, formal ou estilística. Por referencia ao seu orixe non proxectado tamén se usan os termos **arquitectura anónima ou arquitectura sen arquitectos**.

A arquitectura popular é aquela feita polo pobo, defínese o pobo como o conxunto de persoas que viven nun lugar determinado e teñen en común a lingua, as tradicións ou as institucións. Pero o pobo tamén *construíu igrexas, palacios, etc.. sen embargo non se consideran estas realizacións como arquitectura popular* (Elías Pastor& Moncosí de Borbón, 1978, p.13).

Fulín Moreno fai unha diferenciación entre arquitectura popular e cultura construtiva, especificando que a **arquitectura popular** é aquela que carece de arquitectos, que usa linguaxes primarios e simples que lle proporcionan os elementos industriais básicos, nun intento de aforro de esforzos na busca de unha mellor economía. Sendo a **cultura construtiva** a depuración secular do modo de facer, con unhas constantes tanto no tipo de materiais como nas costumes e formas de vida, que crean unhas determinadas necesidades espazo-funcionais (1990, pp.611-612).

**A arquitectura rural ou rústica** esta formada polo conxunto de todas as edificacións levantadas no campo, sexa para usos campestres ou para vivenda (García Mercandal, 1981, p.11). O uso de este termo, exclúe aquelas manifestacións da cultura tradicional que se desenrolan en núcleos urbanos. Pero segundo Flores, a arquitectura popular en España distínguese por un marcado carácter rural, inclusive ata épocas moi recentes as cidades importantes caracterízanse polo carácter rural, *"xa que a cidade como medio absoluto e completamente urbano supón, en termos xerais, unha exclusiva creación do nos tempo"* (1979, p.3).

Finalmente **a arquitectura doméstica** define un gran parte de estas manifestacións, pero exclúe todas aquelas construción relacionadas coas construcións utilitarias ou construtivas, que tamén se enmarcan neste campo. (Benito Martín, 2003, p.19).

A definición más ampla de este tipo de arquitectura é feita por Caamaño Suárez que di que **a arquitectura popular** *ven ser toda intervención feita polo home sobre o medio rural co obxecto de modificalo, para que tendo en conta as súas demandas de carácter funcional, socioeconómico e cultural, se logren con esa modificación as mellores condicións para a vida humana. Por iso á hora de acomete-lo estudo da arquitectura popular (…) parece*

*axeitado facelo contemplando apartados que se interesan pola ocupación e organización do territorio cos asentamentos humanos, as construción que os artillan (camiños, valados, pontes..), as edificación da casa-vivenda coas variantes tipolóxicas que poida presentar segundo a localización xeográfica, as construcións adxectivas ou complementarias (hórreos, muíños, fornos, alpendres, palleiras, pozos) e as industrias de carácter artesanal (ferrerías, telleiras, oleiros), todo isto enmarcado nos medios físico e humano* (2006, pp. 23-24).

## 2.2. Características da arquitectura popular

As bases da arquitectura popular española son sentadas por Carlos Flores en *La arquitectura popular española (1979)* e Feduchi con *Itinerarios de arquitectura popular española (1974).* Seguidor de estes mesmos principios e De Llano que coa súa tese doutoral *A arquitectura popular en Galicia (1981)* é o piar fundamental do estudo da arquitectura popular galega.

Os factores fundamentais que invariablemente indican na arquitectura popular segundo Feduchi son tres: o clima, a terra e o home.

O clima é a causa mais influinte na composición da casa; tanto na súa forma, orientación, tipo de cobertura, dimensións dos ocos, situación da entrada, illamento dos muros, situación do lar e a propia forma en si mesma.

Da terra selecciónanse os materiais propios do lugar más aptos para a construción da casa.

O terceiro factor está determinado polo home, ten un carácter espiritual; é a elección do ambiente para a localización da casa, isto constitúe un fenómeno psíquico consuetudinario cara un lugar. Independentemente, de se ese lugar é o mais idóneo para a construción da casa (1976, p.9).

As características da arquitectura popular son definidas por Flores, (1979, pp.14-61) que en 28 puntos especifica moi claramente ditas características, que resumiremos a seguir:

- Enraizamento na terra, no pobo e na tradición da zona na que se asenta, onde as innovación non son gratuítas, todas responden a algo.
- Predominio do sentido utilitario, onde todo responde o sentido común.
- A economía presentase como factor importante que se reflicte nunha economía de medios e materiais, caracterizados pola sobriedade.
- As complicacións construtivas son a suma de outras mais simples, polo xeral os planeamentos son simples e inxenuos que provocan fallos estéticos.
- Materiais pertencentes a época pre-industrial.
- Despreocupación polos efectos plásticos e visuais, aínda que se ennobrecen estas construción con cariño e esforzo, así como o uso de materiais naturais.
- Persecución no modo de facer unha obra definitiva, non provisional. Polo xeral, son módulos unifamiliares, nas cales as construcións complementarias teñen gran importancia.
- Inexistencia de estilos históricos.

- Non se expresan conceptos xerais, ni universais, ni simbólicos, é sempre un reflexos da vida do lugar, lonxe da idea de conforto.
- É unha arquitectura existencial que se prolonga mais ala da casa con outros elementos como soportais, galerías..-
- Estas construción non foron obxecto de especulación.

Tendo en conta, estas características podemos concluír de estes estudosos que so consideran a arquitectura popular como aquela pertencente a época pre-industrial, que no caso de España, podemos dicir que anterior o “desarrollismo” que se produciu a partir dos anos 50 do século pasado.

## 2.3. A arquitectura vernácula contemporánea

Dende os anos 50 "*houbo variación na organización familiar, costumes, alimentación, forma de vestir, resultado de outros factores, pero resultan iluminadores para detectar as alteración nas funcións e forma das casas*" (Naval Mas, 1990, p.212).

Durante este tempo a arquitectura popular seguiu desenrolándose pero con outra aparencia, outros materiais e outras utilidades, onde principalmente a casa popular quedou reducida a súa función residencial. Así mesmo, Rapoport diferenciaba entre dous tipos de vernáculo, refería que "*na tradición folk, podemos distinguir entre edificios primitivos o vernáculos. Estes últimos comprenden os vernáculos preindustriales e os vernáculo modernos*" (1972, p.12).

Estes novos vernáculos, merecen igualmente a nosa atención, así como Clifford nos advirte, que nun mundo caracterizado polos encontros "*entre o local e o global, as coproducións, as dominacións e as resistencias faise necesario prestar tanta atención as experiencias híbridas e cosmopolitas como as arraigadas na tradición nativa*" (Clifford citado por Lizancos Mora, 2005, p.21).

Estas novas vivendas erguidas no rural difiren das arquitecturas preexistentes no seu uso, na forma de localizarse no territorio, no modo de relacionarse coas edificacións veciñas, no modo de execución e por suposto, na estética e na influencia de promotores que se viron afectados de algún modo por fenómeno da emigración (Lizancos Mora, 2005, pp.23-24).

A escaseza de estudios de esta arquitectura popular postindustrial lévanos a definir unha terminoloxía diferente, para facer unha diferenciación respecto da arquitectura popular que definimos anteriormente.

## 2.4. Definición da terminoloxía usada neste traballo.

O longo de este traballo, principalmente usaremos o termo arquitectura doméstica posto que particularmente se estudara a transformación da casa, pero en certos caso haberá que tratar de maneira indirecta as construción adxectivas, ben por estas estar integradas propiamente dentro da casa ou ben porque o cambio de uso de estas construción inflúe na transformación da casa. Usarase tamén, arquitectura vernácula especialmente para facer unha diferenciación dos vernáculos preindustriales dos vernáculos modernos ou contemporáneos. Finalmente, tamén usaremos o termo de arquitectura rural, posto que entendemos que este termo engloba todas as construción realizadas no campo, sen propiamente un matiz temporal. Respecto os vernáculos modernos, usaremos o termo empregado por Lizancos: a casa rural contemporánea en oposición a casa tradicional ou casa-vivenda tradicional.

## Capitulo 3. A historia de Vilar de Donas

## 3.1. Os inicios, formación e evolución do mosteiro de Vilar de Donas

### Os inicios de Vilar de Donas

Os primeiros moradores que se coñece que habitaron estas terras eran castrexos, pertencentes ao territorio "Copori". Os Coporos son mencionados por Ptolomeo como o "populus" que se estendía no territorio entre Iria Flavia (o actual Padrón) e Lugo.

Rodeando esta pequena aldea inda conservamos restos arqueolóxicos coma: o castro de Ximonde, situado no mesmo lugar sito da parroquia de Vilar de Donas e a Castronela de Castrovilar, moi próximo a esta aldea (Alcorta Irastorza, 2008, p.59). Ademais das Mámoas de As Cavoucas, a escasa distancia o este de Vilar de Donas e as Mámoas de As Modorras na aldea de Lamparte, en esta mesma parroquia de Vilar de Donas. (Alcorta Irastorza, 2008, p.56), estes restos están bastante alterados.

Durante a época romana a Vía Romana que comunicaba Lucus Augusti (Lugo) con Iria Flavia (Padrón); pasaba polas proximidades de Vilar de Donas, uns 8 quilómetros. Conservase a Ponte Romana na parroquia de Ferreira.




Fig.2. Via romana de Lucus Augusti a Iria Flavia
Fonte: A partir de Mapa de Galaecia

A villa era un tipo de explotación agrícola romana, que se baseaba na explotación da gran propiedade ou latifundio, habitada por un señor, por colonos libres e escravos. A casa do amo chamábase villa. Na Alta Idade Media, o reparto das terras orixina dúas clases de agricultores; os propietarios das grandes extensión e os bucelarios (patrocinados), colonos, servos, pequenos terratenentes, arrendadores ou braceiros. Mais tarde, entre o século VIII-XI, o sistema perdura aínda que varías os nomes tendo como consecuencia dous tipos de propiedade: a villa e a casa. (García Mercandal, 1981, p.12). O villar parece, facerse cada vez mais frecuente a medida que se avanza cara o século XII. (Portela y Pallares citado por Novo Cazón, 1986, p.37).

A primeira edificación da que se ten constancia, na aldea de Vilar de Donas é unha pequena capela, a de San Lorenzo, da cal se descoñece a data da súa fundación. Durante certo tempo foi a única construcción. (Novo Cazón, 1986, p.175).

En torno a esta capela iríase configurando posteriormente o mosteiro. Tampouco se coñece a data de fundación do mosteiro, estipulase que foi o longo do século XII, xa que en entre os anos 1174 e 1194 doase por parte de Juan Arias de Monterroso, seus irmáns e herdeiros o mosteiro de Vilar de Donas a Orden de Santiago.

**A formación e evolución do Mosteiro de Vilar de Donas**

O mosteiro vaise formando o redor da capela de San Lourenzo,o longo do século XIII, XIV e XV. Nada sabemos da súa configuración ata o ano 1494, data do primeiro libro de visitas conservado. Seguindo este libro e os seguintes libros de visitas correspondentes aos anos 1498, 1501 e 1503, podemos coñecer en termos moi vagos os principais elementos da configuración do mosteiro, que son os seguintes:

- A Capela de San Lorenzo: Atopábase a man dereita segundo se entraba no claustro. Dentro había dous monumentos de pedra, onde se atopaban as donas que fundaran e defendían esta casa (referido o priorado), que doaran o coto que se atopaba a redonda, chamado "Byllar de Donas".
- O Claustro: O claustro estaba edificado sobre corenta e catro piares de pedra labrada, fechados por arcos de cantería labrada, o mesmo esquema repítese nas catro alas. Catro corredores rodeaban o claustro, aqueles que daban para o campo eran de cantería labrada (perpiaños). No claustro realizábanse enterramentos.
- O refectorio. O refectorio era un peza de grandes dimensións. Cara o campo saía unha porta e unha xanela de cantería, no interior había unha pequena cámara onde se gardaban as cousas propias do servizo da mesa.
- O apousentos do prior. Estes son posteriores a data de 1494. Sendo a única parte do mosteiro que posuía dúas alturas, cada altura tiña 2 pezas.
- As cámaras dos freires. As cámaras dos freires eran catro, referidas a partir do libro de visitas de 1498, estando unha delas en construcción por esta altura, dende o campo podíase entrar a estes apousentos por tres portas. Debían ter acceso dende o claustro, polo menos un.
- A Portería. Situábase diante da igrexa, suponse no actual cabildo, era a entrada principal o claustro. Na portería había unha cámara onde moraba un caseiro que no seu interior albergaba un forno. Tamén comunicaba co recibimento do cal pouco sabemos.
- A Hospedaría. Era unha cámara de grandes dimensións que na altura de 1494 xa estaba caída.
- O Hospital de Vilar de Donas. Situado a beira do camiño Francés no lugar de Portos, parroquia de Lestedo. Neste hospital recollíanse os pobres, fosen ou non peregrinos, tal é como prescribía a regra da Orden de Santiago.




Fig.3. Reconstrución do Mosteiro de Vilar de Donas

Fonte: A partir dos Libros de Visitas de 1494, 1498, 1501 e 1503 recoñidos por Cazón, 1986, pp.504-541

O Mosteiro de Vilar de Donas era de planta baixa construído con muros de cachotería de pedra sobre os que se asenta un armazón de madeira que soportaba as lousas do tellado. Estaba rodeado por un muro de dúas tapias para evitar a entrada dos animais, dentro había campo e hortas, as cales estaban regadas por unha fonte que se encontraba dentro do recinto.

A carencia de datos anteriores, a doazón a Orden de Santiago, fai que se afirmen as mais dispares hipóteses a cerca da súa fundación.

A doazón dos mosteiro, por parte dos fillos e netos de Arias Pérez de Monterroso, estipulan na súa carta de doazón unhas clausuras que afectaban ao mosteiros e outras que afectaban os doadores.




Fonte: (Novo Cazón, 1985, p.90)

O longo do século XIII, este priorado santiaguista estende os dominios polo centro-suroeste da actual provincia de Lugo, polo nordeste da provincia de Pontevedra, polo sueste da A Coruña e polo norte da provincia de Ourense. (Novo, 1986, p.75). Sen embargo, este dominio era compartido con os condes de Ulloa e con os concejos libres de Lestedo e Repostería.

Os mecanismos a través dos cales chega a conformar tal dominio monásticos son as doazóns por partes de familias nobres, as mandas, as compras, as permutas, o peñoramento e as compensacións territoriais.

Pódese constatar que este dominio naceu e creceu a costa das propiedades de fidalgos, xentes de condicións relixiosas, e sobre todo de pequenos campesiños propietarios de alodios (Novo Cazón, 1986, p.89).

A estrutura do dominio de esta priorado santiaguista de Vilar de Donas discorre entre 1194 , data da doazón a orde, ata 1746, data que se agrega a San Marcos de León.

O longo da Idade Media, van sufrindo diferentes modificacións.




Fig.5. Dominio de Vilar de Donas a finais do século XV e os camiños de Santiago

Fonte: A partir de (Novo Cazón, 1985, p.76) e Mapas de Camiños de Santiago de Galicia de Turgalicia.

A partir da súa doazón na última década do século XII, comeza a súa expansión o longo do século XIII, sendo neste século onde se constrúe a Igrexa, a peza mais refinada do mosteiro. Debido a moitas achegas que citamos anteriormente, ademais dunha harmonía social entre os distintos grupos que integraban a rexión, e dicir, as boas relación do prior e os freires conventuais para con os concesionarios dos prestimonios outorgados e para con os nobres da rexión (Novo Cazón, 1986, p.191). Pero no século XIV paralizase este proceso, entrando nun proceso de crise e depresión, provocado entre outras causas polas usurpacións ó que é sometido este mosteiro por parte de donas

e cabaleiros e pola presión de unha poboación aumentada o longo do século anterior, sobre unha terra minguada. Ao que se engaden malas cosechas provocadas polos cambios climáticos nos primeiros anos deste século (Novo Cazón, 1986, p.192).

Este proceso alongase o longo do século XV, pero na última década desde século comeza a haber indicios de recuperación, que se transformará nun proceso de fraca expansión no século XVI. Este proceso deberase a recuperación do coto de Villar de Donas, usurpado pelo Conde de Monterrey, e a renovación dos foros das voces fenecidas. Nesta etapa iniciase unha etapa construtiva no mosteiro, a parte correspondente as dependencias do prior, na ala dereita do claustro (Novo Cazón, 1986, p.194).

A estrutura do dominio do priorado de Vilar de Donas vaise configurar, no transcurso do século XV, nos seus elementos básicos: o coto, os lugares, as igrexas e as casas (Novo Cazón, 1986, pp.89-98).

- O coto orixinario mantívose no tempo, coa excepción da incorporación da herdade de Castrovillar.
- Os lugares, constituían a parte mais importante do dominio monástico, xa que nos lugares do coto de Villar de Donas, o priorado tiña o señorío territorial e xurisdicional, mentres que nos lugares situados fora do coto, só posuía a terra mais adquiría o xurisdicional por medio de contratos de foro.
- As igrexas, na Idade Media este termino non so se refería o templo, senón tamén a propiedade. Descoñecese se o priorado posuía a propiedade de estas igrexas ou só o patronato.
- A estrutura do dominio de esta priorado santiaguista de Vilar de Donas discorre entre 1194 , data da doazón a orde, ata 1746, data que se agrega a San Marcos de León.
- O longo da Idade Media, van sufrindo diferentes modificacións.




Fig.6. Lugares integrantes do dominio de Vilar de Donas

Fonte: (Novo Cazón, 1986, p.95)




Fig.7. Casas e igrexas integrantes do dominio de Vilar de Donas

Fonte: (Novo Cazón, 1986, p.95)

A vida santiaguista en Vilar de Donas vaise prolongar durante dous séculos mais, ata que en 1746, anexase a San Marcos de León, nesta altura o mosteiro esta empobrecido e recorre a San Marcos en busca de auxilio.




Fig. 8. Coto de Vilar de Donas en 1787 descripto por Tómas López

Fonte: (AAVV, 1988, p.42)

Temos poucos datos, de cómo discorre a evolución do mosteiro entre os principios do século XVI a anexión a San Marcos, pero sabemos que as ruínas que inda permanecen do priorado son construídas o longo do século XVII, segundo Izquierdo Perrín especificou no ciclo de conferencias correspondentes ao IX Congreso Camiño de Santiago. O patrimonio do Camiño. Vilar de Donas do 23 de novembro de 2012. Concretamente no ano 1670, tratase de un edificio de planta alta, e de dúas pezas en cada planta, na planta baixa tápianse dous dos arco que supostamente darían o claustro.

Fig. 9. Ruínas existentes do Mosteiro de Vilar de Donas



### 3.2. Vilar de Donas no século XVIII

No século XVIII, Galicia vivía en un estado de completo illamento respecto a península, o trafico terrestre era inexistente. O paso por estas terras Ford, escribía no seu libro de viaxes "*Galicia apenas era visitada por muleros y sus caminos eran un continuo subir y bajar, cuesta arriba y cuesta abajo, y un constante transportar la mercancía y luego vadear: se progresa muy poco después de mucho trabajo, tanto para el hombre como para el animal*" (Ford, (1845) citado por Barreiro (2001)).




Fig.10.Principais camiños a mediados do século XVIII.
Fonte: (Barreiro, a partir de Escribano, 2001, p.6).

Existía unha extensa rede de camiños de rango menor usados para o transito da poboación aldeá, pero que non ían mais alá das terras de labor. Eran desprazamentos multidireccionais, moi numerosos e de curta ou moi curta distancia (Barreiro Gil, 2001, p.3).

A poboación multiplicouse entre finais do século XVI e mediados do século XVIII debido a introdución de novos cultivos: o millo e a pataca. Isto leva a unha proliferación dos lugares e das casas, vemos así seguindo o libro de visitas de 1747, como se van incrementando os lugares pertencentes ao coto de Vilar de Donas.

Os intercambio de excedentes realizábanse en puntos próximos de contratación (Barreiro Gil, 2001, p.3), en feiras locais, no caso de Vilar de Donas serían na feira de Palas de Rei e na de Monterroso, de periocidade mensual cadansúa.

finais do século XVI e mediados do século XVIII debido a introdución de novos cultivos: o millo e a pataca.

Isto leva a unha proliferación dos lugares e das casas, vemos así seguindo o libro de visitas de 1747, como se van incrementando os lugares pertencentes ao coto de Vilar de Donas.




Fig.11.Lugares e casas pertencentes ao Priorado no século XVIII.
Fonte: A partir do Catastro de Ensenada

Tamén é nesta época onde aparecen as primeiras casas na aldea de Vilar de Donas, corresponden a dous lugares ademais do Mosteiro, constando no Catastro de Ensenada como: Arcovello, Priorato e O Vilar.

O cambio dado polo Priorado de Vilar de Donas ao anexarse para con San Marcos leva a un enfrontamento cos veciños, froito de este enfrontamento. Os veciños optan por construír a Capela de San Antón. Este Capela é de planta rectangular.

Álvarez Carballido (1909, p.8) describe así: " a *capela de San Antonio cunha portada regular, un retablo moderno e de bastante gusto, ten unha notable porta lateral que dá o Sur, que presenta por lintel unha pedra con larga inscrición sobre a fundación do mosteiro. O lintel apoiase en dúas conchas que lle serven de ménsulas."*



Fig.12. Capela de San Antonio. Entrada principal



Fig.13. Capela de San Antonio. Entrada lateral

### 3.3. Vilar de Donas no século XIX

No século XIX, as desamortización promulgadas nos anos 1855 e 1856 botan a orden de Santiago de Vilar de Donas, aínda que esta marcha non chegara a ser definitiva. A orde será restaurada en 1874 polo goberno da primeira República e suprimida definitivamente pola Segunda República o 29 de abril de 1931 (Izquierdo Perrín, 1983, p.160).

No ano 1821, Vilar de Donas constituese como concello e pasa a pertencer ao partido xudicial de Melide, o ano seguinte sendo inda concello pasa a pertencer ao partido xudicial de Lugo.

Esta división territoral non resultou moi efectiva polo que no ano 1840, realizouse a reorganización municipal da provincia de Lugo. Nesta reordenación do territorio constituense uns novos concellos agregando varios concello en un. Foi o caso de Vilar de Donas que perde o seu estatus de concello para integrarse no concello de Palas de Rei, coma unha mais das súas parroquias. Cambia tamén de pertencer do partido xudicial de Lugo ó partido xudicial de Chantada, quedando ata a actualidade esta división territorial (Pereiro Pérez, 1997, p.49).

A pesar do escaso tempo no Vilar de Donas se constituíu como concello, contou con una casa consistorial localizada na aldea de Vilar de Donas, concretamente na casa do Vilar. Inda que o funcionamento destes primeiros concellos non chegaron a desenrolarse como os actuais.

A situación preocupante de incomunicación que se atopaba Galicia no século anterior, leva dunha maneira moi lenta ao longo do século XIX, a abrise mais kilómetros dos que nunca anteriormente se fixera, inda que esta situación non fora suficiente para compensar os atrasos acumuludos e cubrir as necesidades presentes. (Barreiro, 2001, p.14).

Durante este século dase unha gran fase expansiva na proliferación de vivendas, sendo a maioria das construcción vernáculas da segunda metade do século. Un total de 6 casas de nova .contrucción e ampliase unha casa das existentes, concretamente a do Vilar.




Fig.14. Estradas de Galicia en 1855.
Fonte: (Barreiro Gil, 2001,p.15).




Fig.15. Mapa da provincia de Lugo. Gaspar y Tojo. 1850

Fonte: Ministerio de Fomento.

## 3.4. Vilar de Donas no século XX

No ano 1909 a igrexa encontrase completamente encalada, tapando as pinturas pinturas murais, incluso se encalan as esculturas. O cruceiro estaba separado das naves transversais por unha parede de uns tres metros de alto, encontrabase adulterada tal é como describe Alvarez Carballido "…*o cruceiro serve de sacristía, pois o famoso cura que encalou o templo, subio, pintou e dasarreglou o retablo; elevou enormemento o pavimento: tamén, segundo as noticias, foi o que desfixo a sacristía, cuxa porta se ve tapiada na parede do cruceiro sur..*" (1909, p.5).
Do mosteiro so quedan os restos que inda se conservan, pegados a casa rectoral e que sirven de corte da rectoral. O que foi o claustro do mosteiro so quedan ruinas, cruces de santiago vense por todas partes e entre as ruinas elevanse dous arbores. (Alvarez, 1909, p.7), segundo refere Alvarez Carballido por esta altura non habitaban aquí os Cabaleiros da Orden de Santiago.
No ano 1929, coa caida do cruceiro norte, no proceso de reconstrucción descalase o tempo poñendo a vista as fermosas pinturas goticas. E debido unha interpretación erronea de unhas pinturas, nas que aparecen duas mulleres pensase que son as donas fundadoras do Vilar, incluso chegan a bautizarse como Elvira e Bela. Formandose unha lenda que entremestura coa historia. Anos mais tarde, descubrirase que este retrato corresponde os reis de Castela e León, o rei Xoán II e a sua dona María de Aragón.
As emigracións que batiron o territorio galego cara América durante o a última metade do século XIX, non deixaron impunes esta aldea. Estas migracións mantuveronse de modo pendular ata o ano 1930.
Ao entrar no século XX, construense as últimas casas vernaculares da aldea. O sistema foral, por fin chega ao fin coa entrada do século e os freires abandonan Vilar de Donas, quedando este territorio reducido a unha parroquia pertencente a diócesis de Lugo, e chega así ata os nosos días.
Co desencadeamento da guerra civil e nos anos de postguerra, comezou un retroceso economico e social, fecharonse as fronteiras e pasaronse anos de fame. Visto que o sistema de autarquía franquista non funcionaba nos anos 50, abrense as fronteiras e volta a comezar a emigración, desta volta as consecuencias da emigración transformaran por completo o vernáculo local.
Estas consecuencias daranse a partir das década dos 80, onde se iran construir novas vivendas con linguaxes completamente distintos. Chegando a altura actual onde existen 14 vivendas, das

cales 7 son habitadas de modo permanente, 3 están abandonadas das cales 2 en estado bastante preocupante de conservación e 3 habitadas en vacacións ou fines de semana. De estas vivendas 6 son construidas a partir da década dos 60 e outra conta con unha ampliación feita nos anos 50. O resto son vivendas tradicionais que en maior ou menor grado sufriron diferentes transformación para adaptarse as novas formas de vida.

A partir dos anos 80 empeza a desarrollarse a gandería intensiva nesta zona, as vacas que inda estaban nas cortes das casas pasan a estabularse en granxas. As novas maquinarias de traccion mecanica revolucionaran a forma de traballar as terras. Constituindose esta aldea coma unha zona de gandería intensiva, subordinando a agricultura. Isto levara a transformación da paisaxe.

Tras 20 de gandería intensiva, os baixos precios do leite, a suba das materias primas e a mellora das condicions de traballo leva os veciños de esta aldea a asociarse nunha sociedade, xuntando os animais, maquinaria e terras para facer mais eficaz o traballo e producindo mais a menor coste. Pese os esforzos por adaptarse a realidades tan cambiantes o sector leiteiro, neste momento, segue en crise con precios moi baixos, incluso por debaixo de costes de producción. E sumase a esta situación a inexistencia, polo momento, do relevo xeracional.

Tras a creacion da sociedade e a concentración dos animais nun so recinto, provoca que as antigas granxas queden desvinculadas do seu uso, en algúns casos vacias.



Fig. 16. S.A. San Antonio

# Capitulo 4. O medio físico

### 4.1. Localización e medio natural de Palas de Rei e de Vilar de Donas

O medio físico exerce unha relación de co home que se asenta nel e co material construtivo predominante na zona, usado nas construccións da arquitectura popular, adaptando estas construcción o sistema económico e o medio de vida.

O coñecemento do clima dun lugar permite o home actuar con medidas correctoras que favorezan captación de enerxía, a protección contra os ventos ou a necesidade de crear sombras… A arquitectura vernácula adaptábase o medio no que se erixía, aproveitando os condicionantes climatolóxicos, orográficos, hidrográficos, a vexetación e o medio humano nunha economía de medios para crear arquitecturas funcionais. Sendo produto do dialogo que a arquitectura vernácula mantén co medio unha serie de tipoloxías resultado dos materiais e da cultura construtiva transmitida de xeración en xeración.

A alteración do sistema económico e do proceso de industrialización afecta non só a arquitectura doméstica senón tamén o medio, onde a relación tradicional de do home para con o medio se transforma nunha relación antagónica de dominio.

Coñecer as características do entorno permítenos identificar a cultura do lugar, coñecer e entender a arquitectura doméstica local ao mesmo tempo tamén nos serve como aporte para entender a ruptura das relacións seculares tanto das culturas construtivas, como os cambios producidos no sistema económico e o impacto da industrialización na casa, na aldea e no territorio.

**Localización do concello de Palas de Rei**

Palas de Rei é un concello da provincia e dioceses de Lugo, pertence a comarca da Ulloa, xunto cos concellos de Monterroso e Antas de Ulla, situada o suroeste da provincia de Lugo no corazón de Galicia.




Fig.17. Mapa de concellos de Galicia. Mapa de situación da comarca da Ulloa e o concello de Palas de Rei.

O concello de Palas de Rei ten unha superficie de 199,5 quilómetros cadrados e limita con 7 concellos, ao Norte con Friol; o oeste cos concellos coruñeses de Melide, Santiso e Toques; o suroeste limita co concello pontevedrés de A Golada; o sur co concello de Antas de Ulla e o Este cos concellos de Monterroso e Guntín.

O concello de Palas de Rei está formada por 43 parroquias, nunha delas é onde se encadra a aldea que estamos a estudar.




Fig.18. Mapa das parroquias de Palas de Rei. Localización da parroquia de Vilar de DonaS.

Fonte: A partir do PXOM 2005 de Palas de Rei e o SITGA.

**O clima e a vexetación**

Pola posición xeográfica Palas de Rei encadrase no dominio do clima oceánico temperado, onde a influencia marítima atenúa as variación térmicas diarias e estacionais e proporciona abondosa humidade en forma de néboas.

As temperaturas son suaves no inverno e moderadas no verán, acadando unha media dos 12ºC anuais. No inverno a temperatura media esta sobre os 6ºC, durante a primavera e o outono a temperatura media é duns 10ºC acadando no verán uns 17ºC.

A media da temperatura mínimas durante o inverno é de 3,5ºC e a media da temperaturas máximas no verán e de 23,2ºC. O período frío comprende os meses de novembro ata marzo (5 - 10ºC), un período fresco nos meses de abril, maio e outubro (10ºC - 15ºC) e finalmente o período temperado entre os 15ºC e os 20ºC de xuño a setembro.

As xeadas son frecuentes nos meses invernais, con fenómenos de inversións térmicas nas áreas mais baixas.

Os ventos dominantes están compostos por dúas dominantes; a sur durante o outono e o inverno que traen precipitación e a norte no verán e na primavera (Figueroa Dávila & Precedo Ledo, 1999, p.121-127).

"*As abundantes precipitacións, xunto á suavidade térmica e ó dominio de formas de relevo pouco vigorosas, definen unhas condición moi favorables dunha cobertura vexetal*" (Lois González, 1988, p.43) polo que o uso de solo con fins agrícolas e moi estendido, a pesar de que cada vez sexa menor debido o retroceso do sector gandeiro nos últimos anos.

Polo que a vexetación natural trasladase as zonas de topografía mais acusada, nas áreas de mais altas de solo más pobres e maior expostas os ventos. Polo que o espazo arbustivo ou herbáceo e moi superior o arboredo. Os bosques están compostos por carballos (sendo a especie maioritaria), castiñeiros, bidueiros e os amieiros (en cursos fluviais). Froitos de repoboación mais recentes aparecen o piñeiro e o eucalipto.

En canto o monte baixo está composto por toxos, xestas, carqueixas e uces. Os arbustos do monte eran moi apreciados para estrar as cortes, ou como alimento dos animais no sistema tradicional de traballo no campo, agora estes usos son residuais debido a industrialización do campo.

**Localización da aldea de Vilar de Donas**

A parroquia de Vilar de Donas está situada o suroeste do concello de Palas de Rei, limita o Norte coas parroquias de Berbetouros e Puxeda; o sur coas parroquias de Lestedo e Ligonde, pertencente ao concello e Monterroso, o oeste limita con Augas Santas e Salaia e o leste con Cubelo e Mosteiro. A parroquia esta formada por 23 lugares:

Casanova, Castro de Ximonde, Castrovilar, A Costa, A Ermida, A Estrela, Ferradal Novo, Ferradal Vello, Lamaboa, Lamparte, Luxilde, Marronteiro, Muiño da Devesa, Piñeiro, A Pinturera, Ramil, Reboredo, Tiulfe, A Vila, Vilamourel, Vilar de Donas, Vilaverde, Ximonde. Dos cales, a aldea do estudo Vilar de Donas atópase situada nunha posición case central con respecto a parroquia.




Fig.19. Mapa de Vilar de Donas e dos seus lugares. Localización da aldea de estudo

Fonte: A partir de PXOM 2005

As informacións obtidas son de índole confusa para establecer os limites entre a cartografía e as información oficiais. Como apreciamos na figura 23, vemos que non aparecen lugares dentro da parroquia e aparecen outros que non están referidos.

Como podemos apreciar que o lugar de A Estrela pertencente á Parroquia de Vilar de Donas, así se aprecia en documentos de foros, paxinas oficiais como a do concello de Palas de Rei e como os propios veciños do lugar así o recoñecen, está fora do límite. Os limites parroquiais son difíciles de deseñar tal e como nos advertían Torres Luna & Lois González a parroquia *como territorialidade defínese por uns limites exactos que os veciños recoñecen exactamente, inda que a hora de catografar esta sexa una tarefa de gran dificultade* (2008, p.28); estas situacións levan as incongruencias coma esta. Non só acontece isto coa parroquia senón tamén coas aldeas.

Así segundo o que consultemos, podemos ver que na aldea de Vilar de Donas aparecen diferentes informacións: no PXOM 2005, aparece coma unha soa entidade, se consultamos a paxina oficial do concello aparece dividida en tres lugares: Vilar de Donas, O Vilar e A Capela; o consultar o Instituto Galego de Estatística (IGE) aparece dividida en dous lugares: Vilar de Donas e O Vilar, por non mencionar outras fontes. Tomamos como referencia a cartografía do PXOM  por ser a única cartografía existente a que tivemos acceso.

A aldea de Vilar de Donas, situase entre os dos ríos mais importantes da parroquia; o Santín e o Parada, a unha cota duns 500m; cunha suave pendente cara o sur, favorece que as augas discorran cara o río Parada e se encontre protexida do aire Norte. Unha fonte nace na aldea cuxas augas van descansar o río Parada. Cara o norte de aldea encontrase os restos da Castronela (castro pequeno) na parte mais alta.

A aldea de Vilar de Donas é a mais densamente poboada da parroquia, a de maior tamaño, e a de maior concentración fronte a diseminación dos lugares dentro da parroquia. A maior parte das aldeas están formadas entre unha e catro casas, facendo da aldea de Vilar de Donas un caso excepcional.

## 4.2. O relevo de Vilar de Donas

Vilar de Donas caracterizase por unha topografía suave, na maior parte do seu territorio ten unha media de 500m. Na periferia da parroquia aparecen montes de pequena altitude; ao noreste o Monte do Rosedo (531m), ao noroeste o Cordal da Serra (706 m); ó sur a serra da Corda pertencente a serra de Ligonde (631) e finalmente ó este da parroquia están os montes de Valiño Bon (631). A pesar da pouca altitude que chegan a acadar as pendentes nalgún puntos son bastante acusadas debido o paso do ríos entre os montes. Resaltamos dous ríos principais o Parada e o Santín que discorren pola parroquia, sendo o Parada afluente do Santín, e este afluente do Ferreira que descarga as súas augas no río Miño.




Fig.20. Mapa de pendentes de Vilar de Donas.

Fonte: A partir de PXOM 2005 e mapa de pendentes 2009 - 2010.SITGA

Ademais hai tres regatos que nacen nesta terra e morren nos Ríos Santín e Parada, ademais de 4 ou 5 arroios.

Esta cantidade de cursos fluviais posibilitan os asentamentos dispersos e próximos a liñas de auga, ademais de pequenas ondulación do terreo que da lugar a que a auga discorra cara os cursos fluviais. Como Lois González manifesta sobre o val do ríos Santín-Ferreira; *o marco topográfico mostrase mais movido, alternándose vales fluviais (···) con relevos residuais. Para a actividade agropecuaria terá unha incidencia moi positiva a existencia de depósitos aluviais cuaternarios, que converten ás ribeiras en terreos de extraordinaria fertilidade (1988, p.32).*




Tendo en conta o relevo, indícanos que esta é unha zona moi indicada para o uso agrogandeiro, tal e como vemos no mapa dos usos do solo que o maior uso de solo son



Parroquia de
Fontecuberta

para prados e cultivos, subordinando as especies caducifolias os terreos de maior pendente e habendo unha parte no sur da parroquia dedicada a repoboación forestal.

Tamén se aprecia como o mato e as arbóreas nos terreos menos acondicionados para o cultivo, aparecen matos nos vales froito de o paulatino abandono do sector primario por parte da maior parte da poboación, así as areas de repoboación van gañando terreos os cultivos.




Fig.22. Mapa de usos de solos de Vilar de Donas.

Fonte: A partir de PXOM 2005 e mapa de usos de solos 2005. SITGA

## 4.3. As comunicacións de Vilar de Donas.

Unha ampla rede de pistas unen as aldeas, que substitúen o trazado de antigos camiños dos cales inda se poden apreciar restos de eles, xa moi modificados da traza tradicional. A Estrada Nacional de Lugo-Santiago que cruza a parroquia desencadeou o trazado de pistas, substituíndo os antigos camiños reais e os camiños principais por outros mais secundarios pero que tivesen maior accesibilidade coa vía N-547. Recentemente, inda en construcción a Autovía A54 cruza a parroquia polo Norte.




Fig. 23. Mapa de comunicacións de Vilar de Donas.
Fonte: A partir do PXOM 2005

### 4.4. O medio humano de Vilar de Donas.

A poboación de Vilar de Donas está en recesión, propiciada por unha alta taxa de mortaldade e unha diminución dos nacementos, nunha década perdeu case o 30% da súa poboación.

| Poboación de Vilar de Donas | 1999 | 2001 | 2005 | 2011 |
|---|---|---|---|---|
| Total | 160 | 149 | 127 | 121 |
| Homes | 82 | 77 | 64 | 63 |
| Mulleres | 78 | 72 | 63 | 58 |

Fig. 24.. Táboa de poboación de Vilar de Donas de 1999-2011 Fonte: A partir do INE. Patrón Municipal de habitantes.




Fig. 25. Táboa de poboación por aldeas en Vilar de Donas.
Fonte: A partir do INE 2011. Padrón municipal de habitantes

A poboación feminina é lixeiramente inferior a masculina, a perda de poboación repercute no abandono de casas e aldeas, como vemos na táboa 29. Na actualidade, hai un total de catro aldeas deshabitada.

As previsión cara o futuro non parecen inverter este proceso de recesión, a xente mais nova en idade de comezar a formar familia continúan marchando da aldea cara as cidades ou outras vilas.A aldea de Vilar de Donas resiste este proceso tendo neste momento un total de 26 habitantes no 2011 (os datos aparecen divididos entre Vilar de Donas e Vilar).

Pese a esta perda de poboación, como vemos nesta gráfica un 23% das vivendas foron construídas nesta data, o cal nos leva a concluír que case a metade das vivendas de Vilar de Donas son construídas a partir dos anos 50 o sexa, que estamos ante unha situación en que o 50% das casas son casas rurais tradicionais e a outra medade corresponden a casa rurais contemporáneas.

| **Vivendas de Vilar de Donas** | |
|---|---|
| baleiras | 5,9 % |
| construídas antes de 1950 | 51,6 % |
| construídas entre 1951 e 1980 | 25 % |
| construídas entre 1981 e 2001 | 23,4 % |

Fig.26. Táboa de taxas de construcción de casa en Vilar de Donas.
Fonte:  A partir de INE. Patrón municipal de habitantes

Unha das principais causas polas que as persoas continúan marchando é o traballo, esta parroquia tan ben condicionada polo clima e a orografía para o sector agropecuario, o que se dedican mais da metade da poboación esta en crise e o relevo xeracional estase rompendo, podendo chegar a  súa desaparición en unha ou dúas décadas se non se produce unha reversión. En segundo lugar, a poboación dedicase o sector servizos, iso que a poboación de Vilar de Donas non se aventura moito neste sector pese a ter un gran potencial debido ao camiño de Santiago e a súa Igrexa.
A taxa de ocupación total ronda 50%, habendo un 19,7 % de paro; sendo o sector feminino o mais afectado.

**Taxas de ocupación da poboación de Vilar de Donas**




Fig. 27. Táboa de taxas de ocupación da poboación de Vilar de Donas.
Fonte: A partir do INE 2001. Padrón municipal de habitantes

# Capitulo 5. Morfoloxía do hábitat rural

O territorio galego dispón de una hábitat favorable para os asentamentos humanos, permitindo que sexan numerosos e dispersos, constituíndo unha riqueza e multiplicidade dos asentamentos que teñen como denominador común a dispersión e o espallamento.

## 5.1. A morfoloxía da parroquia

A parroquia conformase por varias aldeas contiguas que se agrupan e *"é a estructura fundamental e territorial do poboamento" (*Mercator (1997) citado por Torres Luna & Lois Gonzalez, 2009, p.33) en Galicia. *"A parroquia constitúe unha unidade tradicionalmente aceptada, que non é tan so de carácter relixioso, senón que ten ou tubo, tamén fundamento económico na existencia de montes comunais, e en calquera caso, vense utilizando como unidade estatística censal e tamén catastral "* (Quiros Liñares (1993) citado por Torres Luna & Lois González, 2009, p.34).

A parroquia exerce como unha unidade e como un territorio ao mesmo tempo. Como comunidade os veciños considéranse pertencentes ao lugar e identifícanse co nome das mesma, vinculan á existencia de bens e propiedades colectivas (o monte comunal, o cemiterio, o adro ó redor da igrexa, o campo da festa, entre outras), os veciños forman parte da mesma igrexa; e como comunidade desenvolven actividades conxuntas de orden social (realizan festividades en conxunto, axúdanse no traballo do campo e únense ante os acontementos negativos). Como territorialidade defínese por uns limites exactos que os veciños recoñecen exactamente, inda que a hora de catografar esta sexa una tarefa de gran dificultade. A parroquia posúe unha lóxica espacial propia, con os seus lugares, áreas de cultivo, montes próximos os lindeiros, as novas implantación dos solos e das estradas ben definidas. Establecéndose entre os parroquianos unhas relacións mais intensas que coas dos outros lugares por moi próximos que estean (Torres Luna & Lois González, 2009, p.28). Inda que oficialmente non se recoñeza a personalidade xurídica da parroquia.

As parroquias estarían plenamente configuradas nos seus elementos básicos ó redor do século XI, conformando unha organización sen moitas variacións ata a actualidade. Ten o seu antecedente na Protoparroquia que se conforma no século V coa penetración do cristianismo entre a poboación rural de Galicia, configúranse grandes unidades fraccionarias do territorio do bispado (López Alsina, 2007, p.58).

A causa principal da estabilidade parroquial está no sistema beneficial e nos dereitos de patronato, sendo o beneficio un oficio eclesiástico ao que están unidos uns bens de forma indisoluble e o dereito de patronato era o dereito de nomear un titular dun beneficio

vacante e presentalo ante unha autoridade vacante, pero os patronos ademais de nomear tamén gozaban de outros dereitos, funcionaba como un patrimonio o cal podíase herdar, aforar, ceder ou vender (Saavedra Fernández, 2009, p.85).

A transformación experimentada pola parroquia no devagar do tempo, ata o século XIX foi o crecemento do número de fregueses, de lugares; e reforzouse a vida parroquial no aspecto administrativo, nas vivencias relixiosas e intercambios de calquera clase. En moitos casos, a aparición de novos lugares permitiu que se formasen novas parroquias, incrementándose no tempo.

En 1867 houbo unha reforma da parroquia por orde do Goberno de España, onde se establecían uns preceptos que levaron a que: algunhas parroquias rurais, segundo a Lei debían ser suprimidas, ou incorporadas a outras parroquias matrices como novos anexos. Para facer estes arranxos e unir a poboación das parroquias rurais, para incrementar a poboación doutras, etc.. tamén se agregaron e partiron lugares ou aldeas. Nesta operación de encaixe víronse afectados uns 255 lugares. (Barreiro Fernández, 2009, p.143).

A pesar  dos cambios que se viu afectado a parroquia o longo do século XIX como a emigración ou o reparto territorial en concellos e partidos xudiciais e a integración no sistema capitalista, o organismo da parroquia sobrevive.

Pero a mediados século XX, comeza un proceso de desarticulación propiciado pola forte emigración, polo despoboamento e a crise vocacional do clero galego.

**A transformación morfolóxica da parroquia**

A pesar de que a maioría dos estudosos recoñecen a importancia da parroquia en Galicia, non existe ningún estudo sobre a tipoloxía. Independentemente, varios autores fan referencia a "*estrutura radial da parroquia*" (Otero Pedrayo (1926) citado en Nárdiz Ortiz, 2009, p.239*)* cuxo núcleo central é onde se localiza a igrexa *ou a dimensión celular base* (Fariña Tojo (1980) citado en Nárdiz Ortiz, 2009, p.239).

Pese a non existir propiamente un estudo do hábitat da parroquia, tal é como existe da aldea, os estudosos refiren un cambio da súa morfoloxía tradicional, fundamentalmente influída pola estrada a partir dos anos 50; sendo Precedo Ledo (1998, p.129) que fai unha aproximación o proceso de desprazamento dos habitantes do rural a un novo emprazamento en torno ás estradas.
Así indica que as aldeas organízanse en torno a un lugar parroquial central, unido as aldeas por unha rede radial de camiños (deseño 1).
En canto sobre este modelo uniparroquial se dispón unha vía tanxencial bidireccional sobre un camiño rural (deseño A), as aldeas comezan a unirse con esta estrada subordinando a rede de camiños tradicionais radiais.
A estrada que discorre tanxencialmente á zona de contacto de dúas parroquias (Caso B), sobreposto o trazado dun antigo camiño rural. Convertendo a esta, nun lugar de atracción e potenciando a construcción de novas vías secundarias.
Producindo un cruce entre a estrada principal e a secundaria, convertendo este punto nun local de atracción para os asentamentos que xeraría novas edificación ao longo da vía.
Estes asentamentos convertéranse no local central, descentralizando o lugar parroquial. O que leva a que a morfoloxía primitiva quede desorganizada perante un novo tipo intermedio de morfoloxía contraposta (Caso C).




Fig.28. Esquemas que mostran os cambios morfolóxicos da parroquia.

Fonte: (Precedo, 1998, p.128)

## 5.2. A morfoloxía da aldea

A variedade das características xeográficas de Galicia posibilitan a dispersión e a multiplicidade dos asentamentos, que predominantemente son rurais. Manifestando a dispersión poboacional nun promedio de un asentamento rural por cada 1,5 quilómetros de superficie (Caamaño Suarez, 2006.a., pp. 67-69).

| | España | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Concellos | 8116 | 315 | 94 | 67 | 92 | 62 |
| Entidades colectivas (parroquias) | 4920 | 3772 | 926 | 1264 | 916 | 666 |
| Entidades singulares | 61165 | 30139 | 10425 | 9776 | 3690 | 6248 |

Fig.29. Táboa de entidades de poboación. Ano 2011.

Fonte: INE. Padrón. Explotación estatística y Nomenclátor a 1 de xaneiro

En Galicia hai mais de 30000 entidades singulares formados por casais, granxas illadas xeral, e aldeas, o que converte a esta rexión nunha particularidade dentro Península Ibérica.




Fig.30.. Esquema da distribución das formas de asentamento rural.

Fonte: (Caamaño Suarez, 2006.a, p. 71)

As aldeas aséntanse nos lugares onde os terreos son máis frutíferos, nas vertentes dos montes, ó respaldo dos ventos, en pequenos vales, próximo a ríos e arroios, cuxas augas usan para regar as leiras (Tenorio, 2008, p.152).

A situación das aldeas está determinada pola superficie cultivable, en referencia a relación entre hábitat e uso do solo, igualmente que o número e o tamaño. Nas zonas de alta montaña, as aldeas son máis pequenas e cerradas, e distantes entre si; mentres que nas rexións de relevo pouco acentuado aparecen diferentes agrupación de entidades. Os casares soen atoparse próximos a cidades ou as estradas. Coa aparición das estradas revolucionase o cadro poboacional de Galicia, aumenta a densidade das aldeas que se estenden ao longo da estrada enlazándose unhas con outras especialmente nas zonas costeiras (Precedo Ledo, 1998, pp.121,122).

Diversos autores estudaron a forma dos asentamentos rurais galegos e as súas variacións nas distintas áreas rexionais, entre eles Otero Pedrayo (1927), Niemeier (1943), Bouhier (1979) ou Fariña Tojo (1980) e Precedo Ledo (1998).

Bouhier recoñece tres tipos de organización do habitat rural que son:

- As aldeas elementais de estrutura frouxa
- Aldeas elementais de estrutura compacta
- Aldeas de núcleos múltiples




1.Terras de labor, 2.Espazo construído, 3.Limite de parcelas

Fig. 31. Aldea de núcleos múltiples
Fonte: (Bouhier, 2001, p.127)

Entre as formas verdadeiramente características, Bouhier (2001, pp.171-175), recoñece 4 tipos:

- As aldeas globulosas
- As aldeas de aspecto de regueiros
- As aldeas de estructura despregada
- As aldeas nebulosas

Fariña Tojo realiza un exame máis minucioso e chega a atopar sete tipos diferentes de aldeas, que son as seguintes:

- Aldea nuclear con casarío denso
- Aldea nuclear con casarío claro
- Aldea polinuclear con casarío denso
- Aldea polinuclear con casarío claro
- Aldeas nucleares en nebulosa
- Parroquias en enxame con aldea-núcleo
- Parroquias en enxame




Lenda:
1-Aldea nuclear con casarío denso en Liñares (Terra de Montes)
2-Aldea nuclear con casarío claro en Arnados (Bergantiños)
3-Aldea polinuclear con casarío denso en Pradolongo (Terra de O Bolo).
4- Aldea polinuclear con casarío claro en Vilaratón (O Cebreiro)
5- Aldea nuclear en nebulosa en Dimadavila ( A Terra Chá)
6- Parroquias en enxame con aldea-núclea en Fragua ( O Salnés)
7-Parroquia en exame en Matio (Terra de Soneira).

Fig. 32. Esquema de clasificación da aldea según Fariña Tojo
Fonte: (Caamaño Suarez, 2006.a.,p.73)

A pesar de que en aparencia cada autor propoña unha clasificación segundo se basean na relación do hábitat e o medio físico ou contemplando o poboamento dentro dun contexto estrutural do espazo. Tendo en conta as pautas común que estes autores teñen podemos dicir que se pode falar de tres tipos de hábitat en Galicia (Precedo Ledo, 1998, p.124-125):

- Hábitat da costa nas zonas de litoral caracterízanse por aldeas abertas ou laxas polinucleares (con lugares e barrios separados), formación en enxame, con gran abundancia de pobos e vilas. Nas zonas de vales e depresións próximas a costa, ten rasgos semellantes pero con unha ocupación menos densa, basicamente son aldeas polinucleares as que se engaden aldeas-lineais.
- No hábitat do interior as aldeas son pequenas, unhas nucleadas e outras polinucleadas, as vilas son maiores e mais distantes entre si e as formas lineais están menos desenroladas, predomina a dispersión. Nos lugares de relevo mais acusado as aldeas reducen o seu número e tamaño.
- Na zona de montaña, as casas apértanse en aldeas amalgamadas e sepáranse mais unhas de outras. Nas serras orientais as aldeas son moi pequenas aínda que as construción auxiliares dan a impresión de ser maiores. Na montaña surioriental ourensá a variedade é maior, polo xeral é o aumento de tamaño, de compactidade e formación de estruturas organizadas con un núcleo único.

**Transformación morfolóxica da aldea**

Segundo Bouhier (1979,p.123-134) a evolución dos núcleos rurais entre 1850-1950 a pesar do despoboamento froito da emigración non só se mantén que senón medra dun 15-25 % nas zonas interiores, e dun 35% a 50% nas zonas do litoral. Tamén refire que hai unha perda de lugares de pequeno tamaño ao longo desta centuria sendo consecuencia da agregación de este núcleos a outros próximo e formando unha aldea dos cales se toma nome de un deles, perdéndose no esquecemento o nome dos lugares primixenios ou ben simplemente desapareceron.

Dende os anos 50, a trama tradicional do sistema de asentamentos evolucionou co tempo debido a factores como a emigración e o envellecemento da poboación que favorece o despoboamento dos núcleos rurais e plasmase no territorio con o abandono das casas e deterioro dos asentamentos. En cambio é a accesibilidade o que provoca o maior impacto, feitos como a densificación da rede viaria e a xeralización do automóbil.

A rede de estrada modificou a distribución e tipoloxías, xerando un novo tipo de asentamentos completamente distintos que levou o traslado da poboación dende os asentamentos base ata unha nova consolidación, abandonando a vivenda e trasladando actividades. Comezando por un pequeno traslado da poboación rural cara un agrupación elemental de estrada, onde se localizan servizos de uso xeral. A estrada posibilitou que se localizaran servizos de uso xeral o que potenciou atracción de actividades terciarias que anteriormente so se encontraban nunha entidade maior. Unha vez creado este núcleo, únese a través de unha pista co asentamento tradicional, creándose novas vivendas ao longo da pista. Provocando un retroceso do núcleo de poboación inicial e consolidando o novo asentamento na estrada como lugar central e centro de residencia (Precedo, 1998, pp.125-127).

Mediante estes esquemas, podemos apreciar como afecta as diferentes tipoloxías de aldeas.

Caso A: Aldea cerrada de estrutura compacta. Desdobrase é o novo núcleo situase no cruce da estrada coa pista de acceso á aldea. As novas construcións vanse localizando ó longo da pista.

Caso B: Aldea de estrutura laxa. As novas vivendas encher os espazos non edificados intermedios, compactando o núcleo rural e formando un rueiro no interior da aldea. Terminando por formar un novo conglomerado.




Fig.33. Esquemas que mostran a transformación do hábitat.
Fonte: (Precedo Ledo, 1998, p.132)

Caso C: Crecemento lineal. Presenta 4 variantes, C1 e C2 corresponden a aldeas rurais do interior, mentres que C3 e C4 son aldeas do litoral.

- Caso C1: A estrada segue un trazado dun camiño anterior, que serviu de base para a conformación do asentamento. O proceso de transformación consiste en alongar o núcleo acompañado da compactación do núcleo primixenio.
- Caso C2: O núcleo inicial parte de un cruce de camiños, nos cales nun deles instalase a estrada. Prodúcese un crecemento ó longo do movemento máximo,

pero a presenza do cruce fai que neste punto se produza unha pequena aglomeración, onde se atopan os novos servizos aportando unha estrutura focal do asentamento.

- Caso C3: Tratase dun asentamento lineal entre o camiño e os terreos de cultivos, o transformarse o camiño nunha estrada favorece que as edificacións se instalen entre a estrada e a liña de costa, tratándose neste caso de segundas vivendas e casas de vacacións.
- Caso C4: A estrada irrompe por un dos eixes existentes na aldea nebulosa, conferíndolle una accesibilidade diferencial con respecto aos demais. Transformase os núcleos debido a estrada que se converte nunha rúa que une dúas aldeas preexistentes ao tempo que se van unindo edificación diseminadas. Se o proceso é intenso pode chegar a formarse unha aldea polinuclear, se a aglomeración é continua pode chegar a producirse un cambio de rango, é dicir, a transformación da aldea nunha vila ou pobo.

Caso D: O efecto de unha estrada nun conxunto de aldeas nebulosas, a nova vía transcorre por un dos camiños preexistentes, conferíndolle unha accesibilidade diferencial. Converténdose nun rueiro que une dúas aldeas, ao mesmo tempo que novas construción seguen os camiños secundarios, formando un asentamento complexo polinuclear, podendo chegar a converterse nun pobo ou vila se a aglomeración continúa.

### 5.3. A morfoloxía da parroquia de Vilar de Donas e da aldea de Vilar de Donas

Debido a inexistencia de algún estudio sobre a morfoloxía da parroquia, non podemos encadrar en ningún tipo a parroquia de Vilar de Donas, inda así podemos apoiarnos nas aproximacións dos estudosos do tema.

Podemos dicir que a forma da parroquia é irregular, con tendencia cara un rectángulo. O seu funcionamento é radial, no centro atopase o lugar parroquial, a aldea obxecto de estudo desta investigación.

En torno o lugar parroquial vanse asentando ata 22 entidades singulares formadas por aldeas e lugares.

O tipo de asentamento é diseminado, debido a gran cantidade de cursos de auga e a topografía pouco acusada.

Podemos estar falando dunha parroquia en exame con aldea-núcleo. Inda que a estrada Lugo-Santiago rompe este tipo de morfoloxía, ó ser un eixo de atracción para os novos asentamentos da última metade do século XX. No capitulo 8, detallarase con mais precisión como se produce esta transformación.

A aldea de casarío claro é o tipo no que podemos englobar a aldea  tradicional de Vilar de Donas, que estaba formada por tres lugares, estes eran casaríos ou casas illadas.

Nos últimos anos, a aldea medra debido o retorno dos emigrados que deciden localizar as súas casas nesta aldea. Para isto, van implantando os seus fogares nos baleiros existentes entre os lugares, chegando a compactar a aldea formando un novo aglomerado, onde as vías de comunicación teñen unha relación directa coa localización. Segundo o criterio de Precedo Ledo, esta aldea responde claramente o caso B – Aldea de estrutura laxa. No capitulo 8, tratarase ampliarase e detallarase esta cuestión.

# Capitulo 6. A emigración

### 6.1. A emigración en Galicia (segunda metade do s.XIX a 1930)

As migracións son inherentes a todas as sociedades e aos seres humanos dende os principios de os tempos, que levan os seres humanos a trasladarse dende unhas áreas xeográficas a outras na procura de unhas mellores condicións de vida.

A historia moderna de Galicia está definida pola emigración en masa, que podemos diferenciar principalmente en dúas etapas temporais:

- A primeira comprende a segunda metade do século XIX ata a trintena do século XX, concretamente entre 1835 a 1930.
- A segunda etapa abarca dende os anos 50 aos 70 do século XX.

En ambos casos as consecuencias que derivaron de este proceso foron de gran magnitude como a perda de man de obra industrial, o aumento do desequilibrio social e unha inevitable desestruturación de numerosas familias. O retorno dos emigrados fixo sentir o seu impacto noutro tipo de transformacións sociais, culturais e ata psicolóxicas das sociedade de orixe. (Cagliao, 2010, p.17).

As causas polas que se produciu a emigración foron principalmente de cariz económico, pero tamén político, profesional ou de calquera outra clase. Durante décadas a emigración foi a única opción para moitos ante a imposibilidade de desenvolver un proxecto vital na súa terra de orixe.

No século XIX a crise do sistema económico galego incapaz de sumarse a revolución industrial desencadea o proceso de emigración cara o continente americano. A concursión de varias circunstancias favorecen este fenómeno que son: a construcción nacional das recen independizadas colonias hispanas e a abolición da escravitude que fai necesaria a afluencia masiva de man de obra e ó tempo melloran as comunicacións transatlánticas que animan os desprazamentos (Lizancos, 2000, p.2).

Os primeiros emigrantes a América proceden primeira e maioritariamente das areas litorais e prelitorais de Galicia (provincias de Pontevedra, A Coruña e norte de Lugo) para despois dar paso a unha maior presenza dos oriúndos interior (Vázquez, 2002, pp.3-4).

### 6.2. A emigración en Vilar de Donas (segunda metado s. XIX – 1930)

Na aldea de Vilar de Donas, a pesar de que descoñecemos a totalidade das emigracións, inda permanecen na memoria de algúns veciños que os seus pais pasaran algún anos na emigración, sendo Cuba o destino predilecto:

- *Ian a Cuba unha tempada, sobre uns anos e volvían, eran moi frecuentes e o parecer iban de todas las casas*, segundo comentaba un dos veciños da aldea.

Froito de estas emigracións, ampliouse unha casa e construiuse outra mais. As influencias de estos emigrantes apenas se ven reflejadas na casa vernacular, onde inda seguen patentes a tradición da casa vernacular decimonónica. Puido ser debido a que as estadías eran de curto tempo e tamén que parte dos capitais se usaron para convertir en propiedade as terras forais, entre outras cousas tal é como refere Villares Paz " *O exodo cara America permitui liberar a agricultura de unha forte presión demografia que sufría e proceder así aun incremento da actividade e produccion (mediante melloras técncias e organizativas), e en fin, a maior mercantilización da produccion agraria galega que se observa no primeiro tercio do século XX sería impensable sin o fenómeno migratorio (…) os pagos de contribucions, desempeño do "gando posto", a adquisición de terras levadas en arriendo, a eliminación de rendas forais e, finalmente, a compra de terras e incluso lugares de importante extensión a fidalgos, nobres o propietarios urbanos…*" (citado por Lizancos, 2000, p.28).

A crise mundial de 1929, van paralizar os movementos migratorios orixinados en Galicia cara América. A interrupción vaise prolongar ata ben entrada a década dos cincuenta, primeiro a consecuencia da belicosidade do período (Guerra Civil Española e a II Guerra Mundial) e sumando o bloqueo internacional do Estado.





Fig.34.Emigrantes subindo a bordo. A Coruña. 1957.
Fonte: Alberto Martí

Fig.35.Barco saíndo do Porto de.A Coruña.1957.
Fonte: Alberto Martí

**6.3. A emigración en Galicia (1950-1973)**

No anos 50 desencadease de novo o fenómeno da emigración cara América, durara aproximadamente unha década. A partir da década dos 60, o destino americano perde forza en prol de novos destinos na Europa, onde se precisa man de obra tras a masacre da Segunda Guerra Mundial, e por destinos nacionais. A emigración a América dirixiuse a destinos como Brasil, Estados Unidos e Venezuela.

Coa crise de 1973 parase a emigración a Europa. Europa fecha as súas fronteiras a man de obra estranxeira comezando daquela o retorno de moitos ou a integración para outros.

Respectos os destinos nacionais, comenza a partir dos 50 unha etapa de bonanza económica que beneficia principalmente a Barcelona, Madrid e o Pais Vasco, e en menor medida a outras áreas, entre elas as cidades de Coruña e Vigo, onde se crean un "polo de desenrolo". Cara estas zonas dirixiranse centos de milleiros de persoas nun fluxo continuo, inda non detido que provocara o despoboamento do interior galego. (Lizancos, 2000, p.3).

Tralo retorno dos emigrados estableceronse no litoral, entre outras causas, desencadearon un exodo poblacional a favor do litoral onde se recolocou a poboación galega vaziando o interior. Estas migracións interiores do campo a cidade producironse a partir da década dos 80, sin que por o momento se detivesen.

A partir da décados dos 90, comenza a darse movementos migratorios de ciclo corto, diario, semanal ou estacional, de gran parte da poboación que se deslocan por motivos de traballo, formación, lecer ,etc de unhas areas a outras.

O capital europeo desatarase a construcción da vivenda propia e a construcción de un pequeño comercio ou establecemento hostaleiro que asegure a sobrevivencia económica do retornado. No rural os investimentos realizados foron intrascendentes según afirma Rafael Baltar: *"o proceso de evolución no rural non contribuiu apenas o retorno de emigrante, conocedor de otros situaciones; tal proceso é obra preferene de quenes permaneceron en Galicia; os emigrantes retornados por voluntade propio, por paro nas industrias exteriores ou por xubilación, limitanse, en xeral a inversion dos seus aforros na construcción dunha nova vivenda ou mellora da existente, promovendo mais un cambio máis aparente que real, o seu aforro atopase máis predisposto a seguir iniciativas en zonas urbanas, perirubanas ou do litoral."*

## 6.4. A emigración en Vilar de Donas (1950-1973)

As primeiras emigracións desta aldea, seran cara Venezuela, mais tarde os destinos dos veciños de Vilar de Donas optaran por Suiza, Francia e Alemania. Posteriormente, os destinos de emigración serán nacionais, principalmente Bilbao, pero tamén Barcelona e Asturias. A verdade é que os destinos case son tan variados como persoas.

Estes emigrantes, vanse uns anos e retornan a aldea natal, con ideas novas e novos capitales, algúns permanecen nas suas vivendas tradicionais e transformanas, outros abandonan estas casas en prol de outras que construen con materiais novos e con ideas traidas dos lugares en que emigraron.

Outros, retornan a Galicia pero establecense nas cidades, abandonando a aldea e tamén as casas ou as manteñen como casas de vacacións, que unha vez que os maiores van morrendo a frecuencia co a que se achegan a aldea disminue, terminando con o deterioro da casa.

Outros emigrantes permanecen durante toda a súa vida laboral no país de destino, e van construir na aldea natal unha vivenda, que en principio usaran para as vacacións coa idea de o chegar a xubilación habitar de maneira permanente esta vivenda.

Este proceso de construcción comeza a finais da década dos 70, mais ben dos 80 e prolongase na década dos 90. A intromision de novos modelos alleos transforma a arquitectura vernácula, de modo que os propios moradores da aldea aceptan estes modelos como mais apropiados para vivir e os repiten, contruindo tipoloxías adaptadas as súas ideas.




Fig. 36. Últimos retornados de Vilar de Donas. 2012.
Fonte: Fotografia privada.

# Capitulo 7. Evolución histórica da casa rural galega

## 7.1. A evolución histórica da casa rural en Galicia

### A primeira vivenda: os castros

A vivenda humana é a mais íntimas das arquitecturas: é a casa. Usamos este termo para referirnos o lugar onde habitamos ou que consideramos o noso lugar de residencia, non só se refire propiamente a vivenda, senón que se pode usar referido a aldea, vila ou cidade onde consideramos que ela está. Tratase de un organismo complexo, no que se mesturan valores humanos, técnicos, económicos e mesmo legais.

A casa galega abrangue aspectos moi distintos pero interrelacionados, que entre todos eles forman a célula base do mundo rural galego. A casa é o primeiro marco onde se desenvolve o individuo, é unha unidade. Dende o punto de vista económico é unha unidade de produción autosuficiente formada pola familia, a casa-vivenda, as construccións adxectivas (palleira, corte, hórreo, alpendre, adega, aira, etc.), e todas as propiedades (a horta, o curro, as leiras, etc). O sistema de organización que rexe a casa marcará certas pautas a seguir polos seus membros nas súas relacións sociais: o petrucio, normalmente o pai, ten a autoridade baseada na posesión da propiedade e marcara as pautas do réxime interno que rexe; sendo apoiado pola nai que xoga un papel moi importante, e a nivel práctico mais efectivo en casos determinados. Cada casa ten un nome, ás veces ao do seu fundador ou as veces un alcume, que identifica os membros de da familia perante o resto da sociedade (Bas López, 2002, pp.33-35).

No Terceiro Milenio a. C. unha mellora nos sistemas de explotación do medio natural deriva en excedentes agrarios, aumento de riqueza e unha forte alza demográfica  que levan a un desenvolvemento da complexidade social e a sedentarización das comunidades humanas (Vázquez González & Granados Loureda, 2000, p.32).

Entre os século X-V a.C. as comunidades castrexas elixiran a localización para a implantación dos seus poboados, xeralmente sobre outeiros, penínsulas marítimas ou esporóns a media ladeira con boas facilidades defensivas e próximos aos terreos de explotación. O poboado é rodeado de unha muralla sinxela, moitas xeradas polo entullo das obras de explanación. Nestes primeiros asentamentos, adóptanse os muros curvos nas súas construccións, mediante o emprego de solucións técnicas simples e adaptadas a topografía e a continuidade de modelos tradicionais de materiais perecedoiros, que axiña van trocar por muros de pedra mais acorde co sentido de unha economía sedentarizada (Vázquez & Granados, 2000, pp.44-45).

Dende mediados do século II a.C. as comunidades castrexas parecen experimentar unha serie de cambios, sendo esta a imaxe do castrexo que chega ata nós. A distribución das construccións dos castros desta etapa aparentemente caóticas, esconden un depurado urbanismo perfectamente adaptado as características do terreo e á organización social galaica. Unha muralla rodea o poboado, o seu paramento interior queda libre de construcción creando un camiño que dará acceso as vivendas. As vivendas organizasen con un sistema “celular” de agrupación de cabanas independentes entre si, que abren a súa entrada a un patio común que normalmente esta enlousado. Asemade e por regra case xeral, a cada vivenda corresponde un almacén. As plantas maiormente son circulares, ovaladas ou rectangulares de influencia das construccións romanas (Vázquez & Granados, 2000, pp.46-50). As vivendas dos castros presentan unhas características baseadas no uso de cachotería de pedra, enfuscados con argamasa, tanto no exterior coma no interior, o que contribuía a mellorar as condición de illamento, e a cuberta cónica construída con materiais vexetais.

O interior da vivenda, pavimentado con terra pisada, barro ou algún enlousado, estaba formado por un único espazo, no que se atopaba un pequeno lar e uns bancos corridos arredor do muro, nos que o parecer se sentaban os moradores para comer (De Llano Cabado, 2006, p.53).



Fig. 37. Castro de Baroña
Fonte: Juan Cedrón



Fig.38. Castro de Vilalonga.
Fonte: Juan Cedron

A finais do século I, as reformas administrativas da época flavia suporán unha lenta e sistemática desestruturación do mundo castrexo, como consecuencia abandonaranse os castros en prol dun novo sistema de explotación do territorio; as *villae* (Vázquez González & Granados Lourido, 2000, p.51).

## A vivenda romana: a *villae.*

As villae: correntemente defínese a villa romana como unha vivenda unifamiliar e illada situada no campo. As villae presentase como un tipo de hábitat rural e de explotación económica agrícola, tipicamente romano, estando formado por: a *pars* ou *villa urbana* correspondente coa residencia do propietario e a *pars-fructuaria* ou *villa rústica* corresponde coa granxa agropecuaria (Vázquez Gonzalez & Granados Lourido, 2000, pp.70-71).

A organización era sinxela, de casas rectangulares con paredes comúns a dúas vivendas, de pequeno tamaño e coas portas a un nivel superior, igual que nas casas citanienses. As coberturas cónicas substitúense por coberturas a dúas augas, nas que o colmo permanece cubrindo a vivenda campesiña (De Llano Cabado, 2006, p.54).



Fig. 39. Villae romana da Toralla. Vigo.

Fonte: http://arqueovigo.blogspot.com.es/search/label/Romanizaci%C3%B3n

## A vivenda rural na Idade Media

Durante a Idade Media, a evolución da casa permaneceu case estancada dende a etapa romana, estipulase que xa hai presenza da casa con patín nalgunhas areas de Galicia, e que conviven a casa terrea coa casa con sobrado. A casa con sobrado comeza a aparecer en documentos a partir do século X.

Namentres, para a cobertura usase un armazón de madeira recuberto por tella, lousa ou colmo. Os muros portantes eran en pedra (De Llano Cabado, 2006, pp.54-56).



Fig.40. Casa terrea tipica da Idade Media
Fonte: (De Llano Cabado, 1996, p.55)

**A vivenda rural na Idade Moderna**

A documentación sobre a vivenda popular no Antigo Réxime é moi limitada, pero contamos con referencias escritas de viaxeiros que pasaron por estas terras, como este relato de John Adams, segundo presidente dos Estados Unidos de unha casa de Betanzos:

*"A casa na que nos aloxamos é de pedra, de dous pisos. Entramos pola cociña, co piso en terra; en lugar de alfombra, palla, pisada polos homes, porcos, cabalos, mulas, etc. e convertida en lama. No medio da cociña había un túmulo, erixido con terra e pedras, sobre o cal ardía o lume e, o redor del, pucheiros, fervedoiros, tixolas, etc.., o estilo do país. Non había cheminea. O fume ascendía e non atopaba outra saída que un buraco aberto a través das tellas do tellado, non na perpendicular do lume, senón en ángulo duns corenta e cinco grados. A un lado había un forno de tiro, moi grande, negro e fumeante; no lado oposto do fogo había un tabuco cheo de palla onde supuxen que o patrón da casa, é dicir, o dono da mesma, a súa muller e os seus catro fillos vivían xunto cos porcos. No mesmo piso da cociña estaba a corte; había unha porta que o separaba da cociña pero sempre estaba aberta, e o chan da corte estaba cheo de palla enlamada, igual que a cociña. (…) O fume, tan denso como é posible, enchía cada canto da cociña, da corte e outras partes da casa, de modo que era difícil ver ou respirar. Había un tramo de escaleiras de pedra que ían dende o piso da cociña ata unha habitación, cubertas de barro e palla; a esquerda, segundo se subían as escaleiras, a medio camiño entre o chan da cociña e a habitación había un taboado; sobre el había unha cama de palla na que xacía un porco cebado. En torno o lume da cociña, sentábanse o home, a muller e os catro fillos, os viaxeiros, sirventés, muleros, etc.. Na habitación había gran cantidade de espigas de millo que colgaban de varas cortadas en tiras lonxitudinais sobre as nosas cabezas.(…) Na outra parte da habitación había un bushel ou dous de castañas, armazóns de dúas camas, leitos de palla sobre eles e unha táboa no medio. O piso non se fregara nin se varrera en cen anos: fume, feluxe, sucidade por todas partes; na habitación había dúas ventas, isto é, dúas troneiras, sen cristal, portas de madeira para cerrar e abrir diante das ventas "*

(García Blanco-Cicerón, 2006, pp.263-264).

## A vivenda rural no século XIX

Como consecuencia da crise do Antigo Réxime, a economía galega vai sufrir un bloqueo no desenvolvemento da economía na segunda metade do século XVIII. Desencadeando durante o século XIX un proceso continuo de emigración que desencadeara nun problema estrutural. Sendo propiamente neste século onde se configuran as diferentes tipoloxías que basicamente chegan ata os nosos días, implicitamente conviven con os tipos que tiñan permanecido invariables dende había mais de un milenio. Este tipos que segundo George Borrow recolle nas súas impresións sobre Galicia, estando formado por tres compartimentos: un para a herba, outro para o gando e outro para a familia (De Llano Cabado, 2006, p.58).

Non obstante, a arquitectura popular alcanza neste século un certo desenvolvemento debido os avances experimentados pola agricultura e dos adiantos técnicos recollidos do construtor rural da arquitectura culta (De Llano Cabado, 2006, p.58). Este desenvolvemento mostrase na proliferación de vivendas de dúas plantas e "*a planta da casa do século XIX crece en tamaño, hixiene e confort. Pasa de ter compartimentos en liña, a ter unha planta mais compacta, centralizada e racional, con espazos diferenciados dentro da casa para os animais*" (Eiros García, 1998, p.10).



Fig. 41. Casa grande do século XIX
Fonte: (De Llano Cabado, 1996, p.59)

## A vivenda rural no século XX

Durante os primeiros anos do século XX manteñense as vivendas labregas con poucas variacións, imaxinamos que foi debido a que o capital inverteuse na redención dos foros e en pequenos cambios introducidos na agricultura.

Comezou un proceso de progreso no medio agrario, que supuxo melloras respecto o século anterior, dito proceso viuse paralizado coa estalido da Guerra Civil Española no ano 1936 e un posterior retroceso, na etapa de posguerra marcado por duros anos de fame e o pecho das fronteiras. Nos anos cincuenta ábrense de novo as fronteiras e comeza o fin deste modelo tradicional.

As primeiras transformacións da arquitectura doméstica no rural son aquelas introducidas polos emigrantes retornados de América neste primeiro terzo do século XX, esta arquitectura chamada *indiana* leva implícita unha preocupación por mellorar o entorno social e traslada estilos urbanos ao medio rural (Alonso Pereira, 2000, p.39); non nos ocuparemos moito de este fenómeno xa que como constata Alonso Pereira "*esta arquitectura indiana, que acompaña a arquitectura culta e a leva a mais afastada esquina do país, importa tanto dentro do fenómeno indiano como dentro da historia da arquitectura de Galicia na que o emigrante que retorna enriquecido, o indiano, é axente dun fenómeno de grandes dimensión"* (Bores Correa, 2000, p.38). Este fenómeno é particular de unhas rexións galegas, namentres que en outras e case inexistente e nalgúns casos acercase moito as arquitecturas vernáculas especialmente en áreas mais rurais e con pouco desenvolvemento técnico. Pola contra, noutros casos defire considerablemente da arquitectura vernácula.



Fig. 42. Casa indiana en Ourol
Fonte: (Bores Gamundi, 2000, p. 462)



Fig.43. Sindicato Obrero Católico de San Benito. Porto do Son. 1925
Fonte: A Voz de Galicia

A década dos 50 marcará un antes é despois na evolución da vivenda rural, racharase por completo con estas tipoloxías evolucionadas lentamente o longo de más de un milenio e crearanse outras completamente distintas, desarraigadas do medio, con materiais industrializados e con uns conceptos completamente diferentes. Especialmente, *nas tres últimas décadas coas que conclúe o século XX, a Galicia rural coñece un novo tipo de vivenda unifamiliar que por decenas de miles se levantarán en practicamente todos os recantos da nosa xeografía* (Lizancos Mora, 2005, p.23).

Estes novos vernáculos crearan tipoloxías extensibles a todo o territorio galego, onde as diferenzas de unhas perante outras; basearanse nas etapa construtiva na que se fan, mais que na localización xeografica. Así por exemplo, *é doado verificar que nas áreas territoriais reducidas conviven edificios de moi diferente forma, de contrapostas organizacións funcionais, mesmo por veces levantados con materiais de construcción que nada teñen que ver entre sí* (Lizancos Mora, 2005, p.32); o que aparentemente parecer ser escapar de toda lóxica racional.

Podemos dicir que se poden distinguir ata tres perfís dominantes na casa contemporánea, aínda que trataremos este tema noutro apartado mais polo miúdo, a modo de sínteses, tal é como Lizancos indica (2005, pp.37-40):

- A casa do período arcaico, é construída entre os anos 1959 e 1973, esta moi fortemente influída pola casa vernácula nos aspectos formal e funcional. Caracterizarase por unha volumetría simple de dúas plantas con aproveitamento no baixocuberta.
- A casa do período rupturista realizarase entre 1973 e 1985, tratara de afastarse das arquitecturas vernáculas. A casa alzarase sobre piares, a planta vivideira estará no primeiro andar o que se accedera por unha escaleira exterior, e multiplicaranse os faldróns na cuberta.
- A casa do período involucionista darase a partir de 1985 ata a actualidade, estas edificación trataran de acercarse na estética a vivenda vernácula, ampliarase a superficie da vivenda que repercutira nun complexo programa e especializaranse as dependencias para atender os distintos momentos da vida domestica.

Paralelamente, as casas vernáculas sufriran transformacións semellantes o longo de este século para adaptarse aos novos modelos de vida e os gustos persoais de cada un dos seus habitantes, influídos polos novos modelos cos que conviven. Outras serán abandonadas en prol destas novedosas arquitecturas rurais.

## 7.2. A casa contemporánea

### A casa contemporánea en Galicia

Nos últimos trinta anos do século XX, por todos os recantos da xeografía galega levántanse un novo tipo vivendas unifamiliares, cunhas características moi afastadas das casas vernáculas tradicionais. O distanciamento destes vernáculos modernos con respecto as arquitecturas preexistentes prodúcese por dous motivos:

- Os cambios producidos no mundo rural a partir dos anos 60, repercuten na crise o mundo rural tradicional; hai unha transformación da agricultura de autoconsumo cara unha explotación de tipo capitalista orientados ao mercado, cambios políticos, sociais e económicos. O que conleva xunto cos movementos migratorios a unha tercialización da sociedade e unha reordenación do espazo galego, debido a concentración da poboación en vilas e cidades (Aldrey, 2006, p.333).
- O retorno dos emigrados, que construíron na súa aldea natal a súa casa. A casa chamada do *emigrante*, no país veciño, constitúen:

  > *un novo repertorio do hábitat vernacular: conforto interior, variedade de materiais e cores vivas. De concepción bastante uniforme, elas exhiben as súas fantasías ó nivel das fachadas: combinacións de modelos de azulexos, pinturas de cores violentas, escaleiras en volutas, varandas ó longo da fachada, tellados en beiril, paredes que definen chemineas monumentais, tellados que se multiplican; todo parece desprezar as tradicións simples e austeras, expoñendo en toda a súa extensión as proezas da técnica* (Villanova, Leite & Raposo, 1995, p.25).

### As tipoloxías da casa contemporánea.

Existen tres tipoloxías diferentes das casas contemporáneas correspondentes cadansúa das tres fases. Para chegar a estas tres tipoloxías é preciso ter en conta:

- Consideracións de orde tecnolóxica; non é posible basearse nos materiais de construción ou nos efectos da súa aplicación, referímonos os sistemas construtivos, cores, texturas, etc. Debido a que na Galicia contemporánea a relación dos materiais coa localización fracturase. Tendo como consecuencia o uso simultáneo, en arquitecturas veciñas en lugar e tempo, de solucións construtivas e materiais dispares. Agora que debese advertir que a escasa tecnoloxía das empresas que

actúan no rural levan que se remate impregnando as construcións de trazos comúns (Lizancos, 2005, p.34-35).

- Consideración derivadas da localización: A nova casa rural renuncia á integración co entorno no que se asenta, isto leva a que os condicionantes xeográficos e culturais deixan de plasmarse na casa. Como consecuencia, nun mesmo ámbito xeográfico e cultural prodúcense respostas distintas antes estímulos domésticos semellantes (Lizancos Mora, 2005, p.35).
- Consideracións derivadas das experiencias migratorias. As experiencias migratorias dos promotores non inflúen de maneira directa sobre a tipoloxía da casa, así individuos retornados nos mesmos momentos dos mesmos destinos xeran arquitecturas domésticas diferentes, e pola contra arquitecturas semellantes son producidas por persoas de traxectorias distintas ou incluso sen ningunha experiencia migratoria (Lizancos Mora, 2005, p.35).
- Consideración funcionais: Atinxindo a funcionalidade a casa contemporánea é diversa e complexa, acolle unha multiplicidade de factores, así pois poder ser unifamiliar ou plurifamiliar, compartir a función residencial con outras funcións de carácter tradicional, ou mais novedosas de tipo comercial, industrial ou hostaleiro.

Podemos dicir que tendo en conta as consideracións anteriormente descritas podemos establecer tres tipoloxías distintas, segundo o estudo do doutor arquitecto Lizancos (2005, pp. 37-43) son as seguintes:

**A casa do período arcaico: 1959 – 1973**



Fig.44. Casa arcaica en Rubiás, Viana do Bolo.
Fonte: (Lizancos Mora, 2000, p.8)



Fig.45. Casa arcaica en Bugallido, Ames
Fonte: (Lizancos Mora, 2000, p.8)

Esta casa está influída pola casa vernácula nos aspectos funcionais e formais. Tratase de unha construción de dúas plantas con baixocuberta. Principalmente, a planta vivideira é a

primeira planta, coa excepción da cociña situada na planta terrea. Namentres que o baixocuberta mantén usos non vivideiros como almacén de produtos agrícolas. Hai unha separación entre as cortes e a cociña, situadas na planta terrea, mediante un pequeno compartimento do cal arranca a escaleira. Crease unha habitación destinada exclusivamente a estancia e multiplícanse os dormitorios, que son asignados os moradores en función dos sexos. Existe unha semellanza coa casa das agras, pertencente a arquitectura vernácula tradicional.

**A casa do período rupturista: 1973 – 1985**



Fig.45. Casa rupturista en Castelo, Trazo.
Fonte: (Lizancos Mora, 2000, p.10)



Fig.47. Casa rupturista en Corredoiras, Boimorto.
Fonte: (Lizancos Mora, 2000, p.10)

A casa rupturista é de gran tamaño, exuberante decoración e renovado esquema organizativo. O mais novedoso é a expulsión definitiva do gando do ámbito doméstico, deixando a planta terrea libre sendo neste espazo onde haberá maiores transformacións. Dende espazos destinados a actividades comerciais, agrícolas ou hostaleiras. Serán usados para gardar os novos vehículos mecanizados usados no campo: tractor, remolque, arado, etc. Os espazos domésticos distribúense o longo dun corredor.

**A casa do período involucionista: 1985…**



Fig.48. Casa involucionista en Insua, Taboada.
Fonte: (Lizancos Mora, 2000, p.11)



Fig.49. Casa involucionista en Seteventos, O Saviñao.
Fonte: (Lizancos Mora, 2000, p.11)

A casa involucionista evidencia a bonanza dunhas xentes que acadaron unha estabilidade laboral sexa no local ou na cidade próxima, tamén ocorre o caso de que os seus moradores dilataron a súa estancia no estranxeiro. A vivenda será exclusivamente residencial e acollera na planta terrea o automóbil. Reafírmanse os estándares de intimidade provocando a fragmentación das áreas de durmir en varias habitación, correspondente un para cada membro da familia, algunha incluso con cuartos de baño privados.

| | Casa arcaica | Casa rupturista | Casa involucionista |
|---|---|---|---|
| Planta terrea | Cociña + Cortes | Usos industriais, agrícolas ou hostaleiros | Garaxe<br>Espazos polivalentes |
| Planta primeira | Uso vivideiro, habitacións separadas por sexos | Uso vivideiro | Uso vivideiro: habitación para todos os membros da familia |
| Baixocuberta | Almacén de produtos agrícolas | Uso vivideiro | Uso vivideiro |
| Tipo de usuario | Vinculado ao mundo agrario | Flúctua entre o rural e o urbano usando a planta terrea como local comercial | Vinculado ao mundo urbano; uso exclusivamente residencial |
| Segundo a realización do proxecto | Promotor con axuda dun construtor | Aparellador/ arquitecto + promotor | O promotor desvinculase do proxecto en prol dos técnicos |

Fig.50. Táboa resumo das tipoloxías da casa contemporánea Fonte: En base a Lizancos Mora, 2005.

Existe outra clasificación das tipoloxías da vivenda rural contemporánea que son:

- A vivenda unifamiliar; tratase de unha construción destinada a fins vivideiros.
- O programa axustase a única planta, aínda que pode complicarse con construción que teñen mais altura
- A vivenda plurifamiliar; varias familias que viven nunha mesma vivenda. Danse dous casos, un é propiamente en vivendas costeiras onde se aluga en temporada de vacacións unha das partes da casa para gañar diñeiro, o outro caso corresponden a subgrupos de unha mesma familia que comparten a vivenda, repartirse a casa segundo as plantas, unha planta para cada familia.

## Características da casa contemporánea

A casa contemporánea conformase con armazóns estruturais de pórticos de formigón armado o que permite liberalizar a planta, isto permítelle o construtor rural contemporáneo a combinación de habitacións de moi distinto tamaño, dimensionadas e proporcionadas de acordo coas necesidades especificas o que está destinado cada local. Polo que se combinan grandes dependencias como comedores e garaxes con estancias de pequeno tamaño como baños ou despensas. A estrutura portante permite unha planta terrea diáfana e a apertura de ocos de diferentes tamaños en calquera punto do alzado (Lizancos Mora, 2005, pp.87-88).

O proceso de construción é complexo, conviven a autoconstrucción, a construción profesionalizada e un sistema mixto. Sendo predominante na casa arcaica a autoconstrucción e na involucionista a construción profesionalizada. De maneira máis xeral, autoconstrucción persiste coa axuda da familia, os veciños e amigos, recorrendo a un contratista para a existencia de labores mais complexos como a cimentación, estrutura, cuberta; e de algúns especialistas tales como fontaneiro, electricista, calefactor, escaiolista ou carpinteiro (Lizancos Mora, 2005, p.69).

A casa do retornado pretende distanciarse da vivenda vernácula preindustrial aínda que se execute con procedementos construtivos contemporáneos, arrastra hábitos propios da cultura preindustrial; como a utilización dos materiais máis próximos e alcanzables, que deixan de ser os proporcionados polo medio a ser os que vende no comercio local. (Fulín Moreno, 1990, p.613).

A construción da casa rural contemporánea dilatase no tempo, chegando a unha media de construción de 5 anos, as causas son debidas o sistema de financiamento, que segundo o aforro que vai tendo a promotor así se vai construíndo, tendo descontinuidades no tempo. Aínda que hai unha permanencia da casa labrega preindustrial que era reconstruída e readaptada continuamente, permanecendo este concepto na casa contemporánea.

Na casa rural contemporánea vanse encontrar dous sistemas culturais diferentes, o rural e o urbano, manifestándose ámbolos dous na casa e provocando a aparición de duplicidades, especialmente de orden funcional.

Na cociña é o lugar da casa onde se ven a gran parte das duplicidades, chegando a haber dúas cociñas emprazadas en lugares opostos da casa, ou unha na planta baixa e outra na planta alta. Correspondendo normalmente a cociña da planta alta para o uso diario da

familia, e a cociña da planta baixa asociada as cerimonias sociais e para as cocción mais vaporosas e olorosas vinculadas a comensalidade ritual. Ou propiamente a duplicidade da cociña bilbaína ou de ferro con a cociña de butano ou vitroceramica.

O coidado enxoval doméstico mostra a duplicidade tanto no lavado coma no secado; pilón e a lavadora conviven co tendal e a secadora. A conservación dos alimentos será asignada o conxelador compartindo coa secado de embutidos que continuase a facer de maneira tradicional, se existe na lareira de unha casa vella, ou chega a facerse un espazo especifico para este labor.

A multiplicidade de accesos que na casa vernácula facíase indispensable para sa separación dos limpos e sucios, permanece na casa contemporánea desvinculado dos usos tradicionais.



Fig. 51: Duplicidades da cociña na casa contemporánea.
Fonte:(Lizancos Mora, 2000, p.63)



Fig. 52: Duplicidades da cociña na casa contemporánea.
Fonte:(Lizancos Mora, 2000, p.63)



Fig.53: Tendal e pilón na casa contemporánea.
Fonte:(Lizancos Mora, 2000, p.64)



Fig.54. Lavadoiro tradicional
Fonte:(Lizancos Mora, 2000, p.64)



Fig. 55. Duplicidade da escaleira na casa contemporánea.
Fonte:(Lizancos Mora, 2000, p.66)



Fig.56. Escaleira na casa contemporánea.
Fonte:(Lizancos Mora, 2000, p.66)

A entrada principal ábrese a un pequeno recibidor que enlaza con un corredor e con as escaleiras exteriores. O corredor conduce as diferentes habitacións, hai casos nos que non existe o vestidor e a entrada da directamente o corredor.

As outras entradas ábrense os locais de usos non residenciais. A colocación da escaleira esta directamente relacionada cos usos e a organización interna que se prevé, a escaleira interior será albergada dentro dun local propio que facilitara a segregación funcional da construción.

A escaleira exterior xunto cos acabamentos das fachadas é onde o promotor aproveita para personalizar a súa casa, coa intención de diferenciarse o máximo posible das construcións veciñas (Lizancos, 2006, pp.89-93).



Fig.57.Acabamentos nunha casa en Boimorto.
Fonte:(Lizancos Mora, 2000, p.78)



Fig.58.Duplicidade de entradas nunha casa en Cambados
Fonte:(Lizancos Mora, 2000, p.65)

**Funcións das dependencias da casa rural contemporánea**

O programa da casa rural resolvese nunha serie de espazos con unhas funcións especificas, que definimos a continuación segundo a funcionalidades especifica para que están feitas as estancias, seguindo o traballo de Lizancos (2005, pp.110-133):

- Espazos para a relación:
    - O recibidor. Situado na entrada principal da casa;
    - O salón. Dependencia de grandes dimensión, situado na fachada principal do edificio, onde se abre con grandes ventanais. Amoblado con luxo, so é usado para acoller as visitas máis cerimoniosas;
    - A saliña. Baixo este nome acóllense unha serie de espazos fragmentados que principalmente se dan na tipoloxía involucionista, espazos ben diferenciados como a *sala da televisión*, o *comedor*, o *estudio* ou a *sala dos nenos*.
    - A galería. Na casa contemporánea perde a súa funcionalidade como colchón térmico transformándose nunha simple solución formal.
    - O balcón. É unha peza de escaso uso e de gran expansión, en numerosos casos son un sucedáneo da galería que non acada un espazo estancial e destínase a outros usos como tendal, secadoiro de froitos e, principalmente, sendo a vía de acceso a vivenda.
- Espazos para a preparación e almacenaxe dos alimentos:
    - O comedor. É unha estancia de gran tamaño dedicada a comensalidade ritual, que se realiza en función da magnitude do grupo que se reúnen en datas especificas, o seu uso infrecuente contrasta co seu tamaño;
    - A cociña. A pautas da cociña contemporánea seguen a ser basicamente as da cociña tradicional, onde as diferenzas serán orden tecnolóxica. Especialmente, na involucionista onde non falta ningún electrodoméstico da vivenda urbana: frigorífico, microondas, lavalouza, fritideira, campá extractora, etc.;
    - A despensa. Destinado especificamente para este fin, situado preto da cociña. O conxelador distanciase da cociña, encontrando acomodo no soto ou plantas baixas non vivideiras;

    - A adega. Para almacén principalmente de viño, disponse por regra xeral nun local fresco próximo o comedor. Independentemente das áreas xeográficas vitícolas aparece na casa contemporánea.

- Espazos para o descanso:
    - Os dormitorios. As zonas de descanso son as que sofren as maiores transformación, na casa rupturista pasan a ser estancias separadas por sexos e para as parellas formais, de tamaño reducido para acoller un cama, un roupeiro e unha mesiña. Na casa involucionista hai un dormitorio para cada membro da familia solteiro, ademais das parellas formais, acadando maiores dimensión para acoller outras actividades como un espazo para o estudio ou un espazo para xogos.
- Espazos para a hixiene:
    - O cuarto de baño aparece a partir da xeralización dos abastecementos de auga na década dos oitenta. Na vivenda arcaica só hai un baño, namentres que na rupturista completase o baño con un aseo para dar cobertura os usuarios alleos a familia, e na casa involucionista onde o cuarto de baño raia o luxo expresado con acabamentos rechamantes, billas ornamentais e sofisticado aparatos sanitarios e dáse unha multiplicación de estes espazos que son dispostos en tódolos andares da casa.
    - Lavadoiro e tendal. A duplicidade no lavado e secado da roupa é común a casa contemporánea, inda que hai diferenzas de unhas tipoloxías a outras. Na casa arcaica a lavadora ocupa un lugar residual en calquera lugar non vivideiro e o tendido da roupa faríase nun tendal colocado na propia leira; na casa rupturista a lavadora acada maior naturalidade nunha area non vivideira destinada para este fin e o tendido nun local próximo a lavadora. Na vivenda involucionista as dependencias usadas para o lavado e secado están perfectamente definidas e localizadas no soto do edificio.
- Espazos para actividades produtivas agrarias:
    - Almacén de colleita / Almacén de trebellos. Estes espazos principalmente teñen cabida na casa arcaica, onde hai un programa complexo de dependencias destinadas a albergar animais, ferramentas, maquinaría

agrícola e froitos, trebellos agrícolas ou incluso tanques de enfriamento do leite. Estas dependencias desaparecen ca casa rupturista.

- Espazos para actividades produtivas non agrarias:
    - Local comercial. Danse principalmente na casa rupturista onde se aproveita a planta terrea para crear un negocio comercial: bar, restaurante ou un comercio, como panadería ou supermercado.
    - Estabelecemento industrial: Tamén na casa rupturista onde se instalan na planta terreas estabelecementos dedicados a taller de automoción, de maquinaria agrícola ou de materiais de construción.
- Espazos non vivideiros:
    - Garaxe. Inclusión do garaxe na casa, a partir da casa rupturista;
    - Espazos para o ocio: sauna, forno, taller, churrasco, etc. Espazos sofisticados que aparecen na casa involucionista;
    - Espazos de reserva. Espazos sen un uso propiamente, na espera de unha ocupación futura por parte de algún membro da familia que este desvinculado, aparece propiamente na casa involucionista.

### Casa rural contemporánea *versus* casa rural tradicional

A casa rural contemporánea non podería ser entendida sen ter en conta o modelo da arquitectura tradicional galega. A pesar da ruptura brusca na casa rural pódese dicir que é mais de aparencia que de fondo, xa que se arrastran moitas pervivencias da casa-vivenda tradicional. Polo que nos parece fundamental percibir cales son estas transformacións.

| | Casa rural tradicional | Casa rural contemporánea |
|---|---|---|
| **Caracterización** | *A casa-vivenda galega, aínda que tendo unha gran variedade de modelos, conta cunhas características construtivas espaciais e funcionais comúns a todos eles.(…) o complexo rural(…) presenta diferenzas nas súas súas expresións arquitectónicas básicas e de orden funcional. (Caamaño, 2006.a, p.125).* | Podemos dicir que a casa contemporánea caracterizase por unha amplía variedade de materiais de construción e solucións construtivas, por renuncia a integración co entorno e unha multiplicidade de esquemas funcionais. |
| | As tipoloxías van en función do modelo económico que as xera. | Os cambios económicos no tempo son factores determinante na concepción das tipoloxías. |
| **Modelo económico** | Autárquico.<br>A economía está determinada polo clima e o medio. | Capitalista.<br>A economía ben terminada pola industrialización do agro, a tercialización da poboación e as achegas de capital dos emigrados. |
| **Tipoloxías** | Condicionada pola diversidade de climas, relevos factores sociais, a economía e compoñentes de carácter cultural; dando lugar cinco tipoloxías con diferentes subtipoloxías dentro de estes tipos | Condicionada por unha multiplicidade de factores e situación complexas, dando lugar a tres tipoloxías:<br>- A casa arcaica<br>- A casa rupturista<br>- A casa involucionista |

Fig.59.Táboa comparativa da casa rural tradicional con a casa rural contemporanea.
Fonte: En base a (Caamaño Suarez, 2006.a.) e (Lizancos Mora, 2005)

Tipoloxías da casa-vivenda tradicional

(Caamaño Suarez,2006.a):

- A casa das serras
    - A palloza
    - A casa serrana de alta montaña
    - A casa serrana de media montaña
    - Casa terrea
- A casa das chairas e depresións lucenses
- A casa das agras coruñesas
    - A casa-vivenda con cuberta a dúas augas
    - A casa vivenda de fachadas lonxitudinais e fiestras en ambas
    - A casa-vivenda sen dependencia algunha pegada
    - A casa-vivenda aberta, próxima o litoral
- A casa meridional
- A casa mariñeira do litoral
    - A casa terrea
    - A casa do patín
    - A casa de dous andares entre medianeiras
        - A casa con corredor
        - A casa con soportal
        - A casa con galería
    - A casa do pincho
        - A casa do pincho terrea
        - A casa do remo
        - A casa do pincho de dous andares




Fig.60. Aproximación ó mapa dos diferentes espazos xeográficos galegos cos concellos e as tipoloxías de casa-vivenda que se producen en cada un deles.
Fonte: (Caamaño Suarez, 2006.a., p.127)

| | Casa rural tradicional | Casa rural contemporánea |
|---|---|---|
| **Sistema construtivo** | Muros de cachotería de pedra. | Pórticos de formigón armado. |
| **Materiais usados na construción** | pedra, madeira, xisto, tella, colmo, cal e barro | Ladrillo, cemento, azulexos, plaqueta, xisto, madeira, tella, aluminio, PVC, etc. |
| **Lugar de encontro dos materiais** | Dispoñible no medio inmediato | Dispoñibles nas tendas más próximas |
| **Materiais de cobertura** | Armazón de madeira, colmo, tella ou lousa de xisto | Viguetas de formigón armado pretensado, fibrocemento, tella, xisto, placa de formigón, etc.. |
| **Materiais usados nas paredes, exteriores** | Pedra, reboco de morteiro de cal e area | Ladrillo, illantes, recebo de cemento, múltiples revestimentos: pedra de granito, morteiros monocapas, pintura |
| **Materias usados en paredes interiores** | Tabiques de pallabarro, taboados de madeira | Tabique de ladrillo revocado e pintado, pladur, etc… |
| **Materiais usados para solo e teitos** | Madeira | Plaqueta, terrazo, madeira, parqué, escaiola, entre outros. |
| **Ocos** | Ocos pequenos con carpinterías de madeira e vidro. | Ocos grandes con carpinterías de PVC, aluminio e vidro. |
| **Autores da construción** | Autoconstrucción | Autoconstrucción / Construción profesionalizada / mixto. |
| **Ornamentos** | Prima a austeridade, tratase de mostrar o bo gusto do propietario | Decoración confusa, desordenada e excesiva. Trata en distinguir a cada usuario do veciño e mostrar o nivel económico do dono |
| **Elementos saíntes da liña de fachada** | Escaleiras, corredores, solainas, patíns, galerías ou balcóns. | Escaleiras, beiril, balcóns, galerías, corredores. |
| **Distribución da casa** | Cociña, cortes, cuartos, barra, sala de respecto, espazos para almacén | Cociña, salita, salón, comedor, dormitorios, baños, aseos, garaxe, estabelecemento comercial, industrial, corte, espazos de reserva, lavandería, espazos sen uso, almacén, despensa. |
| **Construcións adxectivas** | Para gardar os alimentos: celeiro, hórreo, adega, palleira; e para tarefas agrarias: alpendre, alboio, lagar, forno, forxa,etc. | Garaxe, cociña de lareira para secar embutidos, barbacoa, pequenos cortellos para animais de pequenos, coellos, pitos ou porcos. |
| **Envolvente** | Eira, horta, curro, etc. | Xardín, horta. |

Fig.61.Táboa comparativa da casa rural tradicional con a casa rural contemporánea.

Fonte: En base a (Caamaño Suarez, 2006.a.) e (Lizancos Mora, 2005)




Fig.62. Casa-vivenda tradicional
Fonte: (Caamaño, 2006.a, p.104)

Muros: 1- Lumieira, 2-Agulla, 3-Tranqueiro, 4- Xamba, 5-Peitoril
Patín: 6-Chanzo, 7-Patamal, 8-Varanda.
Corredor: 9-Machón, 10-Esteo, 11-Balaustres, 12- Varanda, 13-Columna
Cubertas: 14-Capialzo, 15-Soleira, 16-Trabe, 17- Pendolón, 18-Tesoiras, 19-Cango, 10-Lata, 21-Gardaventos, 22- Cume, 23- Cheminea
Interior: 24-Trabe, 25-Pontón, 26-Piso, 27, Parladoiro, 28- Cambota, 29-Lareira, 30-Dobre




Fig.63. Casa rural contemporánea
Fonte: (Leiro, 2002, p.25)

## 7.3. Evolución histórica da casa rural en Vilar de Donas

Dende o século XII aparecen datos sobre lugares pertencentes ao coto de Vilar de Donas, son o xerme do que hoxe serán as aldeas. No século XVIII coñecemos as características das casas que conforman estes lugares.




Fig. 64. Táboa de número de casas por lugar.

Fonte: Elaboración propia con base no Catastro de Ensenada, 1753; Arquivo Histórico de Lugo

**Casas segundo o numero de andares**




Fig. 65. Táboa de casas segundo o número de andares.
Fonte: Elaboración propia con base no Catastro de Ensenada, 1753; Arquivo Histórico de Lugo

A parroquia de Vilar de Donas no século XVIII está configurada en 22 lugares ou casais. Ditos lugares están formados entre unha e tres casas, tal é como indica o gráfico. Sendo excepcional, o conxunto de 3 vivendas por lugar.  O largo do século XIX algúns de estes lugares uniranse formando unha soa aldea.

Tendo en conta, as características das vivendas, podemos dicir que convivían a casa terrea coa casa de dúas plantas, nunha proporción de un 50%. Sendo predominante a vivenda illada, aínda que hai algúns casos nas que dúas vivendas comparten unha mesma parede.




Fig.66. Táboas de casas segundo a superficie
Fonte: A partir do catastro

A superficie en planta oscilaran maioritariamente entre os 50 e 100 m2. Tamén observamos na gráfica algunhas vivendas con dimensión considerables, son casas

pertencentes a fidalguía en contraposición vivendas de dimensión inferiores os 50 m2, posiblemente casetas de pobres. En ámbolos dous casos son excepcionais.

As dimensións da parte frontal da vivenda, o alzado principal é moi variable entre 6-7 varas (5-6 metros) e as 20 varas, uns 17m de fachada, tal é como podemos apreciar na gráfica, excepcionalmente vemos dúas vivendas de dimensión considerables.




Fig.67. Táboa de casas da parroquia de Vilar de Donas, segundo as dimensión de largo e ancho

Fonte: Elaboración propia con base no Catastro de Ensenada, 1753; Arquivo Histórico de Lugo

Respecto o ancho varia entre as 6 e 8 varas (5 - 6,5 m), inclusivo os casos mais excepcionais non superan os 12 metros. A explicación de este fenómeno ven dada polo material empregado para a cobertura e a estrutura do sobrado: as vigas. As vigas de madeira, condicionaban o ancho da vivenda, posto que non era moi doado conseguir vigas que cubrisen grandes luces.

## A casa rural en Vilar de Donas no século XVIII

As primeiras vivendas na aldea de Vilar de Donas das que temos constancia aparecen no século XVIII, onde conviven as casas terreas coas casas de dúas plantas. Hai un total de 5 vivendas, dúas terreas e tres de dúas plantas.

Dúas pertencen o mosteiro, namentres que as outras son vivendas tipicamente labregas, pero o parecer non había grandes diferenzas entre unhas e outras.

As vivendas terreas desapareceron no tempo, so quedan rexistro de elas no Catastro de Ensenada e algún pequeno vestixio da súa presenza, en xeral eran vivendas en feitas en cachotería de pedra, de pouca altura e escasos ocos, a cobertura asentábase nun armazón de madeira sobre o cal descansaban as lousas. A separación entre compartimentos, no caso de que existira era feita por un taboado de madeira.

As vivendas de dúas plantas sobreviviron o tempo, algunhas moi transformadas do patrón orixinal, outra menos transformadas, inda se pode ler na pedra os cambios introducidos e outra que practicamente conserva a súa estrutura orixinal, coa perda de algunha función ao ampliarse posteriormente.

A vivenda tipo, de planta alta do século XVIII, tería unhas características e funcións semellantes a esta casa, que inda se conserva sen moitas variacións:

As paredes estaban formadas por grosos muros portantes duns 70 cm, en cachotería de pedra. Sobre os muros descansaba un armazón de madeira que servía de soporte para as lousas do tellado. A planta baixa configurábase pola cociña e as cortes. A entrada a vivenda facíase directamente pola cociña, o lar situase nunha esquina, sendo unha pedra no chan onde se fai lume, carecían de cheminea, o fume saía o exterior por unha trapela no tellado, pequenas lacenas embutidas na parede que dan fe da localización da cociña na casa. A única división que habería entre a cociña e as cortes era feita con chantos de pedra e táboas. Os ocos na planta baixa son pequenos, simples tragaluces abertos por onde corre o aire, sendo a única ventilación da vivenda.

Desde a cociña, hai unha escaleira en madeira pola que se accede a barra, un pequeno espazo que serve como secadoiro case por riba do lar, tras da barra dividido por un simple taboado hai un pequeno cuarto, polo que entra luz a través da única venta da casa da casa, con carpinterías de madeira e vidros e contras interiores en madeira que impidan o paso da luz. Era frecuente que o volume da casa se anexase outro usado para as cortes, aproveitando os desniveis do terreo.




Fig.68. Planta baixa e alta da casa de Arcovello no século XX. (reconstrucción)
Fonte: a partir dos datos recollido no local.

En canto o mobiliario, contamos con unha descrición da casa do mosteiro, por esta altura non se diferenciarían da casa labrega, polo que supoñemos que sería moi semellante en tódalas casas, seguindo o libro de visitas de 1748:

> *"Tres camas de castaño, un bufete de castaño, dúas cadeiras de banqueta, unha lacena grande, unha mesa con un estante para libros, dous paños de cama, tres arcas grandes, tres mesas de sentarse, dúas camas mais para os criados, unha arca de 6 fanecas, un roupero de madeira e dúas artesas de amasar".*

**A casa rural de Vilar de Donas no século XIX**

O longo do século XIX, o perfil de vivenda muda. Durante este século construiranse a maior parte das vivendas populares e ampliaranse algunhas das existentes que chegan ata os nosos días.

Desaparece a vivenda terrea, e proliferan as vivendas de dúas plantas. A casa crece en tamaño, tanto en planta como en alzado, e consolidase a casa con sobrado.



Fig.69. Planta alta de unha vivenda de Vilar de Donas no século XIX.
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recollido no local.




Fig.70. Lareira típica galega.
Fonte:(Caamaño Suarez, M., 2006.a: p.133.

A barra permanece nas vivendas existentes convivindo co sobrado, sendo un elemento de transición entre a cociña e o sobrado.

Na casa con sobrado sepáranse os diferentes usos, a planta baixa será destinada a cociña e as cortes. A cociña será unha estancia independente que se comunicara coas cortes por unha porta. A cociña é espazo multifuncional, sendo o núcleo principal da casa, o núcleo construtivo é a lareira, o seu redor atópanse os escanos, bancos, tallos onde se senta a familia para comer, descansar ou falar. Ademais atoparemos a mesa de alzar, unha maseira, unha arca, e o vertedeiro situado baixo da fiestra. Nos muros que limitan a cociña podemos encontrar lacenas feitas nos muros onde se gardan as provisións, arrimado as paredes podemos atopar o cunqueiro e o canteiro. Na parte alta estará o sobrado, será un espazo aberto sen divisións, no caso de habelas serán as muros portantes que os dividiran. O moblaxe será simple formado por algunhas camas, unhas arcas onde gardar a roupa. No caso de haber una estancia de maior tamaña será onde se sitúe a sala de respecto, que

distinguirase por haber una mesa grande rodeada de cadeiras e un chineiro, será a estancia onde se fan as celebracións como a festa, bautizos, casamentos ou se velan os mortos.

No caso de casas-vivenda de menor tamaño atoparemos os mesmo elementos nun só espazo.

Polo xeral, na parte alta da casa iluminaranse os cuartos con fiestras, namentres que na parte baixa só a cociña contará con unha xanela, malia que nas cortes haberá pequenas bufardas ou respiradoiros. Nalgunhas casas aparece de maneira mais illada pequenos balcóns no primeiro piso.

As paredes interiores estaban encaladas, en contraposición coas paredes exteriores que lucían os cachotes de granito a cara vista.




Fig.71. Lareira típica galega

Fonte: (Caamaño Suarez, 2006,a., p.133)

**A casa rural de Vilar de Donas no século XX.**

Durante a primeira metade do século XX, a casa rural apenas ten diferenzas coas vivendas decimonónicas. Podemos concluír que hai unha consolidación definitiva da vivenda de dúas plantas con tendencia a unha forma cadrada en planta. Os usos da planta baixa son as cortes e a cociña, hai pequenas diferenzas na cociña respecto a século anterior. Xa que a cociña e un volume mais independente, as escaleiras que soben o sobrado pasan estar fóra da cociña. Aparecen espazos intermedios entre as cortes e a cociña, que se usan para a tulla, o salgadoiro, desde estes espazos que se fan extensibles as cortes e dende por onde se accede a parte alta das casas. Aparecen outros elementos que anteriormente non tiñan propiamente un espazo, como o caldeiro dos porcos.

Na planta alta están os cuartos, onde dorme a familia e a sala de respecto. A sala de respecto é usada ademais de para as celebracións como un cuarto onde dormen os membros da familia. E usual que a estancia a que se accede dende o piso terreo sexa esta sala.



Fig.72. Cociña na actualidade de unha casa de Vilar de Donas, deshabitada dende os anos oitenta.



Fig.73. Sala de respecto na actualidade de unha casa de Vilar de Donas

**A transformación da casa rural tradicional a partir dos anos 50.**

A partir dos anos 50 comeza un proceso de transformación das vivendas populares tradicionais que chega ata os nosos días, estes procesos producíronse en diferentes etapas, ora que neste apartado enumeraremos de maneira xeral estas transformación, é mais adiante concretarase en cada unha das casas. Así pois estas transformación son as seguintes:

Encintado con cemento nas paredes exteriores e pintado de branco por riba

Recebo de morteiro de cemento a toda a fachada, deixando a vista as padieiras, peitorís e xambas dos ocos e os xuntoiros alternos das esquinas. Incluso se chega a pintar liñas en cor branco simulando sillares.

Apertura e /ou ampliación de ocos.

Substitucións das carpinterías de madeira por carpinterías de aluminio e posteriormente por carpinterías en PVC.

Galerías en aluminio ou PVC.

Desaparición da lousa de xisto como material de cobertura a favor da tella do país.

Substitución da estrutura tradicional do tellado por forxado en formigón armado, placas de fibrocemento e tella do país.

Uso de viguetas de cemento para apoio do tellado.

Retirada dos animais das cortes o que leva a rehabilitar estes espazos para outros usos tales como comedor, rocho, sala, despensa, baño, etc.

A cociña sofre unha verdadeira revolución, primeiro substitúese a lareira por a *cociña bilbaína* que convivira posteriormente coa cociña de butano. O piso enlousase, despois chega a pavimentarse con un morteiro de cemento e finalmente, colócanse baldosas. Os electrodoméstico van entrando de maneira moi lenta na casa-vivenda; microondas, lavalouza, lavadora, etc.

Integrase o baño a casa-vivenda.

Intégranse tamén as instalacións de luz, auga corrente, televisión, telefono, internet e a calefacción (eléctrica ou de gasóleo).

A sala de respecto convertese en comedor e pasa a ser unha estancia completamente independente.

Substitución do forxado de madeira en pro da placa en formigón.

Compartimentación dos cuartos en habitacións para maior intimidade entre os membros da familia, mediante tabiques de ladrillo revocados e pintados. Incremento do número de estancia e da especialización funcional.

Substitución da escaleira en madeira por unha en formigón e ladrillos, en algún caso despois de uns anos retornouse a substituír a escaleira de formigón pela da madeira.

Encintado con morteiros de argamasas mais adecuadas a rehabilitación.

As construcción adxectivas adáptanse a novos usos como garaxe, ou chegan a perdelos completamente chegando a ser meros elementos decorativos como hórreo.

Dáse tamén casos de engaden volumes novos, con linguaxes completamente distintos, (estrutura de piares en formigón, con paredes convencionais, revocadas con argamasa de cimento, coberturas en fibrocemento ou coberturas terraza), os que se trasladan usos existentes na vivenda, como é o caso de unha casa a que se engade un novo volume onde se trasladara a cociña.

Nalgún caso mais extremo, a casa-vivenda sofre un completo baleirado interior e a reconstrución de todo o espazo interior.

Danse altura a casa-vivenda.

Os muros portantes retiráselles a metade do grosor do muro, reforzando con formigón armado para que non perda resistencia, coa intención de gañar espacialidade interior nas estancias interiores.

Colar laminas de pedra sobre paredes feitas de novo en formigón armado, para simular os cachotes dos muros tradicionais.



Fig.74. Fachada revocada en cimento de unha casa-vivenda de Vilar de Donas.



Fig.75.Galería en PVC incorporadas unha casa-vivenda de Vilar de Donas.



Fig.76.Perda do uso do forno nunha casa-vivenda de Vilar de Donas.

**Novas casas rurais construídas en Vilar de Donas**

A partir da década dos 70 do século XX ábrese unha nova etapa construtiva nas construccións rurais de esta aldea. Comeza un proceso de construcción de novas vivendas moi diferentes da casa-vivenda tradicional. Principalmente, este fenómeno efectúase durante a décadas dos anos 80 e 90, o finalizar a época dos 90, parece estancarse este proceso ata a actualidade.

Produciuse unha quebra dos vínculos de relación da vivenda co medio no que se asenta, provocando unha distorsión entre a tipoloxía e o emprazamento onde se localiza. Así o manifesta Ferráns e Pérez Alberti *"as novas construccións carecen dunha tipoloxía definida e é posibel ollar un mesmo tipo de casa na Serra de Queixas, no Val do Miño, en Valdeorras ou en Celanova. Hai unha uniformidade que non existía no pasado"* (Citado por Lizancos Mora, 2003, p.33).

Existe unha gran dificultade a hora de tratar de tipificar ou definir estas vivendas, trataremos este tema neste apartado de un modo xeral.

Para empezar todas as vivendas construídas son unifamiliares, podemos distinguir entre vivendas de planta baixa e vivendas de dúas plantas.

Finalmente, algunhas de estas casas durante o proceso de construcción ou despois de levar un tempo un tempo habitándoas, os usuarios precisaban de outros espazos que non proxectaran e decidiron construílos posteriormente, así podemos atopar con vivendas de planta baixa con baixocuberta e soto sendo elementos que se engaden a posteriores.

| | C. Jaime | C. Pepe Vilar | C. Manolo Vilar | C. Jesús | Villa Astur | C. Venezuela |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Casas de Planta Baixa | | | | | | |
| Casas de Dúas Plantas | | | | | | |
| Soto | | | | | | |
| Baixo cuberta | | | | | | |
| Planta baixa habitable | | | | | | |
| Planta alta habitable | | | | | | |
| Garaxe integrado no volume da casa | | | | | | |
| Outros usos non vivideiros | | | | | | |

Fig. 77. Táboa de usos e plantas das casas contemporáneas de Vilar de Donas.

Polo xeral a planta que esta a cota do terreo, a planta baixa, é maiormente a habitable, onde se encontran as estancias principais; cociña, comedor, dormitorios e baños. Namentres que nas casas nas que segunda planta é a habitable, trasladase este mesmo esquema o primeiro piso.

E no caso ámbalas dúas plantas sexan vivideiras, entón hai unha separación das zonas de día (cociña, comedor, sala, aseo/baño) das zonas de noite, onde as zonas de día estarán na planta terrea e as de noite no primeiro andar.

| Cobertura | C. Jaime | C. Pepe Vilar | C. Manolo Vilar | C. Jesús | Villa Astur | C. Venezuela |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Tellado a dúas augas | | | | | | |
| Tellado quebrado | | | | | | |
| outros | | | | | | |
| nº de chemineas | 1 | 3 | 2 | 2 | 2 | 3 |
| Aleiros | | | | | | |
| Canelóns vistos recollida de augas | | | | | | |
| Tellado en tella | | | | | | |
| Tellado en lousa de xisto | | | | | | |

Fig.78. Táboa de tipos de cobertura das casas contemporáneas de Vilar de Donas.

O tipo de coberturas son os tellado quebrados, a partir de unha cobertura a 4 augas, québranse os faldróns e multiplícanse, usase para aproveitar mais o espazo baixo cuberta, pero tamén acontece sen que chegue a ter utilidade algunha, posiblemente por unha cuestión do gusto do propietario.

O aleiro convertese nun elemento esencial da cobertura e os tellados de tella e de lousa redondeada ou cadrada conviven de maneira equilibrada.

O número de chemineas duplicase e incluso se triplica o que indica unha duplicidade do fogar.

| Comunicacións verticais | C. Jaime | C. Pepe Vilar | C. Manolo Vilar | C. Jesús | Villa Astur | C. Venezuela |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Escaleira pelo interior | 2 | 1 | | 1 | | 1 |
| Escaleira pelo exterior | | 1 | 1 | 1 | | |

Fig.79. Táboa de comunicacións verticais das casas contemporáneas de Vilar de Donas.

As comunicación verticais tamén se duplican, produto das transformación que os propietarios fixeron a posteriori para ampliar a vivenda a outros usos non contemplados, como bodega ou a creación de dormitorios a maiores. Noutros casos, foron feitos a propósito co fin de acceder pelo interior dende o garaxe, e sendo a escaleira exterior o acceso principal o público, en contraposición o interior privado.

| Revestimentos de Paredes | C. Jaime | C. Pepe Vilar | C. Manolo Vilar | C. Jesús | Villa Astur | C. Venezuela |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Revocadas e pintadas | | | | | | |
| Morteiros monocapa | | | | | | |
| Outros materiais | | | | | | |

Fig.80. Táboa de revestimentos de paredes exteriores das casas contemporáneas de Vilar de Donas.

Existe unha gran diversidade entre os revestimentos elixidos pelos donos para os exteriores, desde o mais usual revocado e pintado, a diversos morteiros monocapa con texturas distintas e incluso diferentes cores, usando unha cor para a parede e outra para facer un contorno o redor dos ocos e nas esquinas, no caso de algunha vivenda de dúas plantas incluso marca con cor distinta os forxado lonxitudinal que separa as dúas plantas. Pero tamén se utilizan outros revestimentos como bloque ou arxila que imita os ladrillos.

| Ocos | C. Jaime | C. Pepe Vilar | C. Manolo Vilar | C. Jesús | Villa Astur | C. Venezuela |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Carpinterías en PVC | | | | | | |
| Carpinterías en aluminio | | | | | | |
| Reixas nos ocos | | | | | | |
| Outros materiais protección de fiestras | | | | | | |

Fig.81. Táboa de ocos das casas contemporáneas de Vilar de Donas.

As carpinterías en PVC gañan terreo as carpinterías en aluminio desaparecendo por completo as carpinterías en madeira, e frecuente o uso de persianas polo exterior, nalgún caso acompañada de outros elementos como contras ou reixas. As véntanas soen ter grandes dimensión.

| Solos | C. Jaime | C. Pepe Vilar | C. Manolo Vilar | C. Jesús | Villa Astur | C. Venezuela |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Baldosa | | | | | | |
| Madeira | | | | | | |
| Cemento | | | | | | |

Fig.82. Táboa de tipos de solos nas casas contemporáneas de Vilar de Donas.

A baldosa é o material por excelencia usado para o recubrimento do chan, usase en calquera estancia da casa, pola contra a madeira só se reserva en determinados casos para os dormitorios e o cemento e usado para pisar o garaxe, bodegas ou espazos que non teñen un uso especificado, fundamentalmente atópanse no piso terreo de vivendas de dúas plantas coa planta vivideira no primeiro andar, no soto ou no baixocuberta.

# Capitulo 8 – A evolución do crecemento morfolóxico de Vilar de Donas

## 8.1. A evolución morfolóxica da parroquia de Vilar de Donas

No século XVIII a maioría dos lugares estaban consolidados, aínda que pouco sabemos dos camiños interiores de Vilar de Donas, coñecéndose soamente o trazado dos principais camiños reais que atravesaban o coto de Vilar de Donas nesta etapa. Tendo que intuír algún posible trazado para o acceso ó Mosteiro de Vilar de Donas, en función do trazados dos anos 50.




Fig. 83. Coto de Vilar de Donas no século XVIII

Fonte: A partir do Cadastro de Ensenada e o PXOM 2005

No ano 1956 realizase o primeiro voo sobre Galicia, a través das ortofotomapas obtidas de este voo podemos reconstruir os camiños e as entidades singulares ou aldeas.




Fig. 84. Reconstrucción da parroquia de Vilar de Donas nos anos 50
Fonte: A partir das ortofotomapas do voo de 1956




Fig. 85. Parroquia de Vilar de Donas na actualidade

Fonte: A partír do PXOM de 2005

A maior parte das aldeas manteñen case invariable a mesma estrutura decimonónica. Coa a excepción dúas aldeas que crecen desde o século XIX ata os anos 50, e outras dúas crecen desde os anos 50 en diante. Especialmente, estes últimos crecementos son os que mais influencia teñen sobre o territorio, xa que as vivendas disemínanse seguindo as vías de comunicación.

O que mais repercusión ten sobre o territorio son as vías de comunicación, a pesar de que foi imposible chegar a reconstruír os camiños do século XVIII, so podendo deseñar os camiños mais importantes, reconstruídos a partir da Cartografía de Domingo Fontán tendo en conta o territorio a estrutura dos asentamentos, podemos dicir que se mantería moi semellante a traza dos anos 50.

Nos anos 50, como observamos no mapa, os camiños entretecíanse creando unha estrutura complexa onde con grandes complicacións sendo moi dificultoso distinguir os camiños principais usados para establecer as comunicación, e dicir, establecer a diferenza entre a rede primaria, a rede secundaria de camiños e as corredoiras de uso vinculado as labores agrogandeiras. Esta circunstancia, ocasiona gran dificultade a hora de cartografar estas redes de comunicacións, xa que se chegan a confundir as vías co parcelario.

De cada aldea parte unha rede de camiños sendo frecuente o numero de catro camiños, un en cada dirección, que levan a comunicarse para cas outras aldeas ou ben van para as leiras e os montes, exceptuando no caso de que o emprazamento da aldea estea no curso dun camiño.

No transcurso dos anos 50 en diante, esta rede de camiños simplificouse. As pistas substitúen os camiños, aínda que se mantén o trazado dos antigos camiños.

A influencia dun gran eixe de atracción, a Estrada Nacional de Lugo-Santiago, determina que se rompa trazado tradicional dalgúns camiños coa finalidade de proporcionar un acceso o mais recto posible cara esta estrada.

A maior perda de camiños ben determinada pola reestruturación da propiedade. A pesar de que non chegou a haber concentración parcelaria nesta parroquia, a maioría dos veciños teñen a propiedade concentrada, sendo consecuencia dunha tardeira remisión dos foros. Debido a que a propiedade foral, que se concedía a cada aforado, tiña entre outras clausuras a indivisibilidade das terras aforadas, tal é como se manifesta nos documentos privados dos veciños. Pese a esta invisibilidades, cada finca estaba subdivida en pequenas parcelas as que se accedía a cada unha por un camiño ou corredoira. O cambio no sistema

de traballo tradicional leva a que estas pequenas parcelas se convertan nunha soa debido a os procesos de industrialización, tendo como consecuencias a desaparición de moitos camiños.




Fig.86. Evolución morfolóxica da aldea de vilar de Donas

Fonte: A partir da cartografía de Fontán, Catastro de Ensenada, Ortofotomapas de 1956 e PXOM 2005




Fig.87. Ortofotomapas 1956.
Fonte: SITGA



Fig.88. Ortofotomapas 2012.
Fonte: SITGA

## 8.2. A evolución do crecemento morfolóxico da aldea de Vilar de Donas

### Antecedentes

A primeira construcción en Vilar de Donas é unha pequena capela, a de San Lourenzo, ó redor da cal medra un Mosteiro, estámonos referíndonos o século XII. Durante o século XIII, este mosteiro prospera e constrúese a Igrexa, a súa peza mestra.

De este mosteiro inicial só conservamos a Igrexa, o resto das dependencias fóronse perdendo e modificando o longo dos séculos.

A finais século XV e principios do XVI, os visitadores que por estas terras pasaban deixan constancia escrita de cómo era o Mosteiro de Vilar de Donas. Podendo a través destes documentos chegar a facer unha reconstrución espacial de cómo podía funcionar.

A casa dos Cabaleiros de Santiago de Compostela será a única construcción que haberá neste lugar. Haberá que esperar até o século XVIII para ver aparecer as primeiras casas-vivenda en Vilar de Donas.




Fig.89. Primeira construcción en Vilar de Donas século XVIII

**Vilar de Donas no século XVIII**

Chegado ó século XVIII o Mosteiro de Vilar de Donas está moi empobrecido e iso faise notar na súa morfoloxía que perde por completo o carácter mosteiro. As dependencias que sobreviven úsanse como vivendas, hai referencias da época do mal estado no que se encontraban, pese a todo conservan o uso residencial no que habitan algúns cabaleiros e uns cantos criados que aquí residen. O perder este carácter de mosteiro transformase nun lugar o que chaman Priorado.

O redor do Priorado fórmanse dous lugares mais: Arcovello e O Vilar.

Estes tres lugares están formadas por un conxunto de cinco vivendas repartidas da seguinte maneira:

Priorado: dúas casas (unha de planta baixa e unha de planta alta)

Arcovello: dúas casas (unha de planta baixa e unha de planta alta)

O Vilar: unha casa (casa de planta alta)

Dificilmente podemos coñecer os camiños polos que transitaban os veciños desta época, aínda que podemos reconstruír algún dos camiños mais principais (camiños reais) descritos pola cartografía de Domingo Fontán e sobrepoñendo as ortofotomapas do ano 1956, podemos ter unha idea bastante próxima de como funcionaban as comunicacións.

O minifundismo e a parcelación da propiedade era determinante para o trazado dos camiños, reforzando o marco natural do trazado, había unha rede intensas de acceso a poboación ó uso da superficie cultivable (Barreiro, 2001). E probable que a rede de camiños se vira afectada polas mudanzas do parcelario durante dous séculos, inda que non tivemos acceso a datos que verificasen esta hipóteses.

Posto que existe un consenso por parte dos estudosos do territorio perante a estanquidade da estrutura tradicional ata os anos 50-60 do século XX optamos por plasmar esta interpretación do territorio.

En cuanto as casas, podemos dicir que había unha permanencia da vivenda terrea que convivía de modo equilibrado coa casa con sobrado. Segundo a súa morfoloxía podemos dicir que esta aldea pertence ó tipo de núcleos múltiples ou podemos tamén englobala nunha aldea de casarío claro seguindo a caracterización de Fariña Tojo e de Bouhier, que se especifican no capítulo 5.

## Edificios de Vilar de Donas no século XVIII




Fig. 90. Edificios de Vilar de Donas no século XVIII

Fonte: A partir dos datos recollidos no local e ortofotomapas 1956

**Vilar de Donas no século XIX**

Durante o século XIX o sistema de redes de camiños non muda excesivamente, pese os programas de reformas liberalistas do estado sobre as estradas en España, existe unha gran preocupación pola illamento no que se atopa Galicia e comezase a abrirse mais quilómetros de estradas dos que anteriormente nunca foran feitos. Este cambios seguen sen chegar a compensar o atraso sufrido afectando maiormente os trazados de longa distancia polo que os trazados de pequena distancia, como os de esta aldea, consérvanse sen moitas variacións.

Neste século Vilar de Donas conformase como lugar, integrando os antigos lugares de Arcovello e Priorado. Segue manténdose o Vilar como lugar e aparece outro lugar a maiores: A Capela, xurdido entorno a un cruce de camiños e a Capela de San Antón que se constrúe neste século. Polo que respecta a súa morfoloxía, a pesar do crecemento continua a ser unha aldea de casarío claro.

A maior parte das casas-vivenda tradicionais son construídas o longo do século XIX, consolidándose a casa con sobrado, sendo case residual a existencia da casa terrea.

Constrúense cinco casas de nova planta, amplíanse dúas das casas existentes, manteñense unha das casas e desaparecen dúas existentes.

Nesta altura a aldea de Vilar de Donas esta formada por un conxunto de oito vivendas unifamiliares, das cales 7 son de planta alta e baixa e unha de planta baixa, unha igrexa e unha capela.

Seis das vivendas son illadas, namentres que dúas comparten unha parede para coa intención de aforrar materiais ou unha das vivendas anexase a outra, esta situación danse cando existen lazos familiares entre os propietarios das ambas casas. As relacións de parentesco teñen unha gran importancia no crecemento urbanístico da aldea.

**Edificios en Vilar de Donas no seculo XIX**




Fig. 91. Edificios de Vilar de Donas no século XIX

Fonte: A partir das ortofotomapas do voo 1956 e os datos recollidos no local

**Vilar de Donas no século XX (pre-anos 60)**

A estrutura tradicional mantense ata os anos 60, durante este medio século a aldea de Vilar de Donas experimenta un lixeiro crecemento, dito crecemento darase durante a primeira trintena do século XX, debido os procesos de emigración cara o continente americano, onde os habitantes locais se trasladan de modo pendular na procura de cantidades de diñeiro que traerán para inverter nesta aldea. En primeiro lugar estes capitais destinaranse cara a remisión dos foros e posteriormente na construcción ou renovación da casa-vivenda.
Chega a construírse unha casa-vivenda de nova planta e amplíase outra vivenda, chegando a desaparecer por completo a casa terrea. Namentres, continuase a manter o sistema construtivo tradicional de casa-vivenda con sobrado, consolidado no século decimononico.
A partir dos anos 30, a situación muda debido a que España se ve envolta nunha guerra civil e a dura posguerra pola que se ve afectada todo o territorio da nacion.

As comunicacións mantéñense coa mesma estrutura, que xa referimos anteriormente. A poboación local soe usar os camiños mais próximos a súa casa e que a comunican coa súa propiedade, debido a que os desprazamento de longa distancia son case inexistentes, unicamente para o intercambio de produtos en feiras. Os únicos visitantes de Vilar de Donas son os peregrinos que fan desprazamentos de longa distancia, sendo estes camiños usandos polos peregrinos para chegar a Vilar de Donas os que definen e diferencian os accesos principais dos secundarios. vexetación non é moi abundante, queda subordinada as areas con menos aptas para o cultivo e os lindes das fincas, especialmente se hai un camiño.

## Edificios de Vilar de Donas pre-anos 60




Fig.92. Edificios de Vilar de Donas pre-anos 60 do século XX.

Fonte: A partir de ortofotomapas do voo americano de 1956 e os datos recollidos no local

Nota: Ata esta data, carecemos de datos para facer unha recontrucción da vexetación.

**Vilar de Donas no século XXI**

A partir dos anos 60 comeza un proceso de transformación e crecemento ata chegar a actualidade, comezando o redor dos anos 60 polo traslado do cemiterio da Igrexa de Vilar de Donas cara un novo emprazamento nas proximidades da Capela de San Antón.

A par do traslado de cemiterio asfaltase e anchease, dentro das posibilidades, unha pista (en vermello), sobre uns camiños de uso secundario, e modificase o trazado tradicional do camiño para que sexa o mais rectilíneo posible e enlazar coa estrada nacional Lugo - Santiago N-540.

Unha estrada vai tratar de unir a maior parte das aldeas da parroquia de Vilar de Donas e converterase nun eixo de trafico primario dentro da parroquia, propiamente dentro da aldea. A vía secundaria que indicamos en laranxa ten certa importancia, ademais de bastante trafico posto que é a única pola que se pode chegar ao mosteiro, pero a súa transcendencia dentro dun territorio más amplo é anecdótica.

A priorización do tráfico e as reformas parcelarias ten como resultado non só un cambio nos accesos principais senón tamén a desaparición de camiños e corredoiras, en concreto o acceso principal de Vilar de Donas durante séculos desaparecerá a favor de esta nova pista.

Sen dúbida, estas vías de referencia son de vital importancia e foco de atracción para o asentamento de novas vivendas. Unha segunda etapa construtiva darase durante as décadas dos 80 e 90.

Constrúense un total 6 vivendas, algunhas son vivendas secundarias para vacacións, outras son vivendas permanentes que determinan o traslado de unha familia de unha casa vernácula tradicional para estes puntos novos de residencia. Noutros casos, constrúenas emigrantes de Vilar de Donas, en principio para ser un residencia de vacacións coa intención de residir permanentemente no local en canto chegue o momento de xubilarse. Tamén se constrúe porque existe unha necesidade de construír unha vivenda para residir aquí, carecendo de esta.

Realmente, o maior impacto son as grandes construcción que se realizan nas proximidades das vivendas, como granxas e alpendres, necesarias para a gandería intensiva a que se dedican a maioría veciños en activo que residen na aldea.

**Edificios en Vilar de Donas na actualidade**




Fig. 93. Edificios de Vilar de Donas na actualidade

Fonte: A partir do PXOM 2005 e PNOA 2009

Estas construcción viran a encher os baleiros entre os lugares existente creando unha continuidade bastante espontánea e fluída; alterando a morfoloxía da aldea. As casas de nova construcción implántanse o largo das estradas adoptando a forma de escuadra, tamén chamada *aldea carretil* (Precedo Ledo, 1998, p.121).

A vexetación é mais abundante que nos anos 50, a súa localización segue os mesmos principios de asentarse en areas menos aptas para o cultivo, nas zonas de lindes entre fincas e ó longo do trazado dos camiños. Curiosamente, os arbores marcan o trazado de antigos camiños xa desaparecidos, cando fai medio século que os estes mesmos camiños, lembrados pelos arbores actuais, atopábanse espidos.

## Casas de Vilar de Donas segundo a etapa de construcción




Fig. 94. Casas de Vilar de Donas segundo a etapa de construcción

Fonte: A partir dos datos recollidos no local e o PXOM 2005

## 8.3. O espazo público en Vilar de Donas

Esta aldea caracterizase por ter una gran amplitude e variedade de espazo público, algún de carácter semiprivado con un uso mais particular característico dos parroquianos e outro completamente público para uso e disfrute dos visitantes.

Como uso semiprivado, que utiliza a comunidade de parroquianos, podemos incluír o local social, a capela de San Antón, que as veces funciona como unha extensión do local social e o centro de documentación e interpretación da comarca da Ulloa, a pesar de que o seu uso é público o seu acceso non é libre.

De uso público é o campo da festa que funciona coma unha extensión da area de descanso, o cemiterio e a Igrexa de Vilar de Donas, que durante as época estival conta con unha guía e durante o resto do ano un veciño ofrecese a ensinarlla os visitantes.

Ao longo da vía que da acceso a aldea, sucédense unha serie de espazos públicos que amplían o conxunto de espazos públicos da aldea, estes espazos son:

- Unha area de descanso
- Un hipódromo
- Unha Praia fluvial

Ó redor de estes espazos públicos realízanse unha serie de actividades ó longo do ano, principalmente no verán, impulsadas pola activa asociación de veciños "A Capela"; que trata de encontrar nestes espazos un soporte para revitalizar a súa parroquia e reforzar os lazos entre a comunidade.




Fig. 95. Cartel da feira do Cabalo de Vilar de Donas.

**Espazos e edificios públicos en públicos na aldea de Vilar de Donas**




Fig. 96. Espazos públicos en Vilar de Donas

Fonte: A partir de PXOM 2005

### 8.4. As relación familiares e o crecemento morfolóxico de Vilar de Donas

O crecemento é a morfoloxía da aldea de Vilar de Donas non se poderían entender sen as intimas relacións que estes veciños teñen entre si. Sendo determinante na elección do emprazamento das súas vivendas as relacións de parentesco.

Ao longo da historia os veciños de Vilar de Donas manteñen unha estreita relación de parentesco, que inflúe na morfoloxía.

A partir dos primeiros núcleos de asentamento, os lugares de O Vilar e Arcovello; establecese un proceso marcado polas relacións de parentesco entre os habitantes da aldea, ben sexa por consanguinidade ou por afinidade.

**Relación de parentesco pre-anos 60**




Fig. 97. Relacións de parentesco pre-anos 60.

As relacións de parentesco seguen manténdose ata actualidade, sendo relevante para os emigrados retornados a hora de situar o emprazamento da súa casa. A pesar, de que algunhas relación de familiares se perderon.

Podemos dicir, estas se establecen ó longo de dúas vías, no caso da familia que parte do Vilar vai dende a casa do Vilar ata a Igrexa ao longo de esta vía. No caso da familia que parte de Arcovello as casas vanse asentando ó longo da vía que vai dende o Mosteiro a Capela.

**Relacións de parentesco na actualidade**




Fig. 98. Relacións de parentesco na actualidade.

Fonte: A partir do PXOM e dos datos recollidos no local

## Evolución do crecemento morfolóxico



Aldea tradicional de Vilar de Donas

Forma:

Casarío claro



Proceso de transformación / crecemento



Aldea actual de Vilar de Donas

Forma:

Aldea carretil. Aldea en escuadra.

Fig. 99. Evolución morfolóxica de Vilar de Donas

# Capitulo 9. Análise individual

**Ficha XVII.01**

## Casa do Cura XVII.01

**Data de construcción:** Seculo XIX

**Aspectos de Implantación**

A casa está implantada dentro da área do Mosteiro, compartindo parede polo norte cos restos do antigo mosteiro. Polo este linda ca estrada, polo sur con un camiño e polo oeste co terreo do mosteiro.

**Aspectos espaciais:**

Uso actual: Deshabitada — Nº de pisos: 2

Uso orixinal: Reitoral — Nº de augas:3

Volume: Rectangular

**Estado de conservación:**

Malo. A cobertura está derruída, o soallo tamén. A primeira planta e case inaccesible. Os muros exteriores consérvanse en bo estado.

### Implantación




### Resumen histórico

No século XVII constrúese as últimas dependencias do mosteiro, sendo as únicas que se conservan. Durante o século XVIII o mosteiro empobrecese, e iso afecta as súas construccións existentes en dito século, segundo se reflexa no libro de visitas de 1747 están en moi mal estado. O mosteiro perdeu parte do seu carácter quedando reducido as dependencias vivideiras.

Supoñemos que debido o seu estado no XIX é construída esta casa como reitoral. Namentres que o antigo Mosteiro continuase a usar como cortes da reitoral. Así o refire Alvarez Carballido na súa visita por Vilar de Donas en 1909.

No ano 1956 o cura transformou por completo todo o interior e a fachada sur e este. Na fachada sur recebou con argamasa de cemento e abriu ocos. Na fachada oeste recebou e pintou.

No interior dividiu o espazo con tabiques de ladrillo recebados e pintados.

Na planta baixa colocou unha placa de formigón na soleira e como acabamento; baldosas. Cambiou a cociña de lareira pola cociña bilbaína que inda conserva e introduciu un baño, ademais doutras estancias novedosas como o vestíbulo. Pese a todo estes cambios, seguiuse mantendo unha pequena corte o carón da cociña.

Na planta alta dividiu as estancias con tabiques de ladrillo recebados e pintados en tres cuartos independentes os que se accede a través de un cuarto central mais amplo.

Esta foi a primeira casa-vivenda tradicional transformada en Vilar de Donas, parte de dos procesos transformadores repítense noutras casas do contorno.

Está deshabitada desde principios dos anos 90, o último cura que a habitou non se preocupou polo seu estado que unido o abandono contribuíu a que o seu estado sexa malo. A cobertura esta caída e o primeiro andar e case inaccesible. A principal causa son as humidades provenientes da auga de chuvia.

## Planos




Planta baixa




Planta alta



Seccion AB

0 5m

N



Alzado este



Alzado oeste



Alzado sur

**Esquemas evolutivos**

Seculo XVII




Século XIX




Seculo XX – Anos 70



Lenda: P0-planta baixa; 1-mosteiro; 2-cociña; 3-corte

**Aspectos construtivos:**

Sistemas construtivos: Muros portantes en cachotería de pedra de gra, excepto a fachada oeste que os muros son de perpiaños. Sobrado con vigas e viguetas de madeira e un armazón en madeira que soporta a cobertura.

Elementos construtivos: Cobertura en armazón de madeira con tella, paredes exteriores recebadas en cemento, división interiores en tabiques de ladrillo, soleiras en cemento a cara vista, forxados en madeira. Carpinterías exteriores e interiores en madeira.

**Materiais:**

| | |
|---|---|
| Pedra | Madeira |
| Ladrillo | Plaqueta |
| Cemento | Azulexo |

**Elementos disonantes:**

Recebo nas fachadas sur e oeste

Maineis en formigón armado

Soleira en placa de formigón armado

Cheminea: Ladrillo recebado con cimento so que sobresae un tubo.

**Fotografías:**









**Ficha XVIII.02**

## Casa do Vilar XVIII.02

**Data de Construcción:** século XVIII

**Aspectos de implantación:**

É unha casa illada, linda pola fachada sur con un camiño e todo o redor con terreo propio

**Aspectos espaciais:**

Uso actual: vivenda — Nº de pisos: 2

Uso orixinal: casa-vivenda — Nº de augas: 3

Volume:

Irregular con tendencia rectangular

**Estado de conservación:**

Bo

**Implantación**




**Resumen histórico:**

Esta casa foi construída anexada a un volume anterior cuxa uso era a cárcere do mosteiro de Vilar de Donas, a principios do século XVIII. No século XIX, ampliouse a casa na dirección Sur, e posteriormente, construíse un anexo pegado a casa (unha palleira) na fachada este, ademais de outra vivenda nesta mesma fachada.

Entre os anos 1821- 1840, residíu nunha estancia desta casa a casa do concello.

Durante o século XX, constrúese a Norte, outra construcción adxectiva e a vivenda terrea feita no século interior integrase na casa coa función de corte.

Nos anos 70, cambiase a cociña de lareira pola de leña, desaparece a barra e ampliase a xanela da cociña. Divídese o espazo interior do sobrado con tabiques de ladrillo (esta operación repítese ata en 3 ocasión dende os anos 70).

Nos anos 80 faise o baño na planta baixa, e as vacas saen da casa reutilizandose estas estancias. Refórmanse as escaleiras e o piso da planta terrea. Ábrese unha porta na fachada oeste para dar acceso dende o exterior a unha corte.

Substitúese o tellado en lousa por tella sobre placas de fibrocemento

Nos anos 90, ampliase unha parte da corte que da a Este para comedor. Encíntanse as xuntas con cemento na fachada oeste e sur; substitúense as carpinterías de madeira por outras de PVC .

No século XXI, encíntanse as xuntas da fachada este e norte con argamasa de cal hidráulica, reformarse o interior especialmente as cortes que se adecúan para novos usos. Para isto, fanse soleiras en formigón nos piso terreos. Rebaixase o tellado da palleira ata a súa cota inicial para dar luz as xanelas existentes. Dividise os cuartos con *pladur* e crease un baño na planta alta.

**Planos:**




Planta Baixa




Planta Alta



Sección AB




## Esquemas evolutivos

| Pre-seculo XVIII | Seculo XVIII | Século XIX - antes 1950 | Post- 1850 |
|---|---|---|---|
|  |  |  |  |



Alzado Este





Alzado Sur



Alzado Norte

## Esquemas evolutivos

| Seculo XX – anos 30 | Década 70-80 | Década 90 |
| --- | --- | --- |










Lenda:

A.Carcere, B.Casa terrea; Liña verde: Xanelas; P0-planta baixa; P1 planta alta

1.cociña; 2.corte, 3.barra; 4.cuarto; 5.Palleira; 6.baño; 7.corredor; 8.comedor; 9.Baixocuberta/Rocho; 10. Espazos polivalentes; 11. garaxe

**Aspectos constructivos:**

Sistema contructivo: O sistema construtivo é mixto. A maior parte do volume é en cachotería de pedra de gra a cara vista, con perpiaños en xuntoiros, xambas, peitorís e padieiras.

Nas ampliación úsase a fachada convencional recebada con cemento polo exterior e recebada e pintada pola interior.

Elementos constructivos: Carpinterías en PVC e aluminio; Tabiques interiores en ladrillos rebocados e pintado na planta baixa; tabiques cartón xeso na planta alta; Forxados, vigas, viguetas en madeira; cobertura tella sobre uralita soportada por un armazón de madeira.

Soleiras en formigón a cara vista e baldosas na cociña, corredor, comedor e baños.

**Materiais:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Madeira | Aluminio | Formigón armado | Argamasa de cal |
| Pedra | Cemento | PVC | hidráulica |
| Tella | Plaqueta | Cartón xeso | |
| Uralita | Azulexo | Bloque de cemento | |

**Elementos disonantes:**

Encintado de cemento pintado de branco nas xuntas da fachada oeste e sur

Balcón en formigón armado na fachada oeste

Viga de cemento no balcón

Viguetas de formigón armado que soporta o tellado da palleira na fachada sur

Bloque de formigón a cara vista usada para dar pendente o tellado na palleira da fachada sur

Cheminea de ladrillo revestida de cemento

Parede convencional rebocada en cimento na fachada este

Viguetas de formigón armado pretensado na fachada norte

Iluminación publica e antenas colgadas na fachada

Soleiras en formigón armado

**Fotografías:**





**Ficha XVIII.03**

## Casa Balbina XVIII.03




**Data de construcción:** XVIII

**Implantación:**

Esta casa está unida a outra coa que comparte o tellado e unha parede polo Norte. A entrada é polo oeste orientada cara o camiño, ten outra entrada a este. A sur ten un muro cego.

**Aspectos espaciais:**

**Uso actual:** Deshabitada **Nº de pisos:** 2

**Uso orixinal:** casa **Nº de augas:** 2 e 3

**Volume:** dous volumes rectangulares

**Estado de conservación:** Regular

**Resume histórico:**

A primeira casa foi construída a principios do século XVIII. Estando formado por aquela altura por a cociña, as cortes e o celeiro. Segue conservando a súa estrutura inicial con excepción da cociña que se trasladou a planta baixa do novo volume cando este foi construído na década dos anos 30. A localización de esta primeira cociña era na planta baixa, debaixo da barra como era habitual, inda permanecen nas paredes os ocos das lacenas.

Durante dous séculos, esta casa, construída no lugar de Arcovello permaneceu case estanca no tempo.

A principios do século XX, ampliase e construíuse un novo volume a Norte. O que conleva o traslado da cociña a este novo volume, usando toda a planta baixa do antiga casa como corte, mantendo o uso do cuarto de este casa ata que foi deshabitada.

Na década dos 80, sufre varias transformacións especialmente no exterior. Recébanse por completo a fachada Oeste en cemento. Na fachada Este encíntanse as xuntas do primeiro andar e píntanse en branco, deixando de fondo a imaxe de perpiaños de pedra, mentres que no andar terreo recebase de cemento sen dar llano. Estas transformacións só se realizan no volume construído nos anos 30, mentres que o volume anterior permanece inmune a estes cambios. Parece que a fachada Este da casa de Arcovello, estivo rebocada con morteiro de cal e area, inda se perciben pequenos restos na fachada. Non se observa a presenza de isto nas outras paredes (sur e oeste).

Paralelamente no interior divídese o espazo na planta alta do novo volume en cuartos mediante tabiques de ladrillo, recebados e pintados. Constrúese un baño, para isto extraese da parede exterior a metade das pedras para dar gañar espacialidade interior. Este proceso foi paralelo os procesos de transformación exteriores.

A finais dos anos 80, esta casa foi deshabitada en prol de unha nova casa que se adecuaba mais o gusto do momento (unha casa contemporánea). Perdendo por completo o seu uso vivideiro, e quedando practicamente conxelada no tempo. A cociña de lareira inda é usada como fumeiro para secar os embutidos da matanza e como corte de animais pequenos (pitas e coellos).

**Planos:**


Corte
Cociña
Corte
Corte
Celeiro
A
B
Planta baixa


Cuarto
Cuarto
Cuarto
Barra
Cuarto
A
B
Planta alta


Sección AB
5 m
N










## Esquemas evolutivos

| seculo XVIII | anos 30 | anos 70 | anos 80 |
|---|---|---|---|












Lenda:

P0 – Planta Baixa; P1 – Planta Alta; 1-cociña; 2-corte; 3-barra; 4-cuarto; 5-celeira; 6-baño;

liña verde – porta; liña laranxa - xanela

**Aspectos constructivos**

Sistema constructivo: O sistema constructivos é en cachotería de pedra de gra a cara vista, con perpiaños en xuntoiros, xambas, peitorís e padieiras.

Elementos constructivos: Carpinterias en madeira, sobrado en madeira, tabiques de ladrillo revocado e pintado, cuberta mixta en tella e lousa sobre un armazón de madeira, faio en madeira na ampliación. Soleiras repisada en placa de cemento.

**Materiais**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Pedra | Cemento | Tella | Baldosa |
| Madeira | Ladrillo | Lousa | Bloque de cemento |

**Elementos disonantes**

Recebos nas fachada exteriores.

Encintado das xuntas con cemento no interior

Carpinterias en mal estado, con cristais partidos e graves patoloxias provodos por insectos xilofonos e humidade de precipitación, este mesmo fenómeno afecta os forxados e as división verticais en madeira froito do abandono, especialmente na parte mais antiga da casa. Mentres que no volume más recente a conservación é boa debido a que a cobertura está en boas condicións.

Tabiques en ladrillo revocados e pintados.

Perdas da argamasa nas xuntas dos cachotes.

Deformación estructurais.

**Fotografías:**






**Ficha XIX.04**

## Casa Fernández - Paredes XIX.04




**Data de construcción:** 1829

**Aspectos de implantación:**

Tratase de unha casa illada, implantada no cruce de dous camiños que a rodean polo norte e polo este. Aproveitase o desnivel do terreo para a construcción da casa

**Aspectos espaciais:**

**Uso actual:** Casa **Nº de pisos:** 2

**Uso orixinal:** Casa **Nº de augas:** 4

**Volume:** Rectangular

**Estado de conservación:**

Bo

**Resumen histórico:**

Os propietarios actuais compraron esta casa nos anos 80. A casa estaba deshabitada, levando xa nese estado varias décadas. Por esta altura, só conservaba o muros exteriores e o resto do piso dos dous balcóns da fachada este e transformárona tal e como esta agora.

Foi construída no século XIX, inda conserva a data de construcción nunha inscrición *"la izo jose sra en el año 1829".* A casa entrabase a través de unha construcción adxectiva que estaba a sur; na planta baixa estaba a cociña e as cortes, no sobrado eran os cuartos, descoñecemos se estaban divididos ou non.

Os actuais propietarios compraron esta vivenda ó retornar de Bilbao, conservaron as paredes a que lle deron altura, na fachada norte hai una diferenza no uso de distintos materiais que indica a altura gañada. Conservaron os ocos intactos os que mudaron as carpinterías por outras de aluminio, coa excepción da porta de entrada no primeiro andar que se abre na fachada. Na fachada Este, respectaron as dimensións dos balcóns e crearon un so balcón corrido o que revestiron con unha galería en PVC. Encíntanse as xuntas dos cachotes con cemento pintado de branco por riba, nas catro fachadas polo exterior.

A sur, ampliaron a casa con un novo volume de planta baixa, polo que se colocou unha escaleira exterior para o acceso a primeira planta. Nos primeiros anos esta volume funcionaba como unha terraza aberta, posteriormente cerrouse con unha gran galería. A planta baixa ten usos non vivideros; garaxe no volume novo construído e rocho en toda a planta baixa da casa decimononica.

No interior da casa as transformación foron as seguintes; deixaron a planta baixa diáfana na que se colocaron varios piares en formigón armado para axudar a soportar o peso da placa do forxado, que no primeiro piso encontrase revestida con plaqueta independentemente das estancias. No primeiro piso, é o que ten uso vivideiro e dividíronse as estancias mediante tabiques de ladrillo revocados e pintados. As estancias distribúense o longo de un corredor o que se accede directamente dende a entrada, que como se cita anteriormente. No interior as paredes exteriores recébanse e píntanse no primeiro andar, namentres que na planta baixa consérvanse a cara vista co mesmo tratamento que no exterior.

**Planos:**




Planta baixa




Planta alta




Sección AB

5m



Alzado Este



Alzado Oeste



Alzado Sur



Alzado Norte

## Esquemas evolutivos

**Século XIX**




**anos 70**



**anos 80**




Lenda: 1-cociña; 2-corte; 3-cuarto; 4-baño; 5-salón-comedor: 6-corredor; 7-terraza; 8- garaxe; 9- rocho; liña verde – portas; liña laranxa-xanelas; P0-planta baixa; P1-planta alta

**Aspectos construtivos:**

Sistema construtivo: O sistema construtivo é mixto. No volume decimononico ten muros portantes de cachotería de pedra na envolvente con piares de formigón armado que soportan o forxado no interior. O volume dos anos 80 é feito mediante o sistema convencional.

Elementos construtivos: Carpinterías en PVC e aluminio con contra polo exterior, forxados en placa de formigón armado, soleira en placas de formigón, revestimento do forxado en baldosa, cuberta a catro augas en tella do pais sobre unha estrutura en formigón

**Materiais:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Formigón armado | Aluminio | Tella | Ladrillo |
| Baldosa | PVC | Cemento | |

**Elementos disonantes:**

Galerías en PVC

Portas metálicas

Encintado das xuntas dos cachotes en cemento pintado de branco

Carpinterías en PVC e aluminio

Placa de formigón armado en soleiras, forxados e coberturas

División con tabiques de ladrillo

Varandas con deseños en cemento

## Fotografías






**Ficha XIX.05**

## Casa Caseta XIX.05

**Data de construcción:** século XIX

**Implantación**




**Aspectos de implantación:**

Tratase de unha casa illada, que linda polo oeste coa pista e a norte con un camiño privado

**Aspectos espaciais:**

**Uso actual:** Deshabitada **Nº de pisos:** 2 /1

**Uso orixinal:** vivenda **Nº de augas:** 4/2

**Volume:** rectangular

**Estado de conservación:**

Regular

**Resumen histórico:**

Foi construída no século XIX, de planta cadrada. Na planta baixa utilizábase como cociña e cortes, e a parte alta era destinada para os cuartos.

Nos anos 50 realizase a primeira intervención, amplíanse o volume a Oeste, creando un volume novo de planta baixa á que se traslada a cociña. Este volume novo e construído en cachotería de pedra sobre a cal se receba con argamasa de cemento, a cobertura é remata en placas de fibrocemento. A soleira é feita con placas de formigón armado con acabados nos paramentos verticais en azulexo.

Na casa decimononica na planta baixa instalase un baño, que comparte o espazo coas cortes. Na planta alta que conserva o esqueleto do sobrado en madeira, dividise o espazo interior con tabiques de ladrillo revocados e pintados e o faio de madeira e substituído por placas de lá de rocha.

A escaleira continua a ser en madeira.

Posteriormente as carpinterías orixinais son substituídas por outras en PVC.

Dende finais dos anos 80 a casa está deshabitada. De momento inda se conserva en un estado bastante bo, pero o tellado xa perdeu algunhas tellas que ninguén repuxo e a humidade de precipitación está entrando na casa polo que o teito de placas de lá de rocha estase a derrubar, a humidade comeza a penetrar no interior o que pon en grave risco a consistencia da casa.

**Planos:**




Planta baixa




Planta alta



Sección AB




Alzado Sur



Alzado Norte



Alzado Este



Alzado Oeste

## Esquemas evolutivos

Seculo XIX




anos 50




anos 70



Lenda: P0.planta baixa; P1-planta alta; 1-cociña, 2-corte; 3-cuarto; 4-baño; 5-despensa; 6-vestibulo; liña verde-portas; liña laranxa-xanela

**Aspectos constructivos:**

Sistemas constructivos: Muros portantes de cachotería de pedra

Elementos constructivos: Cobertura mixta, no volume decimononico a cobertura de tella sobre un armazón de madeira, no volume dos anos 50 a cobertura é en placas de fibrocemento sobre viguetas de formigón pretensado. Soleira en placa de formigón armado e en terra; forxado de estructura de madeira; tabiques en ladrillo revocado e pintado; azulexos nos paramentos verticais do baño e cociña; placas de lá de rocha no faio do primeiro piso.

**Materiais:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Pedra | Formigón armado | Uralita | Azulexo |
| Madeira | ladrillo | Tella | Lá de rocha |

**Elementos disonantes:**

Soleira en formigón armado

Cobertura en viguetas de formigón pretensado con uralita como revestimento

Recebo de cemento no exterior das paredes do novo volume

Encintado nas xuntas con cemento no interior dos muros de cachotería

Carpinterias en PVC

Revestimento na fachada oeste con unha lamina betuminosa.

**Fotografías:**






**Ficha XIX.06**

## Casa do Sastre XIX.06

**Data de construcción:** Ano 1856

**Implantación:**




**Aspectos de implantación:**

Casa illada que linda polo oeste con o camiño, mentres que polo resto das fachadas linda con terreo propio

**Aspectos espaciais:**

**Uso actual:** Vivenda **Nº de pisos:** 2

**Uso orixinal:** Vivenda **Nº de augas:** 4

**Volume:** Rectangular

**Estado de conservación:**

Bo

**Resumen histórico:**

Esta casa foi construída no século XIX, segundo se comenta, a familia que vivía na casa de planta baixa no lugar de Arcovello (desaparecida) encontrou un pote con diñeiro, un tesouro dos mouros, con este diñeiro construíse esta casa e todo o conxunto ao mesmo tempo. Este conxunto estaba composto polo hórreo, o curro, a casa-vivenda, palleira e eira.

Nos anos 50, os herdeiros da herdade emigraron a Suíza uns anos, durante este tempo uns caseiros encargados de coidar a propiedade instaláronse na casa e a casa dividiuse en dúas. Na planta alta arranxouse unha cociña e uns cuartos para os caseiros. Mentres que os donos da casa usaran a cociña da planta baixa e abriran unha porta dende a cociña, que dará a unhas escaleiras que levaran a planta alta. Así a planta alta queda dividida polo muros de carga do medio en dúas partes.

Posteriormente, a partir dos anos 80 e ata actualidade, fanse progresivamente diferentes transformación para adecuar a casa as necesidades actuais.

Ábrense ocos na planta baixa para dar luz as novas estancias. As cortes transfórmanse en un comedor, dos baños, un cuarto e unha sala. Conservase a cociña na mesma localización.

Danse altura as estancias que están a este, na parte baixa da casa. Para realizar este proceso, mudase o forxado orixinal por outro en placas de formigón armado. Namentres que na outra parte, consérvanse o forxado en madeira.

Na cociña ca pretensión de gañar espazo, retirase parte do muro exterior facendo unha nova parede en formigón armado que polo exterior revístense con pedras semellando os antigos cachotes. Amplíanse a tódalas xanelas da parte alta e ábrense outras para dar luz a novas estancias. Encíntanse as xuntas con morteiros de cal hidráulica.

As estancias divídense con tabiques de ladrillo revestido e pintado.

**Planos:**




Planta baixa




Planta alta



Sección AB





Alzado Oeste



Alzado Norte



Alzado Sur



Alzado Este

5m

Entrada principal

Entrada secundaria

## Esquemas evolutivos

| Seculo XIX | Seculo XX | anos 50 | anos 70 | actualidade |
|---|---|---|---|---|

**Seculo XIX**




P0




P1

**anos 50**




P0




P1

**anos 70**



**actualidade**




P0




P1

Lenda: P0-planta baixa; P1-planta alta; liña verde-xanela; 1-cociña; 2-corte; 3-cuarto; 4-salita; 5-comedor; 6-baño; 7-vestibulo; 8-rocho; 9-estudio; 10-corredor; 11 espazo polivalente

**Aspectos constructivos:**

Sistema constructivo: Muros portantes de cachotería de pedra con forxados mixtos en madeira e de placa de formigón armado

Elementos constructivo: Cobertura con estructura de formigón armado baixo tella do país, soleiras en placa de formigón armado con acabamentos en plaqueta, carpínterias de PVC, tabiques en ladrillo revocados e pintado

**Materiais:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Madeira | Pedra | Cemento | Tella |
| PVC | Azulexo | Plaqueta | Ladrillo |
| Formigón armado | Morteiro de cal hidraulica | | |

**Elementos disonantes:**

Carpinterias de PVC

Forxados de placa de formigón

Soleiras en plac as de formigón armado

Escaleiras en formigón armado

Encitado de xuntas dos cachotes en cemento no interior

Retirada dos elementos da parede exterior na fachada oeste e susbtitución por paredes convencionais con revestimento en pedra

Abertura de grandes ocos nos muros

**Fotografías:**









**Ficha XIX.07**

## Casa A Capela **XIX.07**

**Data de construcción:** século XIX

**Aspectos de implantación:**

Esta casa está implantada no nó de varios camiños, xa desaparecidos. A norte a casa linda con unha construcción adxectiva, o único camiño que se conserva esta o este pola entrada da casa. A sur e a oeste linda con terreo propio.

**Aspectos espaciais:**

**Uso actual:** vivenda **Nº de pisos:** 2

**Uso orixinal:** vivenda **Nº de augas:** 4

**Volume:** rectangular

**Estado de conservación:**

Bo

**Implantación**




**Resumen histórico:**

Esta casa foi construída no século XIX no cruce de varios camiño e o pé da Capela de San Antón da que toma o seu nome. De esta construcción inicial só sabemos que a cociña de lareira estaba na planta baixa e na planta alta estaban os cuartos.

A partir dos 60 a casa deixou de estar habitada, os donos emigraron cara Bilbao. Aínda que seguen usándoa como casa de vacacións.

Na década dos 70, foi reformada chegando con estas reformas ata a actualidade. A soleira da planta baixa fíxose con unha placa de formigón con acabamentos en baldosa , dividiuse o espazo con tabiques de ladrillo recebados e pintados. Substituíse a cociña de lareira por a cociña bilbaína, e introducíronse estancias novedosas na casa tradicional como o baño e o salón-comedor.

O forxado de estrutura de madeira cambiouse por unha placa de formigón armado, sobre a cal se colocou un pavimento de parqué. Dividiuse o espazo da primeira planta en cinco cuartos.

Conserváronse os ocos decimononicos, a pesar de que se cambiaron as carpinterías. Colocáronse xanelas de guillotina en madeira.

Retiráronse parte dos cachotes dos muros exteriores para gañar espazo no interior.

Posteriormente, as carpinterías das xanelas foron substituídas por xanelas de corredera en aluminio e engadíronse reixas nas xanelas da planta baixa.

Tamén se reforzou con unha chapa metálica polo interior a porta de madeira da entrada.

As escaleiras de acceso a primeira planta fixéronse con dúas pezas de terrazo por peldaño.

**Planos:**




Planta baixa




Planta alta



Sección AB





Alzado Este



Alzado Oeste



Alzado norte



Alzado Sur

## Esquemas evolutivos

| Século XIX | Século XX | Anos 70 | Anos 80 |
|---|---|---|---|

**Século XIX**




P0




P1

**Anos 70**



**Anos 80**




P0




P1

P0-planta baixa; P1-planta alta;liña verde- xanela; 1-cociña; 2-corte; 3- cuarto; 5-baño; 6-despensa

**Aspectos constructivos:**

**Sistema constructivo:** Muros portantes en cachotería de pedra recebados e pintados.

**Elementos constructivos:** Cobertura en placas de formigón armado baixo tella do pais, soleiras en placas de formigón con acabamentos en plaqueta, forxado en placas de formigón con acabamentos en parqué e xanelas con carpinterias en aluminio e portas en madeira, tabiques en ladrillo rebocados e pintados.

**Materiais:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Pedra | Placas de formigón | plaqueta | Azulexo |
| madeira | aluminio | Tella | Parqué |
| ladrillo | cemento | | |

**Elementos disonantes:**

Recebo en cemento pintado en branco nas fachadas exteriores.

Revestimento en pedra a un metro do chan en todo o contorno  da casa

Placas en formigón armado en soleiras, forxado e cubertas.

Tabiques en ladrillo recebados e pintados

Reixas en xanelas

Revestimento con unha placa metalica da porta de entrada polo interior.

## Fotografías:









**Ficha XX.08**

## Casa Elvira XX.08

**Data de construcción:** 1934

**Aspectos de implantación:**

A casa comparte parte da parede sur con outra casa, a oeste linda con o camiño o que se abre a entrada, polo norte anexase un alpendre e a este linda con un terreo pertencente a casa veciña.

**Aspectos espaciais:**

**Uso actual:** Incerto **Nº de pisos:** 2

**Uso orixinal:** vivenda **Nº de augas:** 3

**Volume:** rectangular

**Estado de conservación:**

Bo

**Implantación**




**Resumen histórico:**

Esta casa foi erguida nos anos 30, ó pé da casa Balbina. A pesar de que foi edificada un pouco máis tarde, entre os donos de ambas casas puxéronse de acordo para facer o tellado en conxunto. Así ambas casas comparten tellado e muro de división.

O parecer o diñeiro para a construcción de esta casa procedeu das achegas da emigración a Cuba.

Posteriormente, na década dos 50 a casa foi incrementada cara oeste. A este novo volume desprazouse a cociña e as escaleiras que comunicaban ca parte alta. A pesar de ser feita, nas década dos cincuenta inda se levantaron os muros en cachotería de pedra. Na fachada principal (a oeste), recebouse cunhas pezas cerámicas mentres que na fachada norte recebouse cun morteiro de cal. Nas xanelas da parte alta da fachada oeste, fixéronse maineis en formigón armado. As carpinterías eran en madeira.

Posteriormente, na década dos 80 ampliouse a casa a norte, levantase a caixa de escaleiras con tabiques de ladrillo recebados e pintado ca cobertura en placas de fibrocemento, e creouse na entrada da casa, un vestíbulo. Ó mesmo tempo, erixiuse un alpendre a norte anexado a vivenda.

Dividiuse o espazo interior con tabiques de ladrillo recebados e pintados, e na planta alta construíuse un baño. Reemplazaronse as carpinterías de madeira por carpinterías en PVC. Na fachada oeste, retiráronse as pezas cerámicas e encintáronse as xuntas con cemento pintado de branco por riba. Recebouse unha franxa duns 50 centímetros na parte da fachada que está en contacto co chan, en cemento.

Durante a realización de este traballo a súa propietaria faleceu, co que o futuro próximo da casa é incerto. De momento un dos fillos ven en ocasión moi puntuais a casa.

**Planos:**




Planta baixa




Planta alta



Sección AB



Alzado Norte



Alzado Este



Alzado Oeste

Entrada principal

5m

## Esquemas evolutivos

### Século XX Anos 30




### Anos 50






### Anos 80




P0-planta baixa; P1-planta alta; liña verde-xanela; 1-cociña; 2-corte; 3-cuarto; 4-sala de respeito; 5-baño; 6-rocho; 7-vestíbulo; 8-caixa da escaleira

**Aspectos constructivos:**

Sistema constructivo: Muros portantes en cachotería de pedra

Elementos constructivos: Cobertura con lousa enriba dun esqueleto de madeira, paredes en cachotería encintada en cemente a oeste, recebada na planta alta a norte e a cara vista o este, carpinterias en PVC, tabiques en ladrillo recebado e pintado, soleira en placa de formigón con acabado en plaqueta na cociña, soleira en terra no rocho; forjados tradicionais en madeira. Azulexos nos paramentos verticais da cociña e baño

**Materiais:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Lousa | Pedra | Azulexos | Cemento |
| Madeira | PVC | Plaqueta | Ladrillo |
| Placa de cemento | | | |

**Elementos disonantes:**

Encitado de xuntas con cemento pintado de branco

Carpínterias de PVC

Engadidos de elementos en tabiques de ladrillo, como a escaleiras.

División de espazos interiores con tabiques de ladrillo.

Recebo da fachada en cemento.

Lousas do tellado con colonización vexetal.

Forxado en placa de formigón na soleira.

Anexos

Tubo de aceiro incrustado a fachada norte

**Fotografías:**









**Ficha XX.09**

## Casa de Jesús de Pancho XX.09

**Data de construcción:** finais dos 70

Implantación




**Aspectos de implantación:**

É unha casa unifamiliar illada, implantada no medio dun terreo cercado por un muro que limita o contorno do terreo. A entrada principal está orientada a sur, por onde pasa o camiño

**Aspectos espaciais:**

**Uso actual:** vivenda

**Nº de pisos:** 1 + Baixocuberta + Soto

**Uso orixinal:** vivenda

**Nº de augas:** 3

**Volume:** rectangular

**Estado de conservación:**

Bo

**Resumen histórico:**

Esta casa foi erixida a finais dos anos 70, os seus propietarios emigraron a Bilbao e construíron a casa coa esperanza de retornar ó finalizar a súa etapa laboral no lugar de destino.

Usándoa, entrementres, como casa de vacacións na espera da xubilación.

Permanece habitada continuamente dende os anos 80.

O promotor, dono da casa, encargou o proxecto da súa vivenda a un arquitecto técnico local e o proceso de execución foi realizado por un construtor local que interpretou os planos a súa vontade.

Os poucos anos, o espazo proxectado na casa non era suficiente para abarcar as necesidades que os propietarios consideraban, polo que lle engadiron un volume a Este que se usa principalmente como comedor, aproveitaron o desnivel do terreo para escavar e situar un pequeno soto. Tamén incorporaron neste volume unha escaleira para dar acceso o baixo cuberta e facelo habitable.

O propio propietario foi dividindo este espazo en pequenos cuartos, con tabiques de ladrillo e revestindo o solo do forxado con pavimentos plásticos .

## Planos


cuarto
cuarto
cuarto
comedor
corredor
baño
balcón
salita
vestibulo
cociña
A
B
Planta baixa
cuarto
cuarto
rocho
A
B
Planta baixocuberta
bodega
A
B
Planta -1
Sección AB
Entrada secundaria
Entrada principal
5m
N
Alzado Sur



Alzado Norte



Alzado Este



Alzado Oeste

## Esquemas evolutivos

### Seculo XX anos 70




P0

### Anos 80




BC




P0




P-1

P0-planta baixa; P-1- planta -1(soto); BC-baixocuberta; liña verde – xanela; 1-cociña; 2- salita; 3-cuarto; 4-baño; 5-corredor; 6-vestíbulo; 7-comedor; 8-bodega; 9-rocho

**Aspectos construtivos:**

Sistema construtivo: Estrutura porticadas de formigón armado

Elementos construtivos: Fachadas de dúas follas convencional, forxados en placas de formigón armado, soleira en placas de formigón armado e cuberta en placas de formigón armado, Acabamentos dos solos en plaqueta no primeiro piso terreo, pavimentos plásticos no baixo cuberta, placa de formigón sen acabamento no soto. Paredes revocadas e pintadas tanto polo exterior coma polo interior, divisións interiores en ladrillo revocado e pintado. Revestimento en azulexo nos paramentos verticais do baño e cociña. Carpinterías en PVC e aluminio con contras polo exterior en madeira, con mármore na repisa das ventas, portas interiores en madeira. Polo exterior revestimento con pezas de granito no canto das paredes e no contorno dos oco.

**Materiais:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Formigón armado | Tella | ladrillo | Plaqueta |
| madeira | azulexo | aluminio | PVC |
| granito | Pavimentos plásticos | mármore | |

**Elementos disonantes:**

Varanda en formigón armado.

Escaleiras en formigón armado.

Mestura de materiais nas carpinterías.

O volume agregado non se corresponde en tamaño e forma con existente.

**Fotografías:**






-

**Ficha XX.10**

## Casa de Jaime

**XX.10**

**Data de construcción:** anos 80

**Aspectos de implantación:**

Vivenda unifamiliar illada implantada no medio dun terreo inclinado. A fachada principal ábrese a Norte onde se sitúa o camiño de acceso

**Aspectos construtivos:**

**Uso actual:** vivenda

**Nº de pisos:** 2 + baixocuberta

**Uso orixinal:** vivenda

**Nº de Augas:** 2

**Volume:** rectangular

**Estado de conservación:**

Bo

**Implantación**




**Resumen histórico:**

Esta casa foi erixida na década dos oitenta do século pasado. Os seus propietarios edificaron esta vivenda o retorno da emigración en Suiza e Barcelona.

Mudaron a antiga casa tradicional, a casa Balbina, por esta que consideraban que se adaptaba mellor a súas necesidades e o seu proxecto vital.

Aproveitaron o desnivel do terreo para facer a planta baixa soterrada por tres das catro fachadas, constituíndo a primeira planta como planta vivideira tradicional onde se asentan principalmente as estancias de día. A esta planta accedese directamente dende o exterior pola fachada norte a cota de terreo, e polo interior mediante un escaleira dende a planta baixa que non ten uso vivideiro.

Para garantir a maior espacialidade interior, quebrase a cuberta a dúas augas para gañar maior dimensión en altura e aumentar no baixocuberta o uso vivideiro, onde se situaran a estancias de noite.

A casa foi construída polo propietario, na cal axudaron veciños e contratouse persoal para labores mais especificas ao longo de varios anos. A casa non se terminou nunha determinada data senón que seguiu en obras constantemente, xa vivindo nela a familia cada poucos anos en función do aforro familiar vanse facendo diferentes obras consecutivamente. É dicir, que o proxecto de construcción non se planeou para finalizar nunha determinada data senón que é un proceso aberto e continuo no tempo.

**Planos:**




Planta baixa




Planta alta




Planta baixocuberta





Sección AB






Alzado Este



Alzado Sur



Alzado Oeste



Alzado Norte

## Esquemas evolutivos

**Non  se produciu ningunha evolución**

**Aspectos construtivos:**

Sistema construtivo: Sistema porticado de formigón armado

Elementos construtivos: Placas de formigón armado en forxados, cuberta e soleira. Paredes en ladrillo de dúas follas convencional, revestido polo exterior con baldosas cerámicas a imitación de ladrillo, polo interior recebadas e pintadas. Tabiques en ladrillo recebados e pintados. Acabamentos dos solos en plaqueta en cociña, baños, corredor e comedor; e parqué nos cuartos. Azulexos nos paramentos verticais de baños e cociña. Carpinterías exteriores en PVC e en madeira no interior. Soleira sen acabamento no soto. Tellado en tella. Mármore nos chanzos das escaleiras e nas repisas das véntanas. Persianas polo exterior.

**Materiais:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Formigón armado | Tella | Plaqueta | PVC |
| Ladrillo | Parqué | Azulexo | Madeira |
| Baldosas cerámicas a imitación de ladrillo | | mármore | |

**Elementos disonantes:**

Cuberta quebrada

Galería en PVC

Liña de forxados polo exterior a en formigón armado a cara vista sen revestir, desuniformidade nas paredes exteriores. O mesmo acontece na planta baixa da fachada este.

Xanela da fachada Este con maineis de cemento e vidro.

Fotografías






**Ficha XX.11**

## Casa Pepe do Vilar XX.11

**Data de construcción:** anos 90

**Aspectos de implantación:**

Vivenda unifamiliar illada situada no medio do terreo. O acceso prodúcese dende a pista situada a sur mediante un camiño privado polo este.

**Aspectos espaciais:**

**Uso actual:** vivenda

**Nº de pisos:** 2+ baixocuberta

**Uso orixinal:** vivenda

**Nº de augas:** 4 + 4

**Volume:** rectangular

**Estado de conservación:**

Bo

**Implantación:**




**Resumen histórico:**

A casa foi erixida na década dos anos 90. Os propietarios elixiron este emprazamento por estar próximo a súa casa de orixe, o Vilar, e a boa comunicación pola estrada.

Construíuse coa intención de usar a planta baixa como almacén para gardar os utensilios necesarios para a realización da profesión de electricista. Este uso e compartido con o uso de garaxe.

A planta vivideira é a primeira planta, a que se accede polo exterior po unha escada que remata nun balcón na fachada sur, e dende o interior a través da planta baixa.

O tellado ten diferentes quebras para conseguir maior altura no baixo cuberta e poder usar este espazo como planta vivideira en caso de que fose necesario amplialo existente.

Na actualidade, situouse no baixocuberta o despacho do dono, no que se realizan a parte administrativa do traballo. Con esta localización o uso dedicado a parte de traballo queda dividido en altura, pola parte vivideira, nunha interpretación de sucios e limpos. Así, a planta baixa dedicase a parte mais sucia do traballo, o almacenamento, e a parte mais alta dedicase a parte mais limpa do negocio, a administración.

**Planos:**




Planta baixa




Planta alta







Planta alta






Sección AB



Alzado Norte



Alzado Sur



Alzado Este



Alzado Oeste

## Esquemas evolutivos

**Non se produciron evolucións**

**Aspectos construtivos:**

**Sistema construtivo:** Sistema porticado en formigón armado.

**Elementos construtivos:** Placas de formigón armado en forxados, soleira e cubertas. Paredes exteriores en ladrillo de dúas follas convencional con morteiro monocapa polo exterior.
Acabamentos dos solos: parqué nos cuarto e despacho, no resto das estancias plaqueta, excepto as zonas sen uso e a planta baixa que carece de acabamento.
Acabamentos interiores de paredes pintadas, divisións interiores con tabiques recebados e pintados, excepto no baixocuberta que carecen acabamento. Cobertura en lousa. Azulexos nos paramentos verticais de cociñas e baños. Carpinterías exteriores en PVC, chapa metálica e carpinterías interiores en madeira.

**Materiais:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| placa de formigón | ladrillo | plaqueta | PVC |
| madeira | parqué | azulexo | chapa metálica |
| morteiro monocapa | | | |

**Elementos disonantes:**

Partes da casa sen uso e sen terminar de construír.
Escala
Dimensións das xanelas

**Fotografías:**






**Ficha XX.12**

## Casa Venezuela **XX.12**

**Data de construcción:** Anos 90

**Aspectos de implantación:**

Esta vivenda está situada no medio dunha finca, tratase de unha casa unifamiliar illada. Accedese por un camiño ata a finca. A finca esta cercada con un cerramento en bloque.

**Aspectos espaciais:**

**Uso actual:** vivenda **Nº de pisos:** 2

**Uso orixinal:** vivenda **Nº de augas:** 4

**Volume:** rectangular

**Estado de conservación:**

Bo

**Implantación**



**Resumen histórico:**

Esta casa foi erixida durante a década dos 90. O seu propietario emigrado en Venezuela, decide localizar aquí a súa casa para retornar o seu país natal. Para iso, contrata un construtor que leva a cabo o deseño e encargase da execución do proxecto.

A casa foi planeada para dar cabida o garaxe na planta baixa, pero xa construída a casa decidiron facer un anexo pegado a vivenda a norte para o automóbil.

Polo que o espazo proxectado para garaxe quedou sen un uso especifico, que posteriormente o dono comezou a dividir e crear estancias para darlles algún uso. Así, crea un rocho, un baño e o resto do espazo residual utilizano para lavandería.

Sepáranse as estancias de día e de noite; na planta baixa sitúanse as estancias de día e de uso mais social como a cociña e o comedor, e a parte alta dedicase as estancias de noite, basicamente dormitorios e baños.

Hai unha gran cantidade de baños, case un baño por cuarto.

A cobertura quebrase por unha cuestión estética, xa que o baixocuberta non é aproveitable nin se planeou que o fose nunca.

A entrada está a este, en relación o camiño o camiño polo que se accede ata a finca. Entrase directamente ó corredor, desde o cal podes acceder a calquera das estancias.

Observase unha gran preocupación pola seguridade, que non é típica do lugar. Colócanse reixas en todos os ocos da planta baixa, ademais de cercar a finca por todo o contorno. Na planta alta hai dobre xanela.

**Planos:**




Planta baixa




Planta alta






Sección AB





Alzado Este



Alzado Norte



Alzado Sur



Alzado Oeste

## Esquemas evolutivos

**Non se observaron transformacións**

**Aspectos construtivos:**

Sistema construtivo: Sistema de pórticos en formigón armado.

Elementos construtivos: Placas de formigón armado en soleiras, forxados e cuberta.

Paredes en ladrillo de dúas follas convencional, recebado e pintado tanto polo exterior como polo interior. Divisións interiores en tabique de ladrillo recebado e pintado. Acabamentos dos solos en plaqueta. Azulexos nos paramentos verticais de baños e cociña. Carpinterías exteriores en aluminio e PVC e interiores en madeira. Reixas nas xanelas da planta baixa e na porta de entrada. Cobertura en lousa.

**Materiais:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Formigón armado | madeira | ladrillo | Lousa |
| azulexo | plaqueta | aluminio | PVC |

**Elementos disonantes:**

Reixas nas xanelas

Quebras no tellado

Mestura de materiais nas carpinterías exteriores.

**Fotografías:**









**Ficha XX.13**

## Casa de Manolo XX.13

**Data de construcción:** anos 90

**Aspectos de implantación:**

Tratase de unha vivenda unifamiliar illada, situada no medio da finca, o acceso prodúcese por un camiño desde unha pista a sur.

**Aspectos espaciais:**

**Uso actual:** vivenda **Nº de pisos:** 2

**Uso orixinal:** vivenda **Nº de augas:** 4 + 3

**Volume:** rectangular

**Estado de conservación:**

Bo

**Implantación**




**Resumen histórico:**

Esta casa foi levantada nos anos noventa. Estando os seus propietarios emigrados en Alemania, coa pretensión de rematar vivindo aquí cando chegase a súa xubilación. Entrementres era usada como casa de vacacións. Finalmente, desde decembro de 2012 a casa esta habitada permanente.

O proxecto de execución demorouse durante anos. A casa é unha vivenda de planta baixa, erixida non terreo inclinado. O baixocuberta non é habitable. Anos despois de finalizar a obra, os propietarios percataronse de que precisaban un maior espazo para dedicar a bodega e a rocho e aproveitando o desnivel o terreo escavaron un soto debaixo da planta terrea, usando as paredes existentes por riba dos cimentos.

Mantiveron a cociña de leña ou bilbaína na cociña, pese a que estas acada unha dimensión pequenas en comparación coa cociña da casa-vivenda tradicional, pero en vez de mantela no medio da cociña trasladouse pegada a parede sur.

Para acceder a casa hai un balcón que se abre a sur e ten unha gran escaleira a este, debido o desnivel do terreo.

**Planos:**




Planta baixa




Planta soto




Sección AB





Alzado Este



Alzado Sur



Alzado Norte



Alzado Oeste

## Esquemas evolutivos

**Non se produciron transformacións**

**Aspectos construtivos:**

Sistema construtivo: Sistema porticado en formigón armado

Elementos construtivos: Placas de formigón armado en soleira, forxados e cuberta. Paredes exteriores en ladrillo de dúas follas convencional revestido polo exterior con morteiro monocapa e polo interior recebados e pintado. Tabiques de ladrillo nas división interiores recebados e pintados. Plaqueta no solos a azulexo nos paramentos verticais de cociña e baño. Cobertura en lousa de xisto. Carpinterías exteriores en PVC e interiores en madeira. Pezas de granito no contorno e repisa das xanelas, nas xuntas de dúas paredes semellando xuntoiros, escaleira principal nos chanzos, varanda e pasamáns e no piso do balcón. Moldura de escaiola na cornixa do corredor e comedor. Persianas polo exterior.

**Materiais:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Placas de formigón | Lousa | plaqueta | PVC |
| Ladrillo | Morteiro monocapa | Azulexo | Madeira |
| Granito | Moldura de escaiola | | |

**Elementos disonantes:**

Cobertura quebrada.

Varanda metálica na fachada norte

**Fotografías:**









**Ficha XX.14**

## Villa Astur XX.14

**Data de construcción:** anos 90

**Aspectos de implantación:**

Casa unifamiliar illada situada no medio dunha finca que esta rodeada dun muro que impide o acceso directo a vivenda. A entrada esta xirada cara o sur.

**Aspectos espaciais:**

**Uso actual:** vivenda **Nº de pisos:** 1

**Uso orixinal:** vivenda **Nº de augas:** 0

**Volume:** rectangular

**Estado de conservación:**

Bo

**Implantación**




**Resumen histórico:**

Está casa foi erixida na década dos anos 90. Os seus propietarios emigrados en Asturias, construíron esta vivenda como segunda vivenda, a que pensaban usar durante as vacacións.

A finalidade do uso non era permanente, buscaban facer unha casa de pequenas dimensión para albergarse uns días na verán.

A casa está implantada no medio de unha finca, completamente xirada cara sur por onde se produce o acceso dende a pista. A finca na que se sitúa, está completamente cercada con un muro en bloque de formigón e con grandes portalóns que impiden a entrada dos alleos.

O programa é simple, tratase de unha casa de planta baixa con dous cuartos, unha cociña, un baño e un salón-comedor o que se accede directamente pola entrada.

O terreo no que se sitúa e lixeiramente inclinado a este, iso reflíctese no volume que para acceder a casa hai unha pequena escaleira.

O bloque de pedra coa que se constitúe a folla exterior da parede aparece a cara vista en todas as fachada.

**Planos:**




Planta baixa



Sección AB






Alzado Oeste





Alzado Este



Alzado Sur



## Esquemas evolutivos

**Non se produciron evolucións**

**Aspectos construtivos:**

Sistema construtivo: Sistema porticado en formigón armado

Elementos construtivos: Placas de formigón armado en soleira e cuberta. Fachadas de dúas follas en ladrillo e bloque de pedra polo exterior, polo interior recebadas e pintadas. Tabiques de ladrillo recebado e pintado. Parqué nos solos dos cuartos e plaqueta no solo do resto. Revestimento polo interior das paredes do salón a un metro en madeira. Azulexos nos paramentos verticais da cociña e baño. Carpinterías exteriores en PVC e carpinterías interiores en madeira. Persianas exteriores. Cobertura plana con un leve inclinación revestida en placas de fibrocemento

**Materiais:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Placas de formigón | Madeira | Ladrillo | Plaqueta |
| azulexo | PVC | Bloque de pedra | parqué |
| Placas de fibrocemento | | | |

**Elementos disonantes:**

Cobertura plana

Bloque de pedra nas fachadas exteriores

**Fotografías:**









# Capítulo 10. Análise comparativo

Tras os análises individuais de casa unha das casas de Vilar de Donas, sintetizados nunha ficha para cadansúa casa. Este tratamento de análise individual sírvenos como soporte para a realización de un análise comparativo e guiara o procedemento a seguir neste capítulo.

Partindo de cada unha das categorías cruzaranse os datos seguindo métodos de análises cuantitativos e/ou cualitativos en función de cada característica que se analice de modo que se poidan comparar as respostas para comprender as relacións entre as variables.

Para mostrar os resultados utilízanse diferentes métodos como: deseños, gráficos, táboas e cadros. A elección de cada sistema ver a responder a unha maior claridade e simplicidade a hora de interpretar e comunicar os datos, tentando aportar a maior precisión posible.

As categorías veñen a seguir o esquema da ficha, polo que se analizan os aspectos formais e espaciais, os aspectos construtivos tanto os sistemas construtivos como os elementos construtivos, así como os materiais e os elementos disonantes.

O análises comparativo permítenos identificar os puntos comúns entre as diferentes vivendas da aldea de Vilar de Donas. Este análise centrase naqueles aspectos comúns entre as vivendas existentes sendo o obxectivo tentar identificar os elementos unificadores poder interpretar os datos coa finalidade para encontrar o camiño que leva a comprensión da realidade actual para poder encontrar uns principios integradores.

### 10.1. Análise do numero de pisos

A casa de dúas plantas é mais abundante en Vilar de Donas, un total de 8 casas son de dúas plantas. Inda que de estas 11, das cales 9 corresponden as casas rurais vernáculas tradicionais e 2 corresponden con casas rurais contemporáneas. Das 11 casas, 2 de elas usan o baixocuberta como unha extensión da planta vivideira no caso de que a planta baixa se use como almacén, esta variante do uso do baixocuberta coincide coas casa rurais contemporáneas.

As casas de planta baixa son un total de 3 casas, mais unha ampliación de unha casa tradicional realizada nos anos 60.

Estas casas de planta baixa teñen diferentes características, así unha de elas utiliza o baixocuberta como extensión da planta vivideira e a posteriori creo un soto, outra creou un soto tamén despois da edificación da casa. Polo que só unha ten unha única planta.




Fig. 100. Casas de Vilar de Donas segundo o numero de alturas

Fonte: A partir dos datos do local

## 10.2. Análise funcional nas casas de Vilar de Donas

| | XVII.01 | XVIII.02 | XVIII.03 |
|---|---|---|---|
| PA |  |  |  |
| PB |  |  |  |

**XX.08**

PA



PB



**XX.09**

PBC



PB



PS



**XX.10** / **XX.11**

PBC





PA





PB








Fig. 101. Espazos funcionais nas casas de Vilar de Donas

Fonte: A partir dos datos recollidos no local

### 10.2.1. Espazos privados

Nas casas de Vilar de Donas os cuartos localízanse preferiblemente no segundo andar, aínda que excepcionalmente en 2 vivendas tamén se sitúan no primeiro andar.

Os cuartos ó longo do tempo foron mudando a par que se transformaba a arquitectura doméstica. Os primeiros cuartos eran espazos abertos sen distribuír carecendo de intimidade entre os membros da familia. Polo xeral, ocupaban toda a superficie da planta alta da casa. No século XVIII, esta dimensión rondaba os 16 m2.

Durante o século XIX, a casa crece en tamaño e como consecuencia os cuartos tamén, podendo alcanzar dimensións ata 55 m2, sendo a dimensión media o redor dos 35 m2.

A partir dos anos 70, na casa-vivenda comezáronse a dividir estes espazos coa finalidade de ter maior intimidade, os cuartos varían entre os 8 m2 e os 10 m2 debido a necesidade de adaptarse no espazo existente entre os muros. Inda hai permanencias nalgunhas casas de un cuarto de maior dimensión que anteriormente era dedicado a sala de respecto pero que perdeu o seu uso e permanece exclusivamente como dormitorio.

No caso das casas contemporáneas de Vilar de Donas os cuartos oscilan entre os 10 m2 e os 12 m2. Nalgúns casos, especialmente nas edificacións mais recentes un dos cuartos destaca polas súas dimensións cerca dos 20 m2, soe ser o cuarto dos propietarios da casa.

| Cuartos | Nº/ cuartos | Superficie | Superficie máxima |
|---|---|---|---|
| **Século XVIII** | 1 | 16 m2 | |
| **Século XIX** | 1 | 35 m2 | 55 m2 |
| **Século XX – anos 70** | | | |
| **Casa vernácula** | + 1 | 8 -10 m2 | |
| **Casa contemporánea** | + 1 | 10 -12 m2 | 20 m2 |


XVII.01
XVIII.02
XVIII.03
PA
PB
52,05 m2
27,45 m2
57,33 m2


XX.08
XX.09
XX.10
XX.11
PA
PB
PBC
PB
PS
PBC
PA
PB
40,81 m2
69,14 m2
65,64 m2
38,45 m2




Fig.102. Espazos privados nas casas de Vilar de Donas

Fonte: A partir dos datos recollidos no local

### 10.2.2. Espazos comúns

Os espazos comúns abarcan diferentes compartimentos como: o comedor, a salita, o salón-comedor e a cociña.

A cociña continua a ser o lugar por excelencia para a vida familiar, tamén é o lugar onde se reciben as visitas. A cociña esta distribuída en torno a cociña de leña situada no medio da estancia, todo o redor cercada por un mesado onde se senta a familiar a comer e se reciben as visitas. Por iso, acada unhas dimensión grandes. Nas casas-vivendas tradicionais segue a ocupar a mesma superficie que a súa predecesora coa lareira. Superficie variable entre os 4,54 e os 25,57 m2. Sendo a dimensión media entre os 10 -20 m2.

Nas casas contemporáneas seguen a reproducir o mesmo sistema maioritariamente, aínda que nalgúns casos trasladan a cociña de leña a unha das paredes laterais e reducen a superficie de esta peza.

O comedor é unha estancia que ten un uso moi puntual, constrúese nas últimas décadas na casa. Mais recentemente, aparecen nalgunhas vivendas transformadas espazos intermedios como o salón-comedor, que é mais característico da vida urbana.

Noutras casas contemporáneas aparece unha duplicidade desta función tendo comedor e salita.

O comedor ten unhas dimensións que oscilan entre os 15,13 m2 e os 53,28 m2, chegando a ter un protagonismo importante. A salita, ten unhas dimensións mais modestas en comparación co comedor. Tendo unhas dimensións o redor dos 10 m2.

**Espazos comúns: a cociña**



## Espazos comúns: comedor e salita




Fig.103. Espazos comúns nas casas de Vilar de Donas

### 10.2.4. Espazos para a circulación

Os espazos para a circulación son bastante recentes, na casa-vivenda tradicional eran case inexistentes debido a carencia de intimidade e as plantas libres de divisións, pasaban de un espazo a outro sen que propiamente houbese un espazo de transición, coa excepción da escaleira para subir o primeiro andar.

Coa transformación da casa aparecen estes espazos de transición entre as distintas pezas especializadas da casa formado por corredores, escaleiras e vestíbulos.

A entradas da casa rural marcan o inicio da circulación cara cada un dos compartimentos en que se distribúe a casa. As primeiras transformación afectaron principalmente a planta terrea, que coa división das estancia xeraba un corredor que daba acceso a cada unha delas e mediante a escaleira permitía o acceso a planta alta, eran onde se localizaban os cuartos e este corredor diluíase nunha estancia maior polo cal se accedía a cada un dos cuartos. Nas transformación mais recentes xa se prioriza un lugar de paso, cada vez mais semellante ao corredor adaptándose a superficie existente.

A casa contemporánea organizase o redor dun corredor central que ten estancias a un lado e o outro, no caso de vivendas de dúas plantas este corredor trasladase en altura para organizar os diferentes compartimentos uníndose ambos polos corredores a través das comunicación verticais.

A  forma mais simple do corredor é un corredor lineal en I, cando as comunicación non se conseguen solucionar con este de corredor recorrese o corredor en L, que é o mais usado, e nalgún casos a distorsión do corredor en L orixina un corredor en T.


XVII.01
XVIII.02
XVIII.03
PA
PB
13,37 m2
34,22 m2
16,02 m2


XX.08
XX.09
XX.10
XX.11
PA
PBC
PB
PS
8,18 m2
19,63 m2
28,44 m2
60,05 m2




Fig.104. Espazos para a circulación nas casas de Vilar de Donas

### 10.2.5. Espazos para o almacenaxe

Na casa rural concedéselle unha gran superficie destinada ó almacenaxe. Na casa rural tradicional había varios espazos designado ó almacenaxe de alimentos tanto para as persoas como para os animais. Usábase a barra como lugar de almacenaxe da herba e como canizo onde se secaban as castañas, nalgúns casos o baixocuberta ou o faio tamén era usada para esta labor, aínda que en Vilar de Donas o faio carecía de calquera función. Nas casas-vivenda construídas no século XVIII, que inda tiña a barra. Estes espazos ou se conservan ou convertéronse nun sobrado onde se almacenan os trastos.

As construcción adxectivas e parte das antigas cortes transfórmanse para dar cabida o garaxe,  a despensa, os rochos, a biblioteca ou a bodegas.

O baixocuberta e os espazos onde a escasa altura dificultan situación de calquera outra estancia vivideira, son os elixidos para funcionar como espazos de almacenaxe.

As casas contemporáneas contemplan a planta baixa ou o soto case con exclusividade para este fin, ben sexa para garaxe e rocho, ou ben sexa o lugar onde se gardan os utensilios de traballo. No caso, de que non foron previstas areas destinadas o almacenaxe na casa vivenda, os poucos anos son engadidas a posteriori.

A superficie de almacenaxe é moi variable, vai ligada o propio uso da casa. En casa deshabitadas ou habitadas temporalmente e moito inferior as que están habitadas permanentemente. Nas casas de vacacións estes espazo non superan o 3% da superficie útil, mentres que nas outras casas varían entre 30 m2 ata 150 m2.


XVII.01
XVIII.02
XVIII.03
PA
PB
2,67 m2
148,72 m2
21,57


XX.08
XX.09
XX.10
XX.11
PA
PB
PS
PBC
PB
PS
PBC
PA
PB
47,46 m2
40, 92 m2
113,15 m2
154,42 m2




Fig.105. Espazos para o almacenaxe nas casas de Vilar de Donas

Fonte: A partir dos datos recollidos no local

### 10.2.6. Espazos para o aseo

Os espazos para o aseo son introducidos na casa-vivenda entre os anos setenta e oitenta. Os primeiros construídos sitúanse na planta baixa, habendo unicamente un por casa.

Nas transformación mais recentes, é o cuarto de baño o elemento que se duplica ou multiplica segundo o espazo dispoñible. Nos casos en que o espazo sexa mais reducido so se coloca un por planta.

Nas casa contemporáneas é o elemento que mais difire segundo a etapa de construcción e o uso da casa, referíndose ó uso temporal ou permanente.

Así nas primeiras casas contemporáneas construídas en Vilar de Donas só se chega a facer unha estancia por casa, mais adiante chéganse a construír un cuarto de baño por planta e nas últimas construcción ademais de edificarse un cuarto de baño por planta, erguese un a maiores ligado ao dormitorio principal e de uso privado.

En todos los casos, o cuarto de baño contén todas as pezas, non se constrúen aseos.

Nas casa de uso temporal hai un único cuarto de baño, o que indica unha racionalidade deste recinto.


XVII.01
XVIII.02
XVIII.03
PA
PB
4,77 m2
8,45 m2
3,52 m2


XX.08
XX.09
XX.10
XX.11
PA
PBC
PBC
PB
PB
PA
PB
PS
PB
3,91 m2
3,91 m2
11,66 m2
116,03m2




Fig.106. Espazos para o aseo nas casas de Vilar de Donas

Fonte: A partir dos datos recollidos no local

### 10.3. Análise da orientación solar

Tendo en conta a orientación podemos observar que as primeiras casas-vivenda trataban de fecharse cara o norte, pero se aparecía un estimulo maior como o camiño ignorábase este condicionante climatolóxico e a vivenda xiraba cara o camiño. Isto repítese en varias casas, evidentemente protexían os ocos con contras, procuraban o abrigo de construcción próximas e sempre que podían xiraban a entrada para calquera dos outros lados.

Durante as transformacións sufridas en ningunhas das casa se abre algún oco cara o norte. Esta zona xeográfica ten temperaturas baixas durante os meses de decembro, xaneiro e febreiro. Polo que a maior preocupación a hora de construír era a protección contra o frío, para iso usaban poucos ocos evitando dispoñelos na fachada norte.

As proteccións cara o sol son inexistentes, tendo nesta zona veráns suaves polo que o sistema construtivo era suficiente para manter fresco o interior nos meses estivais.

A disposición dos cuartos carece de algunha relación coa orientación. Aínda que a cociña disponse en dirección Sur e Oeste, e o comedor disponse orientado cara Este debido a que esta estancia constrúese recentemente e buscase a proximidade da cociña, polo que queda supeditada a Este.

As galerías colocadas nos 80 son o único elemento onde se percibe algunha preocupación pola orientación, xa que todas sitúanse orientadas cara o sur.

As edificación correspondentes coas casas contemporáneas non teñen en conta os condicionantes climáticos, estes non inflúen de ningún modo sobre a orientación das estancias ou a colocación e dimensión dos ocos. As xanelas dispérsanse polos fachadas sen ningún orden aparente respondendo o simplemente o feito de aportar luz a unha estancia.


XVIII.01
XVIII.02
XVIII.03
XIX.04
PA
PB


XX.09
XX.10
XX.11
PB
C
PBC
PB
PA
PS
PB




Fig.107. Relación dos usos das estancias en función da orientación nas casas de Vilar de Donas

Fonte: A partir dos datos recollidos no local

## 10.4. Análise de usos por vivenda

Segundo a ocupación das estancias dedicadas a un mesmo uso, que se engloban en seis espazos principais, en cada un deste espazos engloban estancias que comparten usos semellantes. Dentro dos espazos comúns separamos a cociña das outras áreas pola importancia que esta peza denota na casa rural, o que se considera mais apropiado mostrar a súa presenza independentemente do resto dos espazos comúns.

Tendo en conta as gráficas seguintes podemos dicir que a casa rural de Vilar de Donas caracterizase por ter unha gran area dedicada fundamentalmente a tres usos, que son:

- Espazos comúns: o comedor, salita, salón-comedor e  a cociña;
- Espazos privados: os cuartos;
- Espazos de almacenaxe: garaxes, palleiras, rocho, despensa, vestidores, bibliotecas e bodegas.

As circulación entre os diferentes compartimentos ten un gran presenza na superficie da vivenda sendo moi superior en moitos casos a estancias de grande dimensión como a cociña, que representa un porcentaxe entre o 7 e o 10 por cento da superficie útil total.

En terceiro lugar as superficie destinada o aseo é moito menor, igualmente a que se dedica a outros usos mais especializados, como zonas de estudio, despachos ou zonas sen un uso determinado, zonas de reserva, etc.

**XVII.01**




**XVIII.02**




**XVIII.03**




**XIX.04**




**XIX.05**




**XIX.06**




**XIX.07**




**XX.08**






Fig.108. Porcentaxe de ocupación segundo os usos por cada vivenda nas casas de Vilar de Donas

Fonte: A partir dos datos recollidos no local

Tendo en conta, as análises anteriores podemos concluír que a casa rural media segundo o uso vería a responder as seguintes porcentaxes referentes a superficie.




Fig.109. Vivenda media de Vilar de Donas

Fonte: A partir dos datos recollidos no local

Sendo a casa tipo característica de Vilar de Donas segundo os usos dados as estancias, ven cumprindo estas características:

**Casa tipo**

| Cantidade | Estancia | Superficie |
|---|---|---|
| 1 | cociña | 10-20 m2 |
| 2-5 | cuartos | 8-12 m2/ estancia |
| 1 | comedor | 20-40 m2 |
| 1 | salita | 10-11 m2 |
| 1-2 | baños | 4-8 m2 |
| 1-2 | Espazos de almacenaxe | 20-50 m2 |
| 1 | Espazos para a circulación | 10-20m2 |

Fig. 110. Casa tipo de vilar de Donas

## 10.5. Análise do sistema construtivo

## Sistemas construtivos




Fig.111. Táboa de sistemas construtivos de Vilar de Donas

O sistema construtivo da casa tradicional de Vilar de Donas son os muros de cachotería de pedra con pedras de cantería nos xuntoiros dos muros e nas padieiras, pé dereitos e lumieiras das xanelas e lumieiras e pé dereitos de portas.

A sillería era relevada para os monumentos ou os edificios de maior importancia como o Mosteiro; a reitoral nunha das súas paredes usa a sillería, debido a que foi erixida como ampliación do Mosteiro de Vilar de Donas.

O sistema de muros porticado aínda permanece, con alteracións, en 5 casas tradicionais.

Polos anos 60 comezaron a introducirse novos materiais que foron modificando non só as casas tradicionais, senón que tamén comezaron a usarse para realizarse nestas vivendas tanto nas reformas como nas ampliación. Debido a isto, en 3 casas coexisten o sistema de muros portantes co sistema porticado.

O sistema porticado de piares en formigón armado con forxados en placas de formigón e paredes convencionais de dúas follas de ladrillo; consolídase na década dos 80, todas as novas vivendas construídas a partir desta data usaran este sistema, estamos falando de 6 casas.

| Alteracións construtivas disonantes | |
|---|---|
| Sistema construtivo porticado | 9 |
| Retirada dos cachotes do muro pola parte interior | 3 |
| Alteración dos ocos da fachada | 4 |
| Alteración dos muros para dar altura | 3 |

Fig.112. Táboa de elementos disonantes do construtivos de Vilar de Donas

A introdución do sistema construtivo porticado constitúe a principal disonancia nas casas da aldea, xa que é o xerador da maior parte dos cambios e das alteración producidas dende os anos 60.

Respecto as disonancias producidas nos muros de cachotería foron as seguintes:

- En 3 casas foron retirados cachotes do muro polo interior e reforzados con formigón armado coa finalidade de gañar maior espacialidade no interior;
- En 4 vivendas realizáronse alteración das fachadas, ben para ampliar os ocos existentes ou para crear algunhas xanelas. Apenas se conservan muros sen alteracións.
- Tamén en 3 casos aplicouse o formigón armado sobre o muros de cachotería para dar altura a casa, nun caso revístese con pedra completamente diferentes polo exterior, noutros caso tratase de revestir con elementos de pedra semellantes de modo que non se perciba isto desde exterior e noutro caso recebase e píntanse co que non se aprecia a diferenza visual.

## 10.6. Elementos construtivos

### 10.6.1. Elementos verticais

### Paredes exteriores




Fig.113. Tipo de paredes exteriores das casas de Vilar de Donas




Fig.114. Acabamentos das paredes exteriores das casas de Vilar de Donas

As paredes exteriores son consecuencia directa do sistema construtivo, así nas casas tradicionais usase o sistema portante de muros polo que as paredes exteriores en cachotería de pedra de gra, non hai unha diferenza entre os muros o sistema construtivo e as paredes exteriores. Co cambio de sistema construtivo, as paredes exteriores son feitas en ladrillo convencional de dúas follas, con cámara de aire, poden ter algún material illante, evidentemente non é posible comprobar se existe ou non o illamento.

O feito das ampliación con o novo sistema construtivo determina que 2 vivendas compartan ambos tipos de paredes.

Inda que os muros de cachotería se conservan en todas as vivendas tradicionais, están moi adulterados produto de accións que mudaron os acabamentos destas casas.

En 5 casas varios materiais revisten as fachadas, conservándose a pedra vista só dúas das 8 vivendas tradicionais. As demais foron recebadas en cemento, por veces pintadas.

Nas casas contemporáneas non existe unha uniformización respectos os acabamentos exteriores, dependendo das preferencias individuais dos moradores. Así podemos observar materiais cerámicos que revisten as paredes, ou atópanse recebadas e pintadas, usan morteiros monocapa ou bloques de pedra.

| Elementos disonantes nas paredes exteriores | |
|---|---|
| Recebo en cemento sen pintar | 5 |
| Recebo en cemento pintado | 3 |
| Encintado das xuntas dos cachotes con cemento pintado de branco | 5 |
| Materiais en pedra rodeando ocos e nos xuntoiros | 2 |
| Cor diferente rodeando ocos e nos xuntoiros | 2 |
| Lamina bituminosa colada na fachada | 1 |

Fig.115. Elementos disonantes das paredes exteriores das casas de Vilar de Donas

As paredes exteriores da arquitectura rural tradicional mostran a transformación por adaptarse as novas necesidades impostas ao campo por unha improvisada sociedade "industrial", reflíctense nas paredes das casas unha traumática transformación con actuacións como o revestimento das fachadas con cemento visto, na década dos 70. Estas casas tradicionais eran o reflexo da miseria vivida durante o franquismo, con estas actuacións trataban de illarse de esta imaxe.

Nos 80, este proceso muda, as xuntas dos cachotes encíntanse con cemento pintado de branco esta practica xeneralizase por toda aldea imprentándose en primeiro lugar nas casas dos emigrados retornados o que fai pensar que estes trouxesen este tipo de tratamento de outros lugares. Nalgún caso se receban e se pintan de igual modo as vivendas rurais contemporáneas.

En 2 casas obsérvanse todas as adulteracións descritas anteriormente, é dicir, paredes recebadas con cemento visto, recebado con cemento pintado e encintado das xuntas con cemento pintado de branco.

As casas contemporáneas tratan de imitar xestos da arquitectura tradicional como as pezas feitas en cantería nos muros, estas pezas situadas en xuntoiros, contorno de xanelas e portas. Para isto usan materias pétreos que revisten o contorno dos ocos e imitan o trabado dos xuntoiros, por motivos de aforro en vez de colocar materiais pétreos marcan estes elementos cun cambio de cor.

Hai outras actuacións incluso mais agresivas como colocar unha lamina bituminosa por riba da cachotería cubrindo toda unha fachada, descoñecendo cal sería a finalidade deste modo de proceder.

## Paredes interiores




Fig.116. Tipo de tabiques das casas de Vilar de Donas




Fig.117. Acabamentos das paredes interiores das casas de Vilar de Donas

Nas paredes interiores hai maior uniformización, as divisións interiores realízanse con tabiques en ladrillo recebados e pintado, excepcionalmente usase o cartón xeso nas últimas reformas feitas nunha casa rural tradicional.

Os azulexos son colocados nos paramentos verticais de cociñas e baños case en tódalas vivendas, excepcionalmente nunha casa non se usa o azulexo debido a que están deshabitadas. Excepcionalmente, conservase nunha casa o tabique de taboleiro de madeira pintado.

## Escaleiras



Fig.118.. Escaleiras das casas de Vilar de Donas




Fig.119. Numero de escaleiras por casa.




Fig.120. Localización da escaleira nas casas de Vilar de Donas.




Fig.121. Materiais usados nas escaleira das casas de Vilar de Donas.

**Escaleiras segundo o uso dos materiais**




| | Casas co mesmo material nas escaleiras | Casas con distinto material nas escaleiras |
|---|---|---|
| Series1 | 9 | 5 |

Fig.122. Escaleiras segundo se use os materiais empregados na escaleira.

A escaleira polo interior é o mais frecuente nas casas de Vilar de Donas, das 8 casas que teñen unha soa escaleira so en dúas vivendas está polo exterior, nunha das casas tratase dunha pequena escaleira de tres chanzos para salvar o desnivel da topografía, noutro caso tratase de unha ampliación nunha casa tradicional onde as areas vivideiras encóntranse exclusivamente no primeiro andar, sendo este o único acceso.

As casas con 2 escaleiras non responden na maior parte dos casos a unha duplicidade de este elemento, senón que aparecen para salvar as diferentes cotas das antigas cortes con respecto ao terreo ou o resto da planta baixa. Nalgún caso, realízanse ampliacións na casa contemporánea que non se previron anteriormente, coma a construcción dun soto, o que se ven na obriga de construír este elemento polo exterior e non se preocupan excesivamente con o seu aspecto.

So nun caso hai unha duplicidade deste elemento das comunicacións verticais ligado a un uso comercial na planta baixa da casa, polo que se coloca unha escaleira polo interior de carácter privado e de comunicación entre os diferentes andares (primeiro andar e baixocuberta). A escaleira principal será colocada no exterior e por ela accedese directamente a planta vivideira, situada no primeiro andar.

Respecto os materiais empregados, as escaleiras de madeira van sendo substituídas por estruturas en formigón armado, so en 3 casas se conservan debido a que estas, encóntranse deshabitadas. Nunha casa vivenda, debido as reformas realizadas optan por querer usar o baixocuberta e empregan un escaleira feita en madeira xa que non tiña moito espazo por ser unha ampliación improvisada. Algunhas destas substitucións da estrutura de madeira en prol do formigón rematan por revestirse con madeira.

A escaleira de formigón revestida con materiais cerámicos é a mais usada en toda a aldea, usase en 9 das 14 casas; tanto no exterior coma no interior. Nalgún caso queda sen revestir, como referimos anteriormente, soe estar relacionadas coas ampliación feitas para edificar unha planta soto (2 casos), ou no caso de que a planta vivideira se sitúe na segunda planta e a escaleira quede sen ningún revestimento o tramo que une esta planta coa terrea. Como so é de uso privado e comunicase cun planta dedicada a rocho non se preocupan polos acabamento. Nalgunhas casas tradicionais continúan a utilizarse as escaleiras de pedra no interior, que había propiamente nas antigas cortes para salvar o desnivel.

| Elementos disonantes nas escaleiras | |
|---|---|
| Substitución das escaleiras de madeira por outras en formigón | 5 |
| Usar diferentes revestimentos nas escaleiras | 5 |
| Escaleiras con cemento a cara vista | 4 |

Fig.123.Elementos disonantes nas escaleiras das casas de Vilar de Donas

Os factores que acabamos de describir inflúen que na mesma casa cohabiten diferentes combinacións de acabamentos, como substitución das escaleiras de madeiras nas casas tradicionais, ampliación de plantas soto ou tramos de escaleiras de plantas non vivideiras se revestir.

**Varandas e pasamáns**




Fig.124. Materiais usados nas varandas das escaleiras das casas de Vilar de Donas

| Elementos disonantes das varandas | |
|---|---|
| Varandas en cemento | 1 |
| Inexistencia de varanda | 3 |

Fig.125. Elementos disonantes nas varandas das escaleiras das casas de Vilar de Donas

A madeira é o material mais usado nas varandas, nas varandas das escaleiras interiores podemos dicir que se usa case en exclusivo a madeira, so nun caso se usa o ferro fundido. Os materiais elixidos para as varandas no exterior son do mais diverso: ferro fundido, granito ou molduras de cemento pintado de branco. Nalgunha escaleiras interiores, que se sitúan entre dous paramentos verticais non se coloca ningunha varanda. Tampouco para tramos que salvan cotas pequenas, tanto no interior coma no exterior.

### 10.6.2. Coberturas

**Coberturas**




Fig.125. Tipos de coberturas das casas de Vilar de Donas

O tipo de coberturas mais usado na aldea de Vilar de Donas, é a estrutura de formigón armado, en 8 casas utilizan este sistema. O sistema tradicional en madeira mudase a partir dos 80 por este sistema, en 2 casas só parcialmente o que remata por ter unha coexistencia dos dous sistemas na cobertura, nunha casa o formigón armado aplicase a ampliación.

En 5 vivendas consérvanse o armazón tradicional en madeira, en dúas vivendas nun estado moi precario debido o estado de abandono actual no que se encontran estas casas tradicionais.




Fig.127. Forma da cobertura segundo os volumes das casas de Vilar de Donas

A cobertura de 3 augas xurde debido as ampliacións da cobertura de 2 augas, debido a iso o seu uso é moi frecuente. O novo sistema construtivo permite o moldeado de calquera forma, polo que as coberturas crebadas ou en mansarda traídas polo inmigrantes proliferan na aldea chegando a haber 5 casas con este tipo de cobertura.

O tellado a dúas augas so se chega a conservar en dous volumes que forman parte de 2 dúas casas.

Por outra parte a cobertura plana mostrase como un elemento disonante das cobertura.




Fig.128. Forma da cobertura segundo os volumes das casas de Vilar de Donas

A tella, a pesar de non ser o material orixinal da cobertura, é o mais usado. A partir dos anos 60, foi progresivamente introducido nas vivendas vernáculas tradicionais, quedando o seu a unha soa casa. A partir dos anos 90, nas novas casas contemporáneas de Vilar de Donas reintrodúcese de novo a lousa. O resultado logrado distáncianse da arquitectura doméstica tradicional debido o aspecto industrial da lousa e a forma dos tellados.

| Elementos disonantes nas coberturas | |
|---|---|
| Substitución da estrutura tradicional por estrutura en formigón armado | 4 |
| Quebros no tellado | 5 |
| Cobertura quebrada | 1 |
| Uso do fibrocemento | 4 |
| Uso de varios materiais na cobertura | 2 |

Fig.129. Elementos disonantes nas coberturas das casas de Vilar de Donas

Os principais elementos disonantes das coberturas débense o cambio do armazón de madeira característico da cobertura tradicional polo novo sistema de formigón armado, esta mudanza prodúcese en 5 casas.

O formigón armado permite que se realicen quebras na cobertura, soe ser unha cobertura de 4 ou de 2 augas onde no medio da pendente quebrase, veñen usarse estas coberturas para utilizar o baixocuberta. No caso da cobertura crebada de dúas augas converse nunha cobertura en mansarda que claramente responde a formas características dos tellados do Norte de Europa, de países coma Suíza.

Uso de materiais novos, como o fibrocemento usado tanto como material de cobertura nalgúns dos volumes da casa, tamén é utilizado como subtella nas coberturas de tella e sobre todo nos anexos da casa.

Debido o cambio da lousa cara a tella provoca que en 2 casos este proceso quede interrompido, por causas que non coñecemos o que leva a que varios materiais atópense compartido o mesmo tellado.

## Chemineas



Fig.130. Fotografías das chemineas das casas de Vilar de Donas

| Tipo de chemineas | |
|---|---|
| Cemento + ladrillo | 6 |
| Mesmo material da cobertura | 3 |
| Mesmo material do revestimento das paredes | 5 |

Fig.131. Tipo de chemineas de chemineas das casas de Vilar de Donas

| Nº de chemineas | |
|---|---|
| 1 cheminea | 8 |
| 2 chemineas | 5 |
| 3 chemineas | 1 |

Fig.132. Numero de chemineas de chemineas nas casas de Vilar de Donas

En 6 das casa de Vilar de Donas hai unha cheminea. A medida que o comedor se vai construíndo  casa, e constituíndo unha peza definida dentro da arquitectura doméstica, o numero de chemineas duplicase para que sexa posible crear nesta estancia unha segunda cociña, a chamada cociña francesa. Nas casas construídas nos anos 90 é frecuente a súa utilización, excepto nas casas de vacacións.

O uso da tella no tellado estendese o revestimento da cheminea, namentres que nos outros casos o material elixido para revestir a cheminea é o mesmo empregado nas paredes exteriores.

| Elementos disonantes nas coberturas | |
|---|---|
| Tubo sobresaíndo da cheminea | 2 |
| Uso de materiais na cheminea que difiren da envolvente | 6 |
| Altura da cheminea | 6 |

Fig.133. Elementos disonantes nas coberturas das casas de Vilar de Donas

As chemineas foron construídas a par que instalou a cociña bilbaína na casa tradicional, so nalgunhas casas erixidas no século XIX se reutiliza a cheminea existente porque nas outras carecían dela ou non era valida para este tipo de cociña. Por iso, moitas de estas chemineas son feitas en ladrillo revestido de cemento, nalgún caso non deberon ser ben construídas e a posteriori engádese un tubo que sobresae considerablemente en altura. Disto derivaría o feito de que en 6 casos a cheminea alcance unhas alturas moi por encima do que fose preciso.

### 10.5.3. Elementos horizontais

**Soleiras**




Fig.134. Elementos das soleiras das casas de Vilar de Donas

As placas de formigón armado consolídanse nas soleiras, excepcionalmente nalgunhas casas inda se conservan en terra as antigas cortes, neste momento sen ningún tipo de uso. Algunhas soleiras inda permanecen a cara vista.

**Forxados**




Fig.135. Elementos das forxados das casas de Vilar de Donas




Fig.136. Materiais empregados nos elementos horizontais

No caso dos forxados inda permanecen en 5 vivendas o sobrado ca estrutura en madeira, en 3 casos foron substituídos por forxados en placas de formigón armado igual cas casas contemporáneas.

Respecto os materiais empregados, o cemento a cara vista aparece en 12 casas, ligado as soleiras convertidas en zonas de almacenaxe. Este sistema empregase nas casas construídas despois dos anos 80, principalmente na planta baixa senón ten usos vivideiros, sotos e no baixocuberta, no caso de que non sexa habitable.

A plaqueta é o material mais usado que aparece en 13 das 14 casas, principalmente usase nas cociñas e nos baños, por iso o seu uso é común.

Nalgunhas vivendas contemporáneas de Vilar de Donas recorrese a plaqueta como material de revestimento dos solos en todas as estancias ou comparte presenza co parqué, material reservado para os cuartos. Namentres, que en 6 casas tradicionais inda se conserva o sobrado de madeira.

Algunhas das antigas cortes, xa sen ningún uso permanecen inda en terra asociadas as vivendas deshabitadas.

| Elementos disonantes | |
|---|---|
| Placas de formigón armado a cara vista | 11 |
| Substitución dos forxados en estrutura madeira por forxados en placas de formigón armado | 3 |

Fig.137. Elementos disonantes nos elementos horizontais das casas de Vilar de Donas

### 10.6.4. Carpinterías

**Carpinterías exteriores**




Fig.138. Táboa dos materiais das xanelas das casas de Vilar de Donas




Fig.139. Táboa dos materiais das portas das casas de Vilar de Donas

Inicialmente, na casa-vivenda tradicional as carpinterías eran exclusivamente en madeira, pero co paso do tempo e a introdución de novos materiais fóronse substituíndo por outras en materiais novedosos. Quedando a madeira reservada para as carpinterías interiores. Polo que os cambios afectan as carpinterías exteriores; portas e xanelas.

As xanelas en madeira so permanecen naquelas casas que están deshabitadas, conservándose en mal estado. Primeiro foise substituíndo a xanela batente de dúas follas en madeira por xanela corredía en aluminio de dúas follas, estes cambios déronse o longo da década dos 80.

Na década dos anos 90 o PVC comeza a gañar terreo o PVC. No caso das xanelas, tratase de reproducir a xanela tradicional batente de dúas follas pero con este novo material. A madeira aparece nas carpinterías interiores en tódalas vivendas.




Fig.140. Táboa de materiais usados nas portadas

En 9 casas instálanse grandes portadas metálicas que descaracterizan por completo o seu contorno, nas casas contemporáneas soen colocarse na planta terrea, nas casas tradicionais sitúanse na mesma envolve, nas construcción adxectivas anexadas a casa.

| Elementos disonantes das carpinterías exteriores | |
|---|---|
| Substitución das carpinterías de madeira | 6 |
| Construcción de grandes vanos | 9 |
| Deseño das carpinterías en PVC | 11 |
| Varios tipos de carpinterías na mesma casa | 3 |
| Portadas metálicas | 9 |

Fig.141. Táboa dos elementos disonantes nas carpinterías das casas de Vilar de Donas

Na actualidade en varias casas chega a convivir diferentes materiais e tipos de carpinterías nunha mesma edificación, que reflicten as épocas nas que se van mudando.

A tendencia que se observa é a unificación progresiva das carpinterías en PVC en cor branco.

### 10.6.5. Elementos saíntes das fachadas

**Elementos saíntes: galerías, balcóns, aleiros**




Fig.142. Táboa de elementos saíntes das fachadas das casas de Vilar de Donas

As galerías incorpóranse as casas de Vilar de Donas nos 80, traídas polos emigrados retornados, descoñecemos cal puido ser o posible orixe, posto que estes emigrantes foron a lugares distintos e incluso foron feitos anos despois das construcción, é dicir, a casa foi construída nos anos 80 e nos 90 colocase a galería. O material usado nas galerías é o PVC.

Un dos corredores xurdiu da transformación de dous balcóns nunha casa tradicional, onde se uniron estes balcóns situados na mesma fachada, con formigón armado e cerrado con carpinterías de PVC.

Outro dos corredores pertence a unha casa contemporánea, onde este elemento aparece no primeiro andar ligado a escaleira exterior, con varandas metálicas e columnas en formigón armado que axudan a soportar o tellado.

A solaina pertence a unha casa vivenda, estando por completo transformada, os peitorís foron reconstruídos con formigón armado e os piares tamén de formigón axudan a soportar o peso do balcón que anteriormente esta función era realizada por canzorros de pedra, que inda se conservan.

O aleiro é un elemento construtivo común as casas contemporáneas, so unha non cumpre esta regra posto que ela mesma e disonante dentro do conxunto das casas de Vilar de Donas.

| Elementos disonantes de galerías, balcóns e aleiros | |
|---|---|
| Galerías en PVC | 3 |
| Alteración dos balcón para transformase en corredor | 1 |
| Alteración dos materiais orixinais da solaina por cemento | 1 |
| Construcción de aleiros nas casas tradicionais | 2 |

Fig.143. Táboa de elementos disonantes de galerías, balcón e aleiros.

A pesar de que englobamos todos estes elementos saíntes como balcóns, que é como se coñecen vulgarmente, estamos falando de unha solaina e dous corredores.

Nas reformas realizadas na casa tradicional, especialmente cando se muda a cobertura, constrúen un aleiro seguindo a mesma metodoloxía que nas casas contemporáneas, estes cambios fanse na década dos anos 80.

A partir dos anos 90, os cambios de cobertura inda que se fagan con formigón armado evitan este elementos, respectando a forma orixinal do tellado.

## Canlóns e baixantes

**Canlóns e baixantes**




Fig.144. Táboa de tipos de canlóns e baixantes

Os canlóns e baixantes para a recollida das augas comezan a colocarse na arquitectura rural por volta dos anos 80, anteriormente carecían destes elementos. En tres casas das que están deshabitadas carecen deles. Por outra parte, unha das casas contemporáneas non se aprecia que existen os canlóns, aínda que é posible que están embutidos dentro da parede.

Os primeiros calóns eran os de plástico gris, son bastante disonantes tanto pelo seu aspecto coma pola súa cor e difíciles de integrar na envolvente, estes foron colocados nas casas de Vilar de Donas o redor dos anos 80.

Na década dos 90, os canlóns de zinc de diferentes cores, mais doados tanto de colocar como de integrar, vanse progresivamente colocando nas novas casas contemporáneas e tamén por analoxía vanse substituíndo os canlóns de plástico por estes.

## 10.7. Materiais




Fig.145. Táboa dos materiais usados das casas de Vilar de Donas

Os materiais mais usados na arquitectura doméstica de Vilar de Donas responden a 4 categorías:

- Materiais de orixe pétreo;
- Materiais de madeira;
- Materiais de orixe industrializados como o formigón armado e o cemento;
- Materiais cerámicos.

Cada categoría constitúe un conxunto de diferentes tipos de materiais, que segundo as súas características son utilizados para usos moi específicos ou polas súas propiedades poden chegar ter gran diversidade na súa aplicación.

Pola contra hai outros materiais que a súa utilización é anecdótica na arquitectura rural de Vilar de Donas como os morteiros monocapa, argamasas hidráulicas, escaiola, o cartón xeso e o aluminio. Inda que a súa presenza é indicador dunha leve mudanza de criterios a hora de elixir os materiais, por exemplo a mudanza das carpinterías de aluminio por las PVC, o diminución do uso aluminio ven determinado pola aparición do PVC.

## Materiais pétreos




Fig.146. Táboa de tipos de materiais pétreos

Os cachotes de pedra de gra eran usados no sistema construtivo das casas tradicionais, a pesar das alteración sufridas nas casa provocados por recebos, encintados e recheos, seguen a conservar os muros orixinais nas 8 casas tradicionais.

Nos contornos (lumieiras, pé dereitos e antepeitos) de xanelas e nos xuntoiros usan a pedra de cantería, tamén en escaleiras de tramos curtos que salvan pequenos desniveis principalmente na planta terrea nas antigas cortes por debaixo da cota do terreo.

Nas casas contemporáneas úsanse pezas de granito xa tratado industrialmente nas repisas de xanelas, no contorno dos ocos e nas esquinas das casas simulando o trabado dos xuntoiros.

A lousa é o material orixinal para a cobertura, a pesar de foi progresivamente desprazada pola tella. E reintroducida de novo nas casas contemporáneas. Sendo así o seu uso permanece nalgunha vivenda tradicional por causas derivadas do abandono das casa, aínda que a maior utilización é nas casas de nova construcción.

## Madeira




Fig.147. Táboa uso da madeira nos elementos das casas de Vilar de Donas

A madeira é un dos materiais mais versátiles, a pesar de que o seu uso mingúo na últimas décadas, quedando relegado o seu papel as carpinterías interiores, que a súa utilización é indiferentes do tipo de casa.

Nas carpinterías exteriores das casas tradicionais foise mudando polo aluminio e o PVC, quedando o seu uso restrinxido a dúas vivendas no caso das xanelas, que se encontran deshabitadas. En 4 vivendas inda conservan as portas de madeiras, nalgún caso adulteradas.

Nos sistemas estruturais, tanto nos forxados coma nas coberturas, tamén se foi substituíndo polas placas de formigón inda resiste en 5 vivendas, en varias coexistindo co formigón.

Nas casas contemporáneas os solos dos cuartos revístense con parqué.

A madeira de carballo era a mais utilizada nos elementos estruturais do forxado e da cobertura e a madeira do castaño reservase para o mobiliario e para as división interiores. Estas eran as madeiras tradicionais mais comúns no local. Cos cambios producidos nos últimos 50 anos introdúcense outras madeiras na casa rural, coma o pino, o eucalipto e madeiras tratadas industrialmente como parqué, contrachapados, etc..

**Formigón armado**

Dentro de esta categoría podemos distinguir entre o cemento e o formigón armado xa que a súa utilización e distinta




Fig.148. Táboa uso dos formigón armado nos elementos das casas de Vilar de Donas

As soleiras é o elemento construtivo onde o formigón armado é usado en tódalas casas de Vilar de Donas.

As casas tradicionais chegan ata os 80 cas cortes en terras, incluso en casos inda había animais nelas. O sacar os animais da casa, coa construcción das granxas, reutilizase estes espazos polo que se ven na necesidade de facer unha soleira é usan o material que mais teñen a mao e mais doado de manexar polos propios usuarios,o formigón armado. Os propietarios das casas traballaron na construcción durante os anos emigrados ou coma complemento da gandería, eles mesmos facían estas transformacións axudados polos propios veciños.

Tamén os piares que apoian forxados e balcóns son feitos en formigón, nas casas tradicionais o mudar o forxado de madeira e preciso colocar piares que apoien este forxados en formigón armado, xa o peso estrutural de este sistema e moi superior o seu predecesor en madeira.

Tamén nas coberturas das casas tradicionais que se reforman usan o formigón armado, este cambio de material permítelles facer aleiros que no sistema tradicional.

O propio sistema construtivo das casas contemporáneas usa o formigón armado en todos estes elementos.

## Cemento




Fig.149. Táboa tipos de cemento usados nas casa de Vilar de Donas

As placas de fibrocemento colócanse nas coberturas, por veces como subtella e outras como material de acabamento da cobertura. O seu uso nas vivendas podemos dicir que é escaso, inda que como material de cobertura nos anexos e moi utilizado.

Os bloques de cemento soen utilizarse para divisións, especialmente nas areas non vivideiras. O seu uso dentro das casas e escaso. En cambio é un material o que se recorre con moita frecuencia para os cercados e a construcción de anexos.




Fig.150. Táboa uso do cemento nos elementos construtivos das casas de Vilar de Donas

O cemento é usado principalmente para recebo das paredes, tanto no interior coma no exterior. No interior usase en todas as casas pintado por riba, especialmente nas división interiores onde o seu uso está xeneralizado.

Mentres que polo exterior o seu uso varía mais, usase en 8 vivendas, nalgunhas a cara vista e noutras pintado por riba.

En 6 casas recebase e o seu uso esténdense as chemineas, que seguen o mesmo método que nas paredes exteriores, por veces pintado ou simplemente a cara vista.

O acabado nas soleiras en cemento, ten gran aceptación especialmente nas antigas cortes e en nas plantas baixas non vivideiras das casas contemporáneas.

Durante os anos 80 o encintado das xuntas con cachotes en cemento foi un recurso bastante utilizado, especialmente na fachada principal. Na actualidade, pódense observar como este encintado convive con outros sistemas como recebo en cemento ou encintado en argamasas hidráulicas.

Tamén se aplica as escaleiras quedando sen revestir naquelas casas contemporáneas que se fixeron ampliación na planta soto, ou nalgunha casa tradicional que segue a espera de algún revestimento futuro.

Aplicase nos balcón e varandas, nas intervención realizadas na década dos 80.

**Materiais cerámicos**




Fig.151. Táboa tipos de materiais cerámicos das casas de Vilar de Donas

Os materiais cerámicos teñen un gran aceptación na arquitectura doméstica da aldea de Vilar de Donas. Diferentes revestimentos cerámicos usasen en gran parte da arquitectura rural.

A cerámica a imitación do ladrillo usase exclusivamente como revestimento das paredes exteriores nunha casa contemporánea.

A tella é o material de cobertura mais utilizado, a súa aplicación a partir da década dos 70 foi substituíndo a lousa de xisto, chegando nun certo momento a desaparición da lousa. O uso da lousa nas última década nas vivendas edificadas neste anos fai que o uso da tella ten unha menos presenza.

O azulexo vai sendo introducido a par da edificación dos baños e a reforma da cociña da casa tradicional, o seu uso esténdense a todas a arquitectura rural, non chegando a usarse en 2 vivendas porque foron abandonadas antes de chegar a modificar ou erixir estas pezas

A variedade e cantidade coa que se aplican os materiais cerámicos en diferentes elementos construtivos fai preciso que se fagan un análise mais pormenorizado da aplicación dos tres tipos de materiais cerámicos mais usados: o ladrillo e a plaqueta.




Fig.152. Táboa uso do ladrillo nos elementos das casas de Vilar de Donas

O ladrillo é usado nas división interiores en todas as casas de Vilar de Donas, tamén vai incorporado no sistema construtivo porticado das casas contemporáneas da aldea, e nas ampliación das casas tradicionais.

As chemineas que son construídas ou adaptadas recentemente tamén usan o ladrillo, incluso nalgunha ocasión aparecen sen revestir.




Fig.153. Táboa uso da plaqueta nas estancias das casas de Vilar de Donas

A plaqueta ou baldosa ten gran aceptación nas casas rurais de Vilar de Donas, usase en case todas as estancias. Especialmente en cuartos de baños, corredores, cociñas e comedores. E dicir, en todos os espazos común da casa rural.

En menor grado, usase nas zonas de almacenaxe e nos cuartos das casas contemporáneas da aldea.

O escaso uso que segundo o gráfico podemos observar tratase mais ben das escasas estancias dedicadas a este uso, que propiamente de un escaso uso do material.

## 10.8. Elementos disonantes

| Elementos disonantes | | |
|---|---|---|
| **Sistema construtivo** | Retirada dos cachotes do muro pola parte interior | 3 |
| | Alteración dos ocos da fachada | 4 |
| | Alteración dos muros para dar altura | 3 |
| **Coberturas** | Uso de varios materiais na cobertura | 2 |
| | Substitución da estrutura tradicional por estrutura en formigón armado | 4 |
| | Quebros no tellado | 5 |
| | Uso do fibrocemento | 4 |
| | Tubo sobresaíndo da cheminea | 2 |
| | Uso de materiais na cheminea que difiren da envolvente | 6 |
| | Altura da cheminea | 6 |
| **Paredes exteriores** | Recebo en cemento sen pintar | 5 |
| | Recebo en cemento pintado | 3 |
| | Encintado das xuntas dos cachotes con cemento pintado de branco | 5 |
| | Materiais en pedra rodeando ocos e nos xuntoiros | 2 |
| | Cor diferente rodeando ocos e nos xuntoiros | 2 |
| | Lamina bituminosa colada na fachada | 1 |
| **Escaleiras** | Substitución das escaleiras de madeira por outras en formigón | 5 |
| | Usar diferentes revestimentos nas escaleiras | 5 |
| | Escaleiras con cemento a cara vista | 4 |
| **Varandas** | Varandas en cemento | 1 |
| | Inexistencia de varanda | 3 |
| **Forxados e soleiras** | Placas de formigón armado a cara vista | 11 |
| | Substitución dos forxados en estrutura madeira por forxados en placas de formigón armado | 3 |
| **Carpinterías exteriores** | Deseño das carpinterías en PVC | 11 |
| | Substitución das carpinterías de madeira | 6 |
| | Construcción de grandes vanos | 9 |
| | Varios tipos de carpinterías na mesma casa | 3 |
| | Reixas en xanelas | 3 |
| | Portadas metálicas | 9 |
| **Elementos saíntes da fachada** | Galerías en PVC | 3 |
| | Alteración dos balcón para transformase en corredor | 1 |
| | Alteración dos materiais orixinais da solaina por cemento | 1 |
| | Construcción de aleiros nas casas tradicionais | 2 |

| | | |
|---|---|---|
| **Elementos disonantes na envolvente das casas** | Cercados na envolvente con grandes portadas en ferro fundido | 5 |
| | Construcción de alpendres | 4 |
| | Casas disonantes pola súas características (forma, escala, materiais) | 1 |
| | Uso de materiais impropios nas construccións adxectivas tradicionais da envolvente da casa | 2 |
| | Impermeabilización o redor da casa | 4 |
| | Pavimentación en cemento dun camiño que liga coa casa | 6 |

Fig.154. Táboa de elementos disonantes das casas e da aldea de  Vilar de Donas

Estes elementos disonantes citados, xa os tratamos anteriormente ao mesmo tempo que nos referimos os elementos e os sistemas construtivos. Polo tanto, neste apartado simplemente os citaremos. Centraremos naqueles que anteriormente non citamos, que son os correspondentes o último apartado: os elementos disonantes respecto a aldea e a envolvente das casas.

Neste apartado recóllense aqueles elementos que afectan a aldea  e a envolvente das casas.

Nas casas contemporáneas adoitase cerrar con muros a parcela onde se implanta a casa, fechase con un muros en bloques de cemento e colócanse cancelas de grandes dimensión para o paso dos automóbiles ou incluso se duplica este paso, sendo un para os automóbiles e outro para as persoas.

O cercado deste espazos é introducido polos emigrados retornados, que se preocupan por definir e separar o espazo privado do público.

Nas casas tradicionais non era preciso marcar a diferenza de espazo, as propias construcción adxectivas xunto ca eira xa definían un conxunto que era perfectamente recoñecido por todos sen ter que recorrer a estes sistemas tan agresivos.

Cando se constrúe a casa contemporánea, especialmente a casa de planta baixa non se destina un lugar como garaxe, polo que despois son construídos alpendres destinado para estes fin ou para outras actividades propias das formas de vida ancestrais e que o home do rural se resiste a abandonar.

Estas actividades tiñan un espazo na casa tradicional, pero carecen del na casa contemporánea, polo que son feitos anexos que acollen animais de pequenos, galpóns para a leña ou fumeiros para actividades relacionadas coa matanza do porco.

No caso das casas tradicionais estas actividades pasan a ser acollidas polas construccións adxectivas que se modifican para acoller o coche. Nestas transformacións usasen materiais impropios do sistema construtivos, coma se non formasen parte da casa ou fosen construccións de menor importancia por carecer de usos residenciais. Os materiais utilizados son: cemento, viguetas de formigón pretensado, placas de fibrocemento, bloque de cemento, ladrillo, entre outros.

Respecto a envolvente da casa é de uso frecuente pavimentar en cemento a cara vista o camiño de acceso a vivenda, e incluso faise unha beirarrúa todo o redor da casa como se tratase de un rueiro.

# Capitulo 11. Sistematización

**Sínteses do proceso de transformación**

A transformación da arquitectura domestica de Vilar de Donas podemos establecela en tres importantes procesos correspondes con tres etapas históricas. A terceira etapa podemos subdivida en 3 procesos.

A casa de Vilar de Donas do século XVIII era de planta rectangular, paredes grosas entre os 70-80 cms e de escasa altura entre as plantas. A primeira planta constituíase por extensión da barra, por veces sen dividir, usada para almacenar a herba e para durmir.

A planta baixa reservase para a cociña, composta por un lar e as cortes para os animais. O piso terreo tiña algunhas bufardas e a primeira planta algunha xanela de pequenas dimensión. A planta baixa era en terra e na parte alta utilizábase unha estrutura de madeira de carballo, a arbore mais frecuente por aquela altura. O tellado de tella era soportado por unha estrutura de madeira. O ancho da casa oscilaba entre os 6-8 metros de largo sendo variable seguindo unha a seguinte proporción: se x se corresponde co ancho o largo sería entre un e un e medio veces o ancho (1-1,5)x.

A casa do Vilar (XVIII.02), era unha excepción a esta regra debido a que creceu a partir de un elemento singular: a cárcere do mosteiro de Vilar de Donas.

No século XIX a casa tradicional consolidade a casa con sobrado. Crece en tamaño tanto en planta como en alzado, a súa forma predominantemente rectangular tende cara unha forma cadrada. O sistema construtivo segue a ser o mesmo igualmente que a distribución. Aínda que algunhas estancias da casa teñen variacións respecto o tipo anterior, como consecuencia da consolidación do sobrado os cuartos independízanse do resto da casa na primeira planta e a cociña adquire unha maior especialización coa lareira. A reitoral (XVII.01) é unha excepción dentro da casa do século debido a que se constrúe como ampliación do mosteiro

Namentres as casas do século anterior amplíanse e perfecciónanse seguindo os principios da vivenda do século XIX.

O século XX é onde mais transformacións se producen. As vivendas construídas nos anteriores os anos 50 englóbanse nun grupo formando o conxunto da arquitectura vernácula tradicional. Este grupo, a partir dos anos 50 – 60 sufre tres procesos transformadores:

- O abandono destas vivendas debido o despoboamento do rural provocado por la emigración.
- O desuso de estas vivendas a favor de novas construcción con sistemas construtivos innovadores e formas diferentes que se xeneralizan por toda a xeografía galega como consecuencia do retorno dos emigrados que traen consigo conceptos e elementos dos lugares.
- A transformación das casas vernáculas tradicionais para irse adaptando as novas formas de vida e a outras necesidades utilizando linguaxes, sistemas e materiais das casas rurais contemporáneas.

**Transformación da casa**




Fig. 161. Esquema dos procesos de transformación da arquitectura doméstica.

Fonte: Autor

**A transformación da funcionalidade**

A casa terrea desaparecida no século XIX, reaparece coas novas arquitecturas a partir dos anos 80 do século XX. O pouco tempo de estar construídas amplíanse: faranse plantas de soto e chegaran a utilizar o baixocuberta para dar cabida a zonas destinadas o almacenaxe que non serán prevista durante a súa construcción. A pesar deste factor, a casa de dúas plantas continuara a ser casa mais frecuente.

Na casa actual unha gran superficie reservase para o almacenaxe, na casa tradicional estes espazos atópanse en zonas de escasa altura onde non se admite outras estancias e as cortes. Na casa contemporánea, estes espazos situaranse na planta baixa, soto e no baixocuberta.

As primeiras transformacións espaciais veñen respondendo a dúas razóns clave: a hixiene e a intimidade. A intimidade plasmarase na casa coa división dos cuartos, que inicialmente era unha única estancia, varía entre os 3 e 5 cuartos por casa, na casa vivenda tradicional os cuartos terán unha dimensión entre 8 e os 10 m2, e na casa contemporánea a súa superficie variara entre os 10 e os 12 m2.

A hixiene expresarase coa construcción de baños, que nos anos 80 responderan un baño por casa e nos anos 90 tratarase de construír un baño por planta isto afectara de modo xeral a tódolos casas.

A cociña continuará a ser o núcleo da casa. A partir dos anos 50 iranse substituíndo a lareira pola cociña de leña ou bilbaína, as dimensións non variaran a pesar das  reformas e estará situada ó carón da entrada orientada o sur ou o oeste. A medida que se instala a cociña de leña, faise unha soleira primeiro en cemento visto. A partir dos 80 os acabamentos da soleira son en plaqueta, con azulexo nos paramentos verticais. As casas vivendas contemporáneas seguen o mesmo esquema, con algunhas pequenas diferenzas en casos puntuais como: o traslado da cociña de leña a unha das paredes laterais o que trae consigo algúns problemas de maneira que o tiro queda embutido detrás da cociña e cando o vento non é propicio non se pode abrir o tiro para encirrala o que provoca que a cociña se encha de fume;a colocación do mobiliario o carón da cociña provoca o acender a cociña dilatacións e deformacións no mobiliario, finalmente o reducir a superficie da estancia a temperatura non chega a ser absorbida polo ambiente, provocando un calor abafante.

Os espazos comúns amplíanse a partir dos anos 80, novas estancias constrúense para este fin tales como: o comedor, a salita ou o salón-comedor. O uso de estas estancias é esporádico, relevado a eventos especiais. Para ocasións mais cotiás usase a cociña.

Namentres que na casa rural tradicional o espazos de circulación aparecen coas división dos apousentos, na casa rural contemporánea son as estancias organízanse a ámbolos lados do corredor.

**Funcionalidade**




Fig. 162. Esquema das transformación espacial da arquitectura doméstica de Vilar de Donas.

Fonte: Autor

**A casa prototipo actual segundo o uso**

As casas contemporáneas en Vilar de Donas teñen una superficie construída equivalente as casas vernácula mais a percepción óptica da escala das casas contemporáneas parece moito maior que as súas predecesoras principalmente debido a que en alzado aumenta a distancia entre forxados e as crebas da cobertura.

No interior, a superficie útil é maior nas casas contemporáneas de Vilar de Donas como consecuencia do sistema construtivo porticado que permite unha redución considerable das paredes exteriores.

Tralos análises comparativos podemos dicir que a casa prototipo de Vilar de Donas reuniría as seguintes características:

**Casa tipo**

| Cantidade | Estancia | Superficie | % de superficie |
|---|---|---|---|
| 1 | cociña | 10-20 m2 | 9 % |
| 2-5 | cuartos | 8-12 m2/ estancia | 24 % |
| 1 | comedor | 20-40 m2 | 13 % |
| 1 | salita | 10-11 m2 | * |
| 1-2 | baños | 4-8 m2 | 4 % |
| 1-2 | Espazos de almacenaxe | 20-50 m2 | 28 % |
| 1 | Espazos para a circulación | 10-20m2 | 13 % |
| 1 | Outros espazos | | 9 % |

Fig. 163. Esquema da casa prototipo de vilar de Donas

* No caso da salita inclúese dentro do porcentaxe da comedor, posto que en ocasións ambas son unha única estancia ou determinados casos existen ambas pezas.

**Os *"tipos"* na arquitectura doméstica de Vilar de Donas**

Determinar o tipo nas casas tradicionais de Vilar de Donas é un proceso complicado debido a situación da aldea nunha zona onde a conflúen a arquitectura das serras, a arquitectura das grandes chairas e depresións lucenses e a arquitectura das agras. Tamén se atopa nos lindes entre a arquitectura do xisto e a arquitectura da tella. A pesar da proximidade da tella, o xisto será utilizado en todas as vivendas independentemente das súas características.

Pola contra, podemos entrever certas características do tipo en relación co proceso evolutivo.

As casas do século XVIII, de planta baixa xurdidas a partir da casa terrea debido o aproveitamento do desnivel do terreo que vai de 2 a 2,5 metros da diferenza de cota entre a fachada anterior e posterior, o que permite aproveitar o espazo coa construcción dun piso terreo escavado na ladeira e crear un cuarto pola prolongación da barra. A funcionalidade da casa respondía a un programa moi básico: a cociña situábase no piso terreo, as cortes cun desnivel de 30 a 50 cms escavado respecto a cota da cociña. E un cuarto que xurdía como prolongación da barra, enriba da corte. O ancho varia entre 5 e os 7 metros, dimensión que ven determinada polas vigas e o largo ven determinado por unha proporción que varía entre o un e un medio veces o ancho. A planta terrea so contaba con respiradoiros e pequenas bufardas para a ventilación, ademais da porta de entrada. No cuartos aparecía algunha fiestra. Coa evolución de este tipo de casas introdúcense elementos construtivos como solainas. Podemos identificar dúas vivendas correspondentes con este tipo "arquitectura das serras"

Pódese dicir que as casas do século XIX e principios do século XX responden ó tipo da arquitectura das agras, son casas de maiores dimensión tanto en planta como no alzado, séguense usando as coberturas de xisto pero téndense a unha cobertura de 4 augas. Tratase dunha casa de dúas plantas, na planta baixa localizase a cociña e as cortes que se atopan por debaixo da cota de soleira, e no primeiro piso están os cuartos. As xanelas usadas no segundo andar ábrense para tódalas fachadas, soen ter algún anexos con tendencia lineal. Podemos dicir que 4 casas encaixan dentro desta tipoloxía.

Tamén podemos observar a presenza da arquitectura das grandes chairas e depresión lucenses, esta arquitectura sobresae por ter un volume limpo, rotundo e prismático sen construccións adxectivas anexadas. De dúas plantas de forman rectangular e dúas cruxias

perfectamente delimitadas polo muro de cachotería. As grandes dimensión que acadan é unha particularidade deste tipo. A planta terrea ocupada pola corte en gran parte, contén un pasadeiro que delimita a cociña e as cortes, dende o pasadeiro arranca a escaleira que sobe o andar que dividido polas cruxias contén os cuartos e o cuarto de maiores dimensión que tamén se usa para comedor (sala de respecto).

As particularidades desta aldea vense incrementadas coa introdución de novos materiais e sistemas construtivos novedosos debido a industrialización a partir dos anos 60.

As casas contemporáneas constrúense na década dos 80 e dos 90, determinar se pertencen a algúns dos tres tipos determinados por Lizancos, é un pouco arriscado pola cantidade de particularidades existentes.

A pesar de todo, podemos recoñecer entre as casas contemporáneas de Vilar de Donas a casa rupturista en tres casos. Unha casa de dúas plantas con baixocuberta, tellado quebrado e de uso residencial case exclusivo, inda que nun caso a planta baixa ten usos comerciais.

As casa de planta baixa, a pesar de non estar englobadas neste mesmo tipo comparten moitas das características do tipo rupturista.

**Tipos na arquitectura rural de Vilar de Donas**

| *Casa tradicional* | | *Casa contemporánea* | |
|---|---|---|---|
| S. XVIII | Tipo arquitectura das serras | Anos 80 -90 | Casa rupturista |
| s.XIX - XX | Tipo Arquitectura das agras | | Casa de planta baixa con semellanzas coa casa rupturista |
| s. XIX | Tipo arquitectura das grandes chairas e depresión lucenses | | |

Fig. 164. Esquema de tipos das casas de vilar de Donas

**Sínteses: sistema construtivo e paredes**

O sistema construtivo mudou a partir da década dos 70, o sistema de muros portantes en cachotería de pedra quedou relevado polo sistema de muros portante en formigón armado de dúas follas de ladrillo convencional recebado e pintado polo interior. Polo exterior os revestimentos son mais diversos entre estes podemos citar: o morteiro monocapa, pezas cerámicas que imitan o ladrillo, bloques de pedra ou simplemente pintado.

As ampliacións e as reformas que se realizan na casa tradicional tamén se usa o sistema de muros portante en formigón armado recebado, a partir dos anos 60 recébanse as fachadas con cemento, por veces pintado, pero maioritariamente a cara vista.

Nos anos 80 encíntanse as xuntas dos cachotes con cemento pintado de cor branca. Nas últimas transformacións xa no século XXI encíntanse as xuntas dos cachotes con argamasas de cal hidráulica.

Para as divisións do interior o tabique de ladrillo recebado de pintado é utilizado en todas as vivendas. Nas últimas reformas realizadas recentemente comezase a usar o cartón xeso, inda que o uso de este material non esta moi consolidado na aldea, o tabique de ladrillo continua a ter un gran aceptación.

O azulexo revestira os paramentos verticais da cociña e o baño.

Unha das alteracións que sufre o sistema construtivo e a retirada de cachotes dende o interior reforzando o muro con formigón armado, a pesar de que de que este proceso non pon en perigo a consistencia do muro, si que conleva perdas no funcionamento térmico do muro, o que reflicte nunha perda do confort interior.

**Sistema construtivo**

**Sistema construtivo de muros portantes de cachotería de pedra** → **Sistema construtivo porticado en formigón armado**

Anos 60

Recebo de paredes en cemento

Anos 70

Retirada dos cachotes do muro

Divisións interiores con tabique de ladrillo

Anos 80

Encintado de xuntas con cemento pintado

Tabiques en ladrillo + azulexo

Anos 90

Ampliacións co sistema construtivo porticado

Século XXI

Encintado de xuntas con argamasas hidráulicas

Tabiques en cartón xeso

Fig. 165. Esquema resumen da transformacións dos elementos verticais

Fonte: Autor

**Sínteses: Elementos verticais: escaleiras**

A escaleira interior en formigón armado con revestimentos cerámicos é o elemento de comunicación vertical predominante nas casas de Vilar de Donas. A escaleira tradicional de madeira usada para tramos longos vai sendo substituída pola de formigón, sexa a cara vista ou revestida. Conservándose naquelas vivendas que foron abandonadas.

A escaleira de pedra usada para tramos curtos, nas antigas cortes, séguese conservando a pesar da mudanza de uso destes espazos.

A partir dos anos 90, empezar a haber duplicidades no elemento da escaleira. Na casa vivenda debido o desnivel da planta baixa é preciso colocar ou reutilizar varias escaleiras para garantir o acceso a todas as estancias. Nas casas de nova construcción, constrúese unha escada polo interior e outra polo exterior cando a planta baixa é usada con fins comerciais ou cando se engaden plantas a maiores, como plantas soto.




Fig. 166. Esquema transformación das escaleiras nas casas de Vilar de Donas

As varandas soen sen en madeira nas escaleiras interiores, nas exteriores usasen diferentes materiais ou incluso non se colocan varandas, especialmente nos tramos curtos.

**Sínteses: coberturas**

As coberturas iniciais eran a dúas augas, no século XIX o crecer o tamaño da casa e acadar unha formas que se acercaba mais o cadrado as coberturas deste século convértense en tellados de 4 augas.

Debido as ampliacións das casas tradicionais as coberturas de dúas augas transformáronse en coberturas de 3 augas, chegando a ser as mais numerosas. Nas casas contemporáneas de Vilar de Donas o tellado de 4 augas crebase para dar utilizar o espazo do baixo cuberta ou simplemente por algún motivo estético que os emigrados retornados trouxeron de países do Norte, influenciado polo sistema construtivo porticado e a maleabilidade do formigón para acadar calquera tipo de forma. O material de revestimento actual é a tella, que se foi xeneralizando a partir dos anos 80 en toda a aldea, substituíndo a lousa. A causa principal de este proceso debeuse a dificultade de substitución das lousa e o enlousado do tellado que é un proceso moi laborioso. A tella era mais doada de colocar, especialmente coa aparición das placas de fibrocemento que se colocaban por debaixo das tellas e ficábanse con cemento o que garantía que non se tiveran que repor cada ano garantindo a estanquidade, como inconveniente non permite respirar o tellado polo que poden chegar a producirse humidades de condensación, especialmente cando as carpinterías de madeira son renovadas por las PVC, que son completamente estancas.

Nos primeiros procesos de cambio do material da cobertura, nos anos 60, a tella colocábase por riba da lousa, debido a este proceso inda hai casos nos que ámbolos materiais encóntranse no mesmo tellado. Despois coa introdución das placas de fibrocemento este sistema desaparece debido o uso como subtella deste material.

O sistema tradicional de madeira vai sendo modificado por un sistema en formigón armado, inda se conservan armazóns de madeira en 2 vivendas, nunha delas en moi mal estado. En outros 2 casos foi cambiado só unha parte do tellado ou utilizouse este sistema nas ampliacións das últimas décadas.

Nos anos 90, a lousa de xisto é reintroducida nas novas edificacións, a pesar deste retorno os orixes o resultado conseguido difire por completo das casas vernáculas tradicionais e esa busca da identidade queda quebrada igual que as coberturas, principais actores de este resultado. O aspecto industrial desta lousa tamén contribúe a este resultado.

A cheminea é un elemento esencial na casa rural de Vilar de Donas, na maior parte hai unha ligada a cociña de ferro. A medida que se foi erixindo o comedor, duplicase ao fogo e

polo tanto a cheminea. A cheminea era inexistente antes do século XIX, polo que se constrúen durante este século e especialmente cando se realiza o cambio da lareira pola cociña bilbaína, nos anos 60 reformase este elemento para adaptarse as condicións do momento. Por iso, a maior parte das chemineas están descaracterizadas debido o uso do cemento e/ou a aplicación dun tubo que sobresae moi por encima da altura de cobertura.

**Coberturas**




Fig. 167. Esquema resumen da transformacións das coberturas verticais

Fonte: Autor

No caso do tellado de lousa, usase o mesmo material para revestir a cheminea e dar unha continuidade, inda que o mais frecuente é usar o mesmo tipo de revestimento que se usa na fachada.




Fig. 168. Esquema transformación dos materiais da cobertura

**Sínteses: Elementos horizontais**

**Soleiras**

Nas soleiras o sistema de placas en formigón armado usase tanto nas casas vernáculas tradicionais coma nos vernáculos contemporáneos, en moitos casos sen ningún tipo de revestimento ligado a zonas non vivideiras, nas casas contemporáneas soen usarse a planta baixa coma garaxe, ademais de ser un espazo de almacenaxe.

Nas casas tradicionais a planta baixa estaba en terra, nas zonas dedicadas a cortes e enlousado o chán a cociña, durante o cambio da cociña de lareira por a cociña de ferro, tamén se pisan a cociña con unha placa de cemento, nas primeiras transformación a cara vista, posteriormente a partir dos 80 revestise con plaqueta. O paso progresivo de cortes cara outros espazos con outros usos prodúcese de maneira moi lenta, en ocasións sen que chegue a consolidarse un uso nestas estancias e leva a que na actualidade se atopen estes espazos en terra vista, asociadas as casas deshabitadas porque a soleira en formigón foise facendo o longo da década dos anos 90, incluso xa entrado o século XXI. A reutilización como rocho e despensas leva a unha despreocupación destes espazos que quedan co cemento a cara vista.




Fig. 169. Esquema transformación das soleiras

**Forxados**

Os forxado en estrutura de madeira consérvanse en boa parte das casas tradicionais, pero en tres vivendas, cambiaron este armazón polas placas do formigón armado igualmente que as casas contemporánea que xa son construídas con este sistema




Fig. 170. Esquema transformación dos forxados

**Sínteses: Carpinterías**

**Xanelas**

As carpinterías da casa-vivenda tradicional batentes de dúas follas en madeira vaise substituíndo a partir da década dos 80, nos primeiros anos relacionados coa ampliación do ocos, especialmente na cociña cando se produce o cambio da cociña de lareira pola de leña, o ser unha xanela de maior tamaño úsanse a xanela corredía de aluminio. De igual modo as casas contemporáneas de Vilar de Donas que se edifican nesta usan o aluminio en xanelas de corredía.

Posteriormente, na década do 90 e na primeira década do século XXI, as xanelas e portas vanse mudando por carpinterías en PVC. As casas construídas a partir na década dos 90, utilizan o PVC como material das fiestras.

Enténdense que os promotores locais elixan o PVC nas súas carpinterías xa que incorporan o vidro duplo polo que favorecen a estanquidade e melloran o conforto interior ademais de ter un mantemento moi baixo e ser un material cun prezo asequible. Mais, non houbo unha preocupación polo deseño de estas carpinterías, que resaltan excesivamente dentro da casa tradicional, especialmente pola súa cor.

Xanelas




Fig. 171. Esquema transformación das xanelas

**Portas**

As portas exteriores seguen un proceso moi semellante as xanelas, así as que son cambiadas ou nas casas erixidas nos anos 80 o material elixido é o aluminio lacado, namentres que a partir dos anos 90 exclusivamente se coloca o PVC. Nalgunhas vivendas que permanecen deshabitadas inda conserva a porta tradicional de madeira.

Co cambio de material tamén cambia o tipo de porta. A porta tradicional de dúas follas, onde a superior abríase durante o día para dar luz e ventilar é substituída por outra de unha soa folla, en moitas casos incorpora un vidro translucido que aporta luz o corredor.

As carpinterías interiores en todas as casas son en madeira, principalmente en castaño moi abundante na zona como anteriormente vimos.

Ademais prodúcense alteracións dos ocos, aumentan o tamaño na casa tradicional debido a que é posible reforzar a parede con formigón armado.

Nas casas contemporáneas constrúense ocos de grandes dimensión tanto de xanelas coma de portadas por causa de que o novo sistema construtivo así o permite, e tamén debido a conceptos traídos polos emigrantes dos países do norte de Europa, onde é preciso que as vivendas teñan grandes fiestras para aproveitar a escasa luz que teñen especialmente no inverno. As portadas son de grandes dimensión ocupando toda a luz entre piares o ancho, e a lonxitude dende o solo o forxado, polas que as portadas usadas son metálicas.

**Sínteses: materiais**

Os materiais usados tradicionalmente na arquitectura doméstica: a pedra, a madeira e a lousa. Paulatinamente vanse substituíndo por outros industrializados a partir do 60, ate chegar a actualidade. Mais estes materiais non se perderon completamente seguen a ser utilizados na casa rural inda cuns usos moitos mais restrinxidos.

De este modo a madeira segue a usarse nas carpinterías interiores e nas varandas, tanto nas casas tradicionais como nas contemporáneas. O seu uso en forxados, faios e coberturas segue resistindo o paso do tempo nas casas tradicionais, as veces compartindo espazos con materiais industriais.

A pedra mantense no sistema construtivo das casas tradicionais, aínda que bastante alterada polo uso do cemento tanto en recebos como en encintados.

A lousa a partir dos anos 80 progresivamente foi mudada pola tella debido a un manexo máis doado deste segundo material, mais na década dos 90 foi reintroducida de nova nas novas construccións pero con un aspecto completamente diferente debido o tratamento industrializado. A tella continua a ser o material mais usado actualmente.

Este materiais industrializados que penetrando despois dos anos 60 son: o formigón armado, o cemento, o ladrillo, a plaqueta, o azulexo, a tella, o aluminio e o PVC.

O formigón armado empregase no sistema construtivo porticado, nos piares, e tamén placas de soleiras, forxados e coberturas.

As soleiras das vivendas tradicionais sérvense de este material. Nas ampliación e reformas destas casa utilizan o formigón armado.

O ladrillo forma parte do sistema convencional en dúas follas das paredes das casas contemporáneas de Vilar de Donas, aínda que a súa maior utilización e nos tabiques en toda as casas rurais de Vilar de Donas.

O cemento aplicase nos recebos das paredes tanto no interior coma no exterior, nas xuntas dos cachotes, nas soleiras, chemineas, balcóns e incluso nas varandas.

A plaqueta é o material dos acabamentos dos solos, colocase en todas as estancias na casa contemporánea e nos solos de corredores, baños, cociñas e comedores da casa tradicional.

O azulexo reviste as paredes dos cuartos de baño e cociña, e o aluminio e o PVC utilízanse nas carpinterías exteriores.

**Sínteses: Elementos disonantes**

Debido a todas as transformacións acontecidas na arquitectura doméstica o longo das cinco ultimas décadas, numerosos elementos disonantes resultan dos procesos de adaptación as formas de vida contemporáneas. Podemos dicir, que estes elementos responden a tres categorías diferentes. En primeiro lugar, os elementos disonantes son producidos en procesos de alteración e adaptación das casas tradicionais; en segundo lugar, están aqueles que son inxectados nas arquitecturas domésticas erixidas nestas décadas e finalmente, aqueles elementos que difiren da envolvente, do entorno inmediato da casa e incluso da propia esencia da aldea de Vilar de Donas.

**Elementos disonantes**




Fig. 172. Esquema dos tipos de elementos disonantes segundo o seu orixe

As transformacións as que sufriu a casa tradicional afectan o seu sistema construtivo con accións coma a retirada de cachotes do muro con reforzo deste muro portante en formigón dende o interior da vivenda para conseguir mais espazo nas estancias interiores, este proceso inda se practica na actualidade. Amplíanse os ocos da fachada especialmente nas cociñas e nas entradas das vivendas e polo tanto tamén se mudan as carpinterías de madeira por outras en aluminio, producíndose nos anos 80. Ábrense novos ocos nas fachadas, sobre todo na planta baixa debido o cambio de uso das cortes cara zonas de almacenaxe, comedores, cuartos de baño, entre outros.

Cambios no material da cobertura e do sistema estrutural da mesma, así o armazón de madeira pasa a ser de formigón armado e a lousa trocase por tella, ou simplemente usase as placas de fibrocemento como unha sub-tella. A chemineas acadan altura moi por encima do que sería preciso e incluso dela sobresae un tubo en aceiro ou noutros materiais.

As paredes exteriores é un dos elementos mais afectados por actuacións non moi acertadas como o recebo con cemento tanto a cara vista como pintado ou o encintando das xuntas cemento pintado de branco, afortunadamente estas prácticas remitiron a partir da década dos 90.

As escaleiras de madeira foron substituídas por outras en formigón e con revestimento cerámicos, incluso algunhas quedan ser revestir co cemento a cara vista e cando están entre dous paramentos verticais carecen de varanda.

As placas de formigón nas soleiras proliferan en todas as casas tradicionais e esta practica chega a ser extensible os forxados. Os armazóns de madeira son reemprazados por placas de formigón armado ou nas ampliacións que se realizan elixen este sistema de placas o que leva a unha convivencia de ámbolos sistemas na mesma casa.

As carpinterías de madeira so permanecen naquelas casas que foron abandonadas, no devagar do tempo dende os 80 cambiáronse progresivamente, primeiro por aluminio e logo por PVC, sen preocupación algunha deseño das carpinterías nin tampouco polo tamaño dos vanos e localización dos vanos que son abertos nas fachadas das casas tradicionais.Para finalizar, na casas tradicionais de Vilar de Donas altéranse os balcón con formigón armado, engádenselles piares ou transfórmanse en corredores que se cerran con galerías e coa mudanza da cobertura fanse aleiros que sobresaen da fachada.




Fig. 173. Esquema dos elementos disoantes na casa tracional de Vilar de Donas

Coa construcción da casa contemporánea son introducidos elementos alleos a idiosincrasia local traídos polo emigrados retornados de diferentes destinos que se aglomeran no maxín da sociedade e os individuos locais comezan a tomar como propios. O sistema construtivo porticado permite a materialización deste conceptos, e prodúcese unha ruptura coa tradición secular que leva a que estes moitos elementos alleos sexan disonantes.

So podemos establecer a disonancia nestas construcción na comparación coas casas tradicionais, xa que a cultura construtiva destes novos vernáculos non chega a desenrolarse debido a rapidez da súa implantación.

Co cambio de sistema construtivo mudase a forma do tellado tradicional de 2 e 4 augas polo tellado quebrado ou en mansarda que claramente podemos identificas con coberturas do norte de Europa.

Reinterpretanse elementos do sistema construtivo tradicional como os xuntoiros, as padieiras, pé dereitos e lumieiras das xanelas tradicional e represéntanse como decoración nas casas contemporáneas mediante pezas cerámicas que revistes estes elementos ou con mudanzas na cor da fachada.

Produto de edificacións que se erixen sen un planeamento previo, con cambios incluso durante as fases de construcción de un modo improvisado rematan con que estas vivendas non cheguen a cumprir as expectativas dos moradores. Despois de uns anos habitando nelas, vense na obriga de facer ampliacións, como plantas soto ou tratando de aproveitar o baixocuberta. Polo que se constrúen escaleiras para dar acceso a estes espazos, sen moita preocupación polo seus acabamentos, forma ou localización.

As plantas baixas e os baixocuberta sen usos vivideiros non chegan a estar completamente rematadas, non se revisten as placas e incluso carecen de un uso propio reservándose para zonas de almacenaxe, polo que hai un desperdicio da superficie útil.

A subdivisión do espazo interior para uns usos concretos e estancos leva a que certas estancias non cheguen practicamente a utilizarse ou ter un uso moi puntual.

As grandes dimensións dos vaos son unha das características deste tipo de construccións, traídas no países do Norte de Europa. Para localización xeográfica e o clima da aldea de Vilar de Donas, as xanelas están sobredimensionadas e as aperturas dos vanos non responden as condicións climatolóxicas da aldea. De igual modo que os vaos, as galerías son impropias do local. Sóense colocar grandes portadas metálicas nas plantas baixas en que dan acceso ó garaxe.

| Elementos disonantes nas casas contemporáneas de Vilar de Donas | | | |
|---|---|---|---|
| | Cobertura | Forma | Crebas no tellado<br>Aleiros |
| | Paredes exteriores | Aspecto | Colocación de pezas cerámicas / Cambios de cor nos encontros das esquinas e contornos de xanelas |
| | Escaleira | Materiais | Despreocupación polo revestimento das escaleiras nas zonas non vivideiras |
| | Soleiras e forxados | Materiais | Placas de formigón a cara vista |
| | Estancias | Funcionalidade | Espazos sen ningún<br>Espazos estancos pola división interiores destinados a un uso que é innecesario. |
| | Ocos | Forma | Sobredimensionamento dos vanos<br>Situación sen ter en conta os condicionantes climatolóxicos<br>Portadas metálicas<br>Galerías |

Fig. 174. Esquema dos elementos disoantes na casa contemporanea de Vilar de Donas

As transformacións dos últimos 50 anos van mais ala da arquitectura doméstica afectando a súa envolvente, as construccións adxectivas, o entorno inmediato da casa e a toda aldea. Os emigrados retornados cercan as parcelas onde implantan a súa casa, marcando con muros feitos de bloque os lindes da súa propiedade. Creando un limite físico entre o espazo privado e o público, este sistema de cercado ven a responder a formas diferentes de habitar a casa, xa que moitos constrúen a súa casa como segunda vivenda onde pasar as vacacións coa pretensión de habitar a vivenda permanentemente cheguen a xubilarse. Co cercado tamén trata de  acrecentar a seguridade da casa, incluso chegando a colocar reixas nas xanelas. Estas preocupación traídas da cultura urbana contrarrestan coa prácticas da cultura rural onde, é frecuente que as portas da casas estean abertas.

Co uso do automóbil e os aparellos agrícolas mecanizados modifícanse as construcción adxectivas para albergar estes vehículos, sóense usar materiais de baixa calidade e de baixo custo sen preocupacións polo resultado final. No caso das casas contemporáneas eríxense galpóns de bloque de cemento con coberturas de placas de fibrocemento. A proliferación de pendellos e as granxas feitas a partir dos anos 80, descaracteriza por completo o entorno da aldea. As condicións de vida evidencia a necesidade da construcción de estas edificacións pero provocan un gran desequilibrio na aldea debido a unha despreocupación na construcción de estas edificacións por adaptarse o entorno.

NA casa contemporánea adoitase pisar un amplo espazo en cemento ou pisar o camiño de acceso dende a pista ata as inmediacións da casa e incluso se chega a pavimentar todo o redor da casa como se tratase de unha beirarrúa.

No caso da casa XX.14 podemos dicir que a casa en si tratase de un elemento disonante por non ter nada que ver con ningunha das casas da aldea, tanto na forma, coma na escala, nos materiais e nos elementos construtivos.




Fig. 175. Esquema dos elementos disoantes da aldea / envolvente das casas de Vilar de Donas

# Capitulo 12. Conclusións

Este traballo desenvolvese no sentido de coñecer as características da aldea de Vilar de Donas, a súa evolución histórica e a súa transformación no devagar do tempo, ademais de desglosar os procesos de transformación que afectan a arquitectura doméstica da aldea dende os seus inicios no século XVII ata a actualidade, centrándonos especialmente nos últimos 50 anos, coa finalidade de coñecer os parámetros actuais da casa rural.

Podemos dicir que esta aldea se formou pola compactación de tres lugares formados ó redor no Mosteiro de Vilar de Donas, do cal só se conserva a súa Igrexa. Os dous primeiros lugares foron fundados no século XVIII, chamados O Vilar e Arcovello, e o terceiro lugar, A Capela, erixiuse un século mais tarde.

A compactación prodúcese a partir da década dos anos 80 coa construcción das casas contemporáneas que veñen a enlazar estes lugares próximos entre si, mais que ata entón permanecían illados. Neste proceso as relacións de familiaridade son foco de atracción dos emigrados retornados a hora de buscar un emprazamento para as súas vivendas.

A intensificación da gandería a partir dos anos 80 reflíctese na morfoloxía da aldea coa proliferación de grandes naves para albergar tanto os animais coma a maquinaria de grandes dimensións. Prodúcese unha transformación dos usos do solo, onde as pequenas parcelas desaparecen para acoller grandes extensión de plantas herbáceas e forraxeiras. Este cambio vense favorecidos pola concentración da propiedade debido a unha tardía remisión dos foros, unha vez que os contratos forais entre as súas clausuras impedían a división da propiedade. A uniformización dos usos do solo e o parcelario fan desaparecer os camiños e corredoiras de primeiro orde, aqueles que levaban dende a casa as leiras, tanto na aldea coma na parroquia de Vilar de Donas.

A estrada Nacional de Lugo a Santiago, que atravesa a parroquia de Vilar de Donas actúa como eixo de atracción tanto para a construcción de novas vivendas coma para a construcción de pistas que buscan a conexión mais directa con esta vía. Como consecuencia múdanse os trazados dos camiños, os accesos principais seculares quedan relegados a camiños de menor importancia ou incluso desaparecen, coma no caso de esta aldea. Estas transformación afectan a morfoloxía da aldea, tan é como nos advertía Precedo Ledo, pasando de ser unha aldea laxa de casarío claro a unha *aldea en carretil,* no subtipo de aldea en escuadra, onde as vivendas ordénanse ó redor das pistas que recorren a aldea. As conclusións que extraemos identifican a evolución do crecemento da aldea respondendo ao primeiro obxectivo.

Podemos concluír que non existe especificamente un tipo da casa tradicional de Vilar De Donas, debido a situación da aldea nunha zona de confluencia entre a arquitectura das serras, a arquitectura das agras e a arquitectura das grandes chairas e depresións lucenses, ademais a mostra da arquitectura doméstica desta aldea é insuficiente para extraer conclusións, tanto polo número como polo grado de alteración que chega ata a actualidade. Inda así podemos distinguir certas características do tipo en relación co proceso de evolución.

A casa con sobrado do século XVIII xurdida a partir da casa terrea, pódese encadrar no tipo da arquitectura das serras, dentro do subtipo da arquitectura do xisto, onde podemos recoñecer a adaptación ao terreo irregular para escavar unha corte por baixo da cota da cociña para aproveitar a altura ata o tellado e crear un cuarto pola prolongación da barra. Coa evolución deste tipo introducense elementos como solainas. Podemos identificar neste tipo a casa do Vilar (XVIII.02) e a antiga casa de Arcovello (que hoxe forma parte da casa Balbina, XVIII.03).

As casas do século XIX seméllanse mais a arquitectura das agras, onde se consolida a casa con sobrado sen división interiores que se usa como cuarto. Aumenta en dimensións, tanto en planta como en alzado, de forma rectangular  e con ocos de pequeño tamaño en tódalas fachadas. Podemos encadrar neste conxunto a casa Caseta (XIX.05), a casa Fernandez – Paredes (XIX.04), a casa Capela (XIX.07) e a casa Balbina (XVIII.03).

A casa Sastre pódese encadrar na arquitectura das grandes chairas e depresións lucenses recoñecese por un corpo único de grandes dimensións delimitado perfectamente polos muros contedores, de dúas plantas perfectamente rectangulares con cruxía no interior.

A casa contemporánea presenta grandes complexidades a hora de determinar a que tipo pertence, debido as particularidades dos emigrados e non emigrados introducidas na casa, inda así podemos recoñecer a casa rupturista como tipo das casas contemporáneas de Vilar de Donas. A pesar de que as casas de planta baixa non se encadran en ningún dos tipos recoñecidos, si podemos entrever moitas das características das casas rupturistas nelas. De igual modo que nas casas tradicionais, a mostra non é o suficientemente ampla para determinar un tipo.

Conclúese que o programa funcional na casa rural vaise facendo mais complexo a medida que nos acercamos á actualidade. Debido principalmente a persecución de dous conceptos: a hixiene e a intimidade. Os conceptos hixienistas provocaran a extracción dos animais da casa e a introdución do cuarto de baño, así como o cambio da cociña de lareira pola cociña de leña.

Os conceptos de intimidade levaron a división do espazo, en primeiro lugar afectou os cuartos. O sobrado divídese en tres ou catro cuartos dependo da superficie da casa, como consecuencia destas divisións apareceu o corredor como elemento de transición de uns espazos a outros.

Unha vez alcanzados estes obxectivos, a hixiene e a intimidade, buscase unha especialización do espazo para situar na casa espazos con usos moi determinados, que anteriormente carecían de un espazo propio, tales como o comedor e a salita. Ó mesmo tempo, transfórmanse as cortes para acoller a despensas, rochos, bodegas, etc.. en xeral, espazos de almacenaxe.

Paralelamente as alteracións nas casas tradicionais constrúense as casas contemporáneas, e a distribución espacial seguira este mesma liña.

Tendo en conta este procesos, podemos dicir que a cociña continua a ser a peza principal na arquitectura rural de Vilar de Donas, representada polo punto "quente", a cociña de leña, onde se reúnen ó redor dela os moradores en todo tipo de ocasións.

O comedor é unha peza de grandes dimensións, que ten un uso restrinxido para ocasión especiais; os corredores aparecen ó dividirse as estancias nas casas tradicionais e son elementos distribuidores na casa contemporáneas. As dimensión dos cuartos son maiores a medida que nos acercamos as épocas mais recentes e observase unha racionalidade a hora de construír os cuartos de baño.

Podemos identificar na transformación da arquitectura doméstica dende os anos 60, tres procesos de transformación relacionados con tres etapas:

A primeira etapa comprende dende os anos 60 ata mediados dos 80; as alteracións que se producen na casa rural son moi abruptas, tratando de ocultar as características da casa tradicional, diferenciándose o máximo posible da imaxe da casa vernácula, mediante o emprego de formigón e do cemento de maneiras moi agresivas. O abandono das casas tradicionais polas casas contemporáneas é reflexo do afastamento do mundo e da cultura tradicional.

Estas transformación prodúcense tanto no sistema construtivo como nos elementos construtivos, entre outras actuacións podemos citar a retirada dos cachotes polo interior, recebos en cemento por veces sen dar llano nas paredes exteriores, substitución das escaleiras, forxados e armazón de cobertura en madeira por estruturas en formigón armado; así como o cambio das carpinterías de madeira por carpinterías en aluminio. Nesta etapa tamén se mudan a cociña de lareira pola de leña e como consecuencia constrúense e modifícanse as chemineas.

Na segunda etapa dende os mediados dos 80 ata o século XXI, é unha etapa mais moderada onde se busca o conforto interior tratando de adaptarse as circunstancias, observase que as disonancias prodúcense mais por descoñecemento que por intención. Os promotores modifican as súas casas cos materiais que teñen mais cércanos, os que venden nos locais comerciais da súa vila e repiten as actuacións que mais se fan noutros lugares ou que incluso, os profesionais locais/vendedores lles aconsellan como: a elección do PVC para as carpinterías; o uso de placas de formigón para as soleiras o encintado das xuntas dos cachotes nas paredes exteriores; así como o uso de recebos en cemento pintado nas paredes interiores, o ladrillo como material de construcción nas ampliacións. Soen utilizar os mesmos materiais, con os mesmos tratamentos que nas casas contemporáneas. A inexistencia de lexislación na arquitectura rural permitía a liberdade de calquera tipo de actuación no territorio.

Nunha terceira etapa no século XXI, as transformación tratan de ser mais equilibradas e respectounas co existente, inda que estas actuación son moi leves, en moitos casos afectan o exterior e non o interior. Producido por un cambio na percepción da arquitectura debido a proliferación da rehabilitación de casas rurais orientadas cara o turismo nos anos 90 e a unha industria que dispensa materiais menos agresivos ou equivalentes sen ter que

recorrer ó cemento. Podemos apreciar isto, no encintado de argamasas hidráulicas e no uso de cartón xeso para tabiques interiores ou revestimentos en madeira no interior. Ademais, o proceso de construcción de vivendas contemporáneos estáncanse.

Estes tres procesos veñen como consecuencia dun incontrolado proceso industrializado que se plasmaran: cunha precipitada alteración dos espazos arquitectónicos tradicionais, a estandarización dos materiais e a introdución de materiais novos.

A transformación do medio e do sistema produtivo afectará a unha transcendental crise dos valores tradicionais, sendo a emigración determinante para acadar esta situación.

O limitado coñecemento das tecnoloxías industriais aplicadas a autoconstrucción, tanto nas vivendas contemporáneas coma nas transformación da casa tradicional, unido a unha escasa capacidade económica levaran a devastadoras actuacións, que identificamos ó longo de este traballo como elementos disonantes.

Ademais esta situación é agravada pola reintegración dos emigrados que retornan a súa aldea natal, e ven na casa tradicional o reflexo da miseria e a situación que os levou a emigrar, polo que apoiados polo desenrolo das tecnoloxías industriais, novos materiais e un ascenso económico froito da estadía noutros lugares van implantando modelos alleos, por veces con formas traídas dos países onde estiveron emigrados, chegando a un punto onde os autóctonos recoñecen estes modelos como propios e os repiten.

Neste traballo identificamos os elementos disonantes introducidos polos procesos de transformación da arquitectura rural da aldea de Vilar de Donas, polo que aportamos elementos necesarios para unha eventual rehabilitación das casas e da propia aldea, incluso con pretensión de que se poidan contribuír para a salvagarda de outros lugares.

Concluímos que os elementos disonantes teñen tres orixes: en primeiro lugar, están os elementos disonantes provocados pola alteración da casa tradicional; en segundo lugar, o provén dunha cultura construtiva asociada a casa contemporánea  e en terceiro lugar, de actuacións que se realizan na envolvente das casas e rompen a imaxe de conxunto da aldea.

As conclusión extraídas indican os procesos de transformación da arquitectura doméstica, ademais identifícanse as características e os elementos disonantes das casas de Vilar de Donas polo que se dan respostas ao segundo obxectivo e o terceiro.

A finalidade deste traballo é inverter o proceso de descaracterización da aldea de Vilar de Donas, para isto establécense uns principios a rehabilitación das casas tradicionais, así como para as casas contemporáneas e para a súa envolvente.

**Principios para a rehabilitación da casa tradicional:**

- Evitar a retirada non xustificada de cachotes nos muros exteriores.

  Esta transformación contempla a tanto as capacidades mecánicas como térmicas diminuíndo o confort.
- Indicar a utilización de morteiros de cal hidráulica para o encintado e os recebos.

  Estes morteiros favorecen a estanquidade tanto nas xuntas dos cachotes como para recebar as fachadas, debido a que favorecen a estanquidade, ademais der ser mais respectuoso có existente.
- Retornar os muros de cachotería o seu estado orixinal.

  Para isto, habería que retirar os recebos e recebos realizados en cemento nos muros de cachotería. Este proceso é laborioso porque o picar o cemento os cachotes parten pola forte adherencia do cemento por iso, o cemento non é recomendable como argamasa nas construcción de pedra.
- Promover o uso da madeira tanto nos revestimentos como nos sistemas construtivos de forxados e coberturas.

  A madeira é un material moi versátil que aporta calidez, facilidade de reposición e de integración, ademais admite todo tipo de fixacións e non ten moita complexidade na posta en obra.
- Remover as placas de fibrocemento como subtella nas coberturas de tella.

  Este é un material pouco adecuado para as coberturas tradicionais porque os compoñentes do fibrocemento non son recomendables para a saúde, e ademais non permite respirar a casa. Polo que se deben optar por outros sistemas do estilo de colocar unha tela asfáltica sobre o armazón de madeira, sobre esta tela un material illante e subtella de placas vexetais e minerais baixo a tella. Este sistema tamén mellora o confort interior e incrementa a eficiencia enerxética.
- Recomendar o uso dos mesmo revestimentos nas chemineas que nas paredes exteriores.
- Evitar que sobresaín tubos da cheminea e diminuír a altura da chemineas cando están sobredimensionadas.

- Recomendar o uso de soleiras e o revestimentos das mesmas.
- Aconsellar que todas as alteracións a efectuar nas fachadas e coberturas deben ser obxecto de proxecto e respectar o trazado orixinal das casas…

**Principios para a rehabilitación da casa contemporánea e recomendacións para construción de novas vivendas:**

- Suxerir a utilización das formas tradicionais das cobertura.

  Reverter este proceso nas coberturas quebradas xa construídas entendese que é un proceso complexo e excesivamente caro, polo que debemos de asumir a disonancia e tratar de contrarrestala con outras actuacións. Entón, esta suxestión iría indicada cara futuras construccións.
- Incorporar a utilización de materiais naturais no sentido de mellorar as casas do punto de vista do confort e da estética. Tratando con estas intervencións de integrar estas construcción no entorno perseguindo unha mellora na calidade da casa e tamén que contribúa para favorecer a eficiencia enerxética da vivenda.
- Redefinir a funcionalidade das casas.

  Espazos polivalentes poden garantir un maior funcionamento da casa, coa finalidade de evitar estancias que apenas se usan, ademais de evitar espazos sen ningún tipo de uso que actualmente se observan nestas casas. A racionalidade dos espazos deber ser imprescindible nas futuras edificacións.
- Repensar a dimensión e localización dos ocos.

  Obsérvanse que tanto o tamaño como a localización dos ocos é inadecuada tanto para a iluminación como por a perda de enerxética derivada da súa posición inadecuada.
- Substituír os materiais nas carpinterías, especialmente nas portadas.

  O cambio de materiais nas carpinterías podería contribuír para unha maior integración deste "tipo" de casas co entorno.

**Principios para actuacións na envolvente das casas que axuden a rehabilitación integral da aldea:**

- Evitar a impermeabilización do solo na entrada da casa.

  Esta actuación levan a infiltracións nas paredes exteriores das vivendas por capilaridade sendo mais adecuado o uso de materiais porosos como grava.
- Aplicar as construcción adxectivas os mesmos tratamentos que nas casas tradicionais.

  Xa que tanto as construcción adxectivas como as casas tradicionais forman un conxunto único polo que deben ser tratados polo que son, inda que os seus usas sexas distintos.
- Contextualizar as construccións anexas.

  Deber haber maior racionalización na edificación dos anexos, así como no seu aspecto, forma e tamaño.
- Desaconsellase a utilización de cercados das parcelas.

  Estas intervención rompen a unidade da aldea, no caso de realizarse deberían tratar de elixir materiais mais naturais que se integren con o medio ou incluso recorrer a barreiras vexetais.

Para finalizar, unha vez realizados estes principios especificamente estamos respondendo último obxectivo. Para a extracción das conclusións recorreuse, por parte do autor, a un labor orixinal tanto no levantamento das casas, como inventariar as transicións e transformacións tanto das casas coma da aldea, ademais da reconstrución histórica do lugar o que nos levou a facer o primeira reconstrución espacial do Mosteiro de Vilar de Donas. Todo o traballo contido neste estudo contribúe para a valorización da aldea e das casas rurais galegas.

# Glosario

**Glosario**

**A**

**Adega:** Parte da casa, xeralmente subterránea, ou construción independente onde se garda o viño ou outras bebidas e, ás veces, tamén onde se fai, xeralmente, para o consumo persoal. / Establecemento onde se fabrica o viño.

**Agra:** Grande extensión de terra de cultivo dividida en leiras ou agros que pertencen a distintos donos.

**Aleiro:** Remate inferior do tellado que sobresae da parede. / Aba do tellado. Ala. Beiral. Beiril. Baidil. Beiberil. Beirado.

**Alpendre:** Construción rústica con paredes e tellado ou só con tellado, utilizada fundamentalmente para gardar o carro e os apeiros, leña, trastes e calquera tipo de ferramenta. / Alboio. Alpende. Cobertizo. Combarro. Cuberto. Chapinal. Chapinel. Chozo. Garaixe. Pallal. Pallote. Pallota. Paramia. Pendello. Sobeira. Tondal. Sobeira.

**Antepeito:** Muro ou armazón de madeira, ferro, ou outro material, á altura do peito, que se coloca como protección en balcóns, terrazas, nas beiras das pontes eta. / Varanda. Peitoril. Parapeito.

**Aparello:** Maneira en que se dispoñen as pedras e outros elementos dunha construción.

**Arca:** Caixa grande, xeralmente de madeira, destinada a gardar roupa e outros obxectos; vai cuberta cunha tapa plana ou abovedada, fixada por unhas das súas bandas con gonzos e bisagras.

**Armazón:** Conxunto de pezas unidas, que constitúe a parte ríxida sobre a que se arma ou monta algo. / Armadura. Carcasa. Esqueleto. Estrutura.

**Artesa:** Recipiente grande de madeira, xeralmente con catro patas e tampa, máis estreito no fondo que por arriba, no que se amasa o pan. / Amasadeira. / Maceira. / Maseira.

**Arxila:** Tipo de rocha branda formada por sedimentación, de diversas cores e texturas segundo as variedades, que se desfai con facilidade e que, mesturada con auga, forma unha pasta que endurece ao cocela. / Barro.

**Asento:** Calquera obxecto ou superficie que se pode utilizar para sentarse. / Sentadoiro.

**Autarquía:** Política dun Estado que intenta bastarse cos seus propios recursos. Organización e política económica dun Estado que pretende autoabastecerse coa produción nacional evitando as importacións.

**B**

**Baixo:** Piso terreo da casa-vivenda que ten dous ou máis andares.

**Baixocuberta:** Calquera tipo de espazo situado baixo a cuberta dunha casa vivenda. / Faio. Faiado. Sobrado.

**Balaustrada:** Gradicela.

**Balcón:** Conxunto derivado da apertura de un oco no muro exterior dunha edificación, composto de un piso prolongación do soallo do andar e un antepeito.

**Burato:** Abertura nunha parede ou en calquera outro sitio. / Buraco.

**Barra.** Especie de sobrado ou piso pequeno de madeira que se sitúa sobre as cortes, usado par durmir ou garda-la palla e a herba para dar de comer o gando. / Parreiro. // Faiado dalgunhas casas-vivenda onde se gardan provisións para consumo da unidade familiar (patacas, froitas, eta.).

**Burro:** Aparello xiratorio composto de dous madeiros que forman un ángulo recto e que se utiliza para erguer a moa do muíño, soportar a gramalleira eta. / Andante. Angarela. Asnelo. Guindastre.

**Batente:** Parte do marco dunha porta ou fiestra onde baten as follas cando se pechan. / Folla dunha porta ou fiestra que consta de dúas partes.

**Bufarda:** Pequena abertura practicada nos muros para dar luz e ventilación ó interior dunha dependencia destinada a corte, adega, cuarto, faiado, etc. / Bufarra. Bufarro. Burata. Buraca. Fachal. Fachinal. Fachinel. Fachinela. Mainelo. Respiradoiro. Trapeira. Ventano. Ventanuxa. / Fiestra cuberta a dúas augas que sobresal da vertente do tellado dunha casa-vivenda co seu cumio perpendicular ó dela. / Lucerna. Mainel.

**Bufete:** Mesa de escritorio con caixóns.

**C**

**Cachote:** Anaco de pedra sen labrar, de forma irregular e de tamaño variado, que se emprega para face-los muros dos edificios e dos valados.

**Cachotería:** A fábrica é feita con cachotes aparellados de forma irregular nos muros dunha edificación. O muro faise con cachotes que se aseguran con anacos de pedra pequenos chamados rachas; cando os cachotes son alongados póñense atravesando o grosor do muro recibindo o nome de xuntoiros; se foren moi grosos como para poder facer sillar chamanse forras. As fabricas poden ir en seco ou con argamasa (barro, sábrego ou

cemento) para lle dar ó cachote maior consistencia. Tamén se poden rematar cun encintado.

**Caldeiro dos porcos.** Recipiente de cobre, normalmente embutido nunha parede, elevado do chan. Entre o recipiente e o chan, hai un buraco onde se fai lume para quentalo. Usase para quentarlle a comida os porcos, auga mesturada con fariña e algunha que outra verdura, patacas, nabizas, etc segundo a dispoñibilidade de alimento que tivera a casa

**Canizo:** Armazón formada con listóns delgados e madeira ou vimbios entretecidos, que se coloca a unha certa altura sobre a pedra do fogar onde se afuman ou secan algúns produtos como castañas, chourizos, etc. / Caínzo. Caízo. Caniceira. Canizal.

**Casal:** Casa illada no medio rural, onde viven os que coidan dalgunha facenda contigua que esta moi preto. / Casar. Casarío.

**Cascallo:** Pedras miúdas que se atopan no leito dos ríos e outros lugares; tamén pedriñas que saltan cando se labran as pedras. // Mestura de area grosa con pedra. / Cachote. Entullo. Pedregallo.

**Celeiro:** Local dividido en varias dependencias onde se gardan os produtos agrícolas ou cousas caseiras. / Cova, adega onde se gardan as provisións comestibles. / Dependencia que fai de graneiro grande onde se gardan os cereais da colleita. / Cileiro. Palleira. Tulla. // Pequena casa-vivenda terrea en que vive unha persoa pobre. / Zoleiro. Zuleiro.

**Cintar:** Unir ou encher con argamasa, xeso ou outro material axeitado, as xuntas de un paramento. / Encintar.

**Colmo:** Palla escollida de centeo ou de trigo, usada para cuberta de palleiros ou de certas construcións rústicas, coma a palloza. / Cuberta feita con esta palla.

**Concesionarios:** Persoas as que se lles cedía unha terra. A concesión temporal comezou por facerse en vida do concesionario, e logo permitise a transmisión ata tres xeracións. A concesión fíxose para un prazo fixo determinado; despois, estipulouse un pago e un censo; e, o introducirse a carta de petición (*epistula precaria*), converteuse nun arrendamento ou cesión remunerada, pero sen carácter consensual.

**Contra:** Folla ou postigo de madeira que vai nas fiestras para pechalas, xeralmente polo interior, cando non se quere que entre a luz. / Contraventá. Contravento. Contravidraza.

**Corredoira:** Camiño de certa anchura que permite o paso do carro. / Camiño de carro. Congostra. Verea.

**Corte:** Dependencia onde se garda o gando, tradicionalmente situada na parte baixa da casa-vivenda. / Curral. Estábulo. Estravariza. Vacariza.

**Cortello:** Corte pequena, especialmente a dos porcos e xatos. / Lugar sucio e desordenado.

**Cuarto:** Peza dunha casa onde se dorme. / Dormitorio. Alcoba. Apousento. Cámara. / Cada un dos compartimentos en que se divide unha casa, normalmente non se inclúen a cociña, o baño e o corredor. / Dependencia. Estancia.

**Cuberta:** Parte exterior da teitume dun edificio. / Tellado. / Estrutura ou armazón que sustenta o teitume dun edificio. / Armadura.

**Cume:** Parte máis elevada dun tellado, onde se xuntan as vertentes. / Trabe central e máis alta dun tellado con dúas vertentes.

**Cunqueiro:** Moble ou andel situado na cociña para gardar a louza ou para que escorra, particularmente as cuncas. / Alzadeiro. Barcadeiro. Louceiro.

**Curral:** Espazo situado preto ou a carón da casa labrega, descuberto e xeralmente valado, onde se ceiban certos animais domésticos, se gardan os apeiros ou o carro, a leña ou o toxo, eta.

**Curro:** Curral, xeralmente de pequenas dimensións.

**Cuberta crebada ou quebrada**: Cuberta en mansarda

**CH**

**Chanto:** Lousa ou pedra grande de pouco grosor, que se chanta na terra para cercar un lugar.

**Cheminea:** Conducto prismático a continuación da cambota, para dar saída o fume procedente do lar ao exterior. / Chaminea.

**Chineiro:** Moble de dous corpos, o superior con portas de cristal, onde se garda a louza e os demais utensilios para o servizo da mesa.

**D**

**Despensa:** Moble ou lugar da casa onde se gardan as cousas comestibles.

**Devesa:** Terreo extenso, poboado de árbores non moi mestas, normalmente valado ou cercado.

**E**

**Eira:** Sitio chan próximo á casa, feito de terra firme ou de pedra, onde se mallan os cereais, se botan a secar os legumes eta. / Aira.

**Encachado:** Solo empedrado de cachotes ou morrillo. / Enlousado. Enlastrado.

**Encalar:** Cubrir ou pintar con cal.

**Encintado:** Argamasa feita con cal e sábrego que se emprega para cubrir as xuntas dunha parede ou do chan.

**Enlousar:** Pavimenta-lo chan con lousas axustadas unhas a outras. / Tellar con lousa. / Lousar.

**Escano:** Banco que ten respaldo é un asento que serve de tampa a unha especie de caixa formada por este moble, e que pode ter unha táboa móbil utilizada como mesa.

**Esterco:** Conxunto de materias orgánicas como excrementos dos animais mesturados coa palla, toxo eta., que se saca das cortes ou o argazo podre que se lle bota á terra para que sexa máis fértil. / Cuito. Fertilizante.

**Estrume:** Vexetación propia do monte como toxos, queiroas, fentos, herba etc., que se aproveita principalmente para estrar a corte. / Valume. Esquilmo.

**F**

**Facenda:** Conxunto de animais que son propiedade dunha familia. / Conxunto de bens ou riquezas dunha persoa.

**Faio:** Parte máis alta da casa, inmediatamente debaixo do tellado.

**Faldrón:** Vertente triangular dun tellado.

**Fanega:** Medida de capacidade para grans, legumes, sementes etc., de valor moi variable segundo os lugares, e segundo o que se mida, que corresponde habitualmente a catro ou cinco ferrados ou tegas. / Medida de superficie cun valor que oscila, segundo os lugares entre os catro e os seis ferrados.

**Fenda:** Abertura ou separación alongada e de anchura uniforme na superficie dunha cousa, que non chega a separala totalmente. / Brecha. Fendedura. Fisura. Grecha. Quebra. Laña. Físgoa.

**Fiestra:** Abertura na parede para deixar entrar o aire e a luz, xeralmente cerrada con vidros. / Peza que cerra esa abertura e que está formada por vidros suxeitos por un marco de madeira ou doutro material.

**Fogar:** Lugar da cociña, da casa, dunha caldeira eta. onde se fai o lume.

**Foro:** Contrato esencialmente agrario de longa duración ou mesmo perpetuo, polo cal unha persoa ou institución lle cede a outra o uso dun ben a cambio dunha renda e cunhas condicións estipuladas. / Canon ou mercadoría con que se pagaba anualmente ese arrendamento.

**Forno:** Construción dentro da que se producen altas temperaturas, utilizada para cocer, asar etc., alimentos, ou para desecar, cocer, fundir e transformar certas materias

**Fumeiro:** Estrutura de paus ou táboas con canas, varas ou vimbios entretecidos, de forma xeralmente rectangular e de tamaño variable, que se coloca na cambota como soporte para curar ou secar chourizos, castañas etc. / Canizo.

**G**

**Galería:** Espazo interior sostido por columnas, unhas veces con vidreiras nun dos lados ou nos dous. / Corredor cerrado con vidreiras, que dá ao exterior da casa e sobresae ás veces do muro. / Solaina.

**Gando:** Conxunto de animais mansos de catro patas como vacas, bois, cabalos, porcos, ovellas etc. que se crían xuntos para a súa explotación.

**Gradicela:** Reixa feita con barrotes de ferro ou madeira.

**Gramalleira:** Cadea que pendura dunha viga ou elemento similar situado no alto da lareira, cun gancho na parte inferior para suxeitar o pote sobre o lume.

**Guindastre:** Aparello de madeira formado por un eixe vertical e un pau perpendicular a el usado na cociña para pendurar a gramalleira e no muíño para levantar as pedras, coa axuda dun fuso.

**H**

**Hórreo:** Construción rural, de forma xeralmente rectangular, feita sobre columnas e con moitas aberturas nas paredes para facilitar a ventilación, que se utiliza fundamentalmente para gardar o millo e outros produtos agrícolas. / Cabaceira. Cabaceiro. Cabaz. Cabazo. Calostra. Piorno.

**Horta:** Terreo de pouca extensión onde se cultivan fundamentalmente verduras, legumes e hortalizas, e tamén, nalgúns casos, árbores froiteiras.

**Hucha:** Caixa grande de madeira e con tampa para gardar a roupa, o gran, o pan.

**L**

**Lacena:** Oco aberto na parede, con portas e estantes, onde se gardaban as cousas nas cociñas tradicionais. / Parte dun moble de cociña ou do mobiliario fixo desta, con portas e

estantes interiores, onde se gardan comestibles, cazolas, louza etc. / Lacea. Alacea. Alacena. Cousela.

**Lar:** Lugar onde se fai o lume, na cociña rústica

**Lareira:** Pedra plana situada a pouca altura do chan, onde se fai o lume para cociñar, nas casas tradicionais, e sobre a que adoita ir colocada unha cambota.

**Lavadoiro:** Lugar ou pía onde se lava a roupa

**Leñeira:** Lugar destinado para garda-la leña. / No forno do pan, anllar ou unllar.

**Lousa:** Rocha de orixe metamórfica ou sedimentaria de cor gris ou negra, que se divide facilmente en láminas. / Peza deste material, plana e delgada, que se utiliza para distintos usos.

**Lousado:** Cuberta superior dunha casa ou construción semellante, formada por unha estrutura de trabes, e recuberta con lousas

**Lousar:** Cubrir con lousas o tellado. Pavimentar con lousas

**Lumieira:** Peza horizontal, xeralmente de pedra ou madeira, que limita pola parte superior o oco dunha porta ou ventá. / Pequena ventá aberta no teito para dar claridade e ventilar.

**M**

**Manda:** Legado de un testamento.

**Marco:** Pedra cravada no chan que sinala os lindes dunha terra.

**Maseira:** Artesa grande usada para amasa-la fariña de face-lo pan. / Pía de pedra onde se lle bota a comida os porcos**.**

**Mesa de alzar**: Mesa levadiza propia das cociñas tradicionais, longa cun esteo fixado que fai de pé para que non ocupe sitio; unha vez usada érguese e adósase á parede. / mesa de levante.

**Moblaxe:** Conxunto de mobles que hai ou que se poden pór nun cuarto, nunha casa etc

**Muro:** Construción vertical de pedras, terróns e outros materiais, que se levanta para cerrar un espazo, para soster algo de modo que non caia etc. / Valo. Valado. / Obra vertical de cemento, ladrillo, pedra labrada e outros materiais, que se constrúe para soster o teito dun edificio, para separar un cuarto doutro etc. / Parede.

**O**

**Oco:** Espazo aberto ou cóncavo. / Buraco feito nunha superficie que se baleira.

**Outeiro:** Pequena elevación de terreo illada e de pouca extensión.

**P**

**Padieira:** Peza horizontal, xeralmente de pedra ou madeira, que limita pola parte superior a abertura dunha porta ou ventá

**Pallabarro:** Mestura de palla e barro empregada antigamente na construción.

**Palleira:** Lugar onde se garda a herba seca ou a palla, e tamén os apeiros e o carro.

**Palleiro:** Morea de palla ou de herba seca en forma de cono, que se fai na eira de tal xeito que non se molle coas chuvias.

**Pasadoiro:** Cada unha das pedras que se colocan en fila nunha corrente de auga, para podela atravesar a pé. Pequena abertura que se fai nun valado ou muro, que pode ter pasos ou non, para pasar o gando, o carro ou as persoas.

**Pasamáns:** Barra que se pon ao longo dunha escaleira para apoiar as mans ao subir ou baixar

**Patamal:** Pequena terraza en que remata a escaleira exterior dunha casa, e que dá acceso ao sobrado ou á vivenda

**Patín:** Pequena terraza en que remata a escaleira exterior dunha casa, e que dá acceso ao sobrado ou á vivenda

**Peitoril:** Parede que pecha a parte inferior dunha ventá. / Antepeito.

**Peñoramento:** Dar algo en prenda.

**Perpiaño:** Pedra de granito de forma rectangular, con seis caras sen picar, que se utiliza na construción.

**Petrucio**: Patrucio. O petrucio era o xefe da casa e do núcleo da casa.

**Pía:** Recipiente cóncavo de pedra ou doutro material, para conter líquidos, de diversas formas e tamaños segundo o uso que se lle dá

**Piar:** Cada un dos apoios verticais que sosteñen un edificio.

**Pilastra:** Columna cuadrangular.

**Pilón:** Deposito de pedra rectangular onde se almacena auga para o lavadoiro.

**Planta:** Cada unha das partes en que se divide horizontalmente unha construción.

**Poleiro:** Parte dese lugar formada normalmente por varios paus horizontais colocados a certa altura do chan, onde dormen estas aves.

**Portada:** Porta grande que xeralmente pecha a entrada do curral.

**Prestimonio:** O prestimonio non se efectuaba a cambio de un pago, senón de uns servizos. *Prestimonio ou prestamum*, palabra procedente do latín *prestare* ou dar algo en proveito de alguén, pero sen carácter xurídico do préstamo.

**R**

**Recebar:** Revestir cunha mestura de cal e area (argamasa) unha parede.

**Recebo:** Capa final de cal e area ou xeso, que se aplica para alisar paredes e teitos.

**Rehabilitación:** Acción de devolver un edificio as súas condicións construtivas, de habilidade e estéticas.

**Rodapé:** Franxa na parte inferior dunha parede que está pintada dunha cor distinta a esta ou feita doutro material.

**Roupeiro:** Moble grande para gardar roupa, con caixóns, estantes e barras para colgar perchas, e xeralmente cerrado con portas. / gardarroupa. / armario.

**Rocho:** Lugar ou cuarto pequeno onde se gardan trastes, ferramentas, etc.

**Rueiro:** Grupo de casas que forman un conxunto separado das outras do lugar ou da vila. / Praza ou terreo común no centro da aldea. / Terreo ao redor da casa labrega no que están o hórreo, os alpendres, a horta etc.

**S**

**Sillar:** Perpiaño.

**Sillería:** Fabrica de muros formada por bloques de pedra de granito, xeralmente de boas dimensións, coidadosamente labrada e colocada en fiadas de xuntas finas.

**Sobrado:** Planta alta dunha vivenda de só dúas plantas, en particular cando o piso é de madeira. / Sollado.

**Solaina:** Corredor ou balcón exterior, con varanda ou galería, orientado de xeito que lle dá o sol gran parte do día

**Soleira:** Peza de pedra ou doutro material colocada na parte inferior do oco dunha porta ou ventá.

**Sollado:** Piso de madeira.

**Soportal:** Espazo cuberto á entrada dun edificio, que se forma sostendo a parte dianteira do mesmo con columnas ou piares.

**Sumidoiro:** Conduto, xeralmente subterráneo, polo que se evacúan as augas da chuvia e as procedentes de residuos das vivendas, da industria etc. / Latrina.

**T**

**Tabique:** Parede de pouco grosor que non soporta carga, coa que se divide en pezas o interior dunha casa, nave etc.

**Taboado:** Tabique de madeira. / Piso plano de táboas. Armazón de táboas. / Andamiaxe. / Piso. / Estrado. / Palenque.

**Tabuco:** Apousento pequeno.

**Taboleiro:** Plataforma de madeira en que manipulan barro os oleiros.

**Tallo:** Banco pequeno rústico para o asento de unha persoa/ Banqueta. Meso. Tabolete**.**

**Teito:** Cuberta de unha edificación. / Parte alta dun cuarto. / Teitume.

**Tella do país:** Peza troncocónica de barro cocido, en forma de canle, coa que se cobren os tellados nas zonas onde non hai xisto.

